

Fronte unido entre Gobierno, Xunta e sindicatos ante a proposta de Alcoa

Unha rebaixa das esixencias de Alcoa para a venda abriu unha nova liña de traballo para desbloquear o proceso, o que trouxo consigo un prazo máis longo de paz social e unha unificación de criterios entre Gobierno, Xunta, sindicatos e traballadores. Deste xeito, comezaron as reunións entre eles para formar un fronte unido ante a multinacional americana. As primeiras impresións son boas aínda que poucas noticias trascenden desas xuntanzas nas que o comité de empresa quere deixar claro o compromiso da intermediación do Gobierno, xa sexa a través da SEPI ou doutro xeito. **Pax. 2**

Volta ás aulas con polémica

O comezo do curso escolar, con máscara e grupos burbulla, non convence xa que implica un novo recorte de profesores e concentración de alumnos



Houbo que esperar ata final de agosto para que a Xunta fíxese públicas as normativas que se ían seguir este curso, o segundo trala covid. Unha vez consultadas por centros e sindicatos, non hai moita conformidade coas mesmas xa que os sindicatos aseguran que se volve facer un aumento de ratio de alumnos por profesor o que provoca un descenso de docentes. Os rapaces volverán ás aulas seguindo un protocolo con poucos cambios respecto ao ano pasado, co uso obrigado de máscara e de mantemento de distancia. Volverán tamén as clases burbulla e os horarios escalonados. **Pax. 6-7**

a mariña. Falamos con Fran Cajoto, presidente da Mancomunidade. **Pax. 4**

foz. Medio millón de euros para urbanizar a rúa Costa do Castro. **Pax. 8**

viveiro. Chegan os sábados de contos no mes de setembro. **Pax. 11**

burela. Os nenos involúcranse no coidado do medio ambiente. **Pax. 10**

xove. O Concello xa é propietario da capela de San Tirso de Portocelo. **Pax. 20**

mondoñedo. Novo centro de interpretación de José Barro. **Pax. 23**

mar. Entrevista ao presidente da asociación A Ribeira de Foz. **Pax. 30**

Concerto no faro de San Cibrao



Estarán Mikel Erentxun, Yoly Saa e Russinha. **Pax. 16**

Finalmente habrá Festa dos Choferes



A cita alfocega será o 3, 4 e 5 de setembro. **Pax. 21**

Volven a artesanía e as antigüidades



A Pontenova recupera varias celebracións. **Pax. 24**

A Deputación ten executado o 75% do plan Ilumin@

A Deputación rematou a execución de case o 75% do Plan Ilumin@, un programa dotado con 723.000€ co que a institución axuda aos concellos da provincia a aforrar custes enerxéticos. Do total do in-

vestimento, o 80% son fondos europeos que a Deputación conseguiu a través do IDAE (Instituto para a Diversificación e o Aforro da Enerxía), dependente do Ministerio de Transición Ecolóxica. **Pax. 29**

Poñémoste a 1.000

Fibra GRATIS ata 2022

Chama gratis ao **900 651 679**
www.adamo.es

Promoción válida para contratacións web ou por teléfono

FIBRA 1.000 Mb GRATIS

MÓBIL 25 GB

8€ Chamadas ilimitadas

3 meses GRATIS NETFLIX

adamo
Fibra · Móbil · Fixo

Gana 40€ por cada amigo ao que lle recomendes a fibra máis rápida

<https://adamo.es/conectandoamigos>

2 amigos 80€ **5 amigos 200€**

Oferta válida exclusivamente para novos clientes que non contrataran Adamo nos últimos 3 meses e que contraten entre o 24/08/2021 e o 18/11/2021, ambos incluídos. Non se pode combinar con outras promocións. Internet FASTI + MÓBIL ilimitado 25GB cunha promoción, durante os primeiros 4 meses, 10 pagadas 80€/mes, despois 10€/mes. Ademais, temos 3 meses de Netflix básico. O agasallo enviarase despois de segunda factura pagada. Prezo final con IVE e cotización de tarifa incluídos. Promoción suxeita a permanencia dos servizos de Adamo durante 12 meses. Cota de activación 12.10€ (IVE incluído) que inclúe a instalación dun router premium. No caso de que un cliente solicite a cancelación do servizo e se deuse de baixa antes dos 12 meses, terá un recargo da parte proporcional de 165,35 € (IVE incluído) en concepto de permanencia.

A MARIÑA

Tres concellos reciben unha axuda de apoio á reserva da biosfera



Un dos puntos de protección ambiental

Tres concellos da Mariña, Ribadeo, Trabada e Alfoz, recibirán axudas como apoio nas tarefas de conservación, recuperación e rehabilitación do patrimonio natural e cultural e á sensibilización ecolóxica na súa reserva da biosfera, Río Eo, Oscos e Terras de Burón nos dous primeiros casos, e Terras do Miño, no terceiro.

O Diario Oficial de Galicia publicou a resolución cos resultados da terceira convocatoria deste programa de axudas, a de 2021, que no conxunto das seis reservas declaradas na Comunidade se resume na concesión de 27 axudas a outros tantos concellos, por un importe de case 600.000 euros.

Un total de 13 deses municipios teñen parte do seu territorio nunha das tres reservas da biosfera lucenses e beneficiaranse dunha subven-

ción para enriquecer as condicións medioambientais e paisaxísticas

Un total de cinco dos municipios que conforman a parte galega da reserva Río Eo, Oscos e Terras do Burón, xa que comparte terreos co Principado de Asturias, recibirán outras tantas subvencións, cun importe global de 77.888 euros. Os beneficiarios son, na Mariña, Trabada e Ribadeo. No primeiro caso recibirá 14.950 euros para a realización dun estudo sobre o seguimento e estado de conservación das especies de flora e fauna. En Ribadeo, a contía, 4.447,51 euros irá para a mellora ambiental das praias. Finalmente, dentro da Reserva Terras do Miño, Alfoz recibirá 25.665 euros para a mellora e adecuación da casa-escola do Pereiro como centro de interpretación da natureza.

O comité de Alcoa presenta unha contraoferta para a venda

O comité de empresa de Alcoa San Cibrao presentou unha contraproposta para desbloquear a venda da factoría, que trasladaron á multinacional americana.

Esta contraproposta tamén foi remitida ao Goberno central e á Xunta de Galicia como paso previo ás reunións que están a manter co obxectivo de ofrecer unha fronte unida para “solucionar ou estancamento desta venda” e poder continuar coas negociacións.

Durante este tempo que duren as negociacións o comité de empresa xa avanzara, de común acordo cos traballadores, que manterá a paz social.

De feito, pouco transcendeu das últimas reunións entre sindicatos, Goberno, Xunta e comité de empresa, que manteñen a reserva sobre o que acontece para lograr unificar criterios ante Alcoa.

De feito, o feito de que a SEPI sexa a intermediaria na venda, unha esixencia dos traballadores, xa foi rebaixada polo comité, que “Alcoa ten que ter intención de vender e o Goberno a intención de intervir no proceso xa sexa a través da SEPI ou doutra ferramenta”, dixo.

Tampouco hai conclusión aínda sobre as empresas que optan á compra e que presentaron as súas ofertas xa que primeiro hai que “solucionar o proceso de bloqueo da venda”.

De feito, Alcoa, trala reunión da ministra en Pittsburgh, retirou a esixencia de ter que facer a venda a través da SEPI pedindo pola contra un abaratamento do prezo da enerxía nun prazo dun ano para poder abordar



despois a venda directa.

Para lograr abaratar a factura da luz, Alcoa pide traballar co Goberno, a Xunta e cun ou máis eléctricas para que a planta de San Cibrao poida abastecerse de enerxías renovables en xaneiro de 2023 a un prezo competitivo.

XULGADOS. Con respecto á decisión do Supremo sobre recurso interposto por Alcoa contra a anulación do expediente de regulación de emprego na fábrica, os membros do comité aseguran que “o ideal sería pechar ou acordo antes desa data”. “Se Alcoa vende a empresa antes do 20 de outubro non fará falta que retire ou recurso. Temos que ter unha saída antes, un acordo para que ese 20 de outubro non sexa a data que impida chegar a ningún

lado”, advirten.

CAMBIO DE TURNOS. O comité de empresa de Alcoa San Cibrao esixiu á dirección da planta de aluminio que permita cambios de quenda para “mellorar o clima de traballo, fortemente golpeado polo pico de absentismo que sofre o persoal a raíz do sobre esforzo realizado desde fai máis dun ano”.

Segundo indican, o comité foi convocado para a despedida do xefe de planta, Jesús Maroño, onde tamén foi presentado o seu substituto, Joaquín Fernández. Ao finalizar a mesma, o comité solicitou unha reunión con carácter urxente para tratar especificamente o tema dos cambios de quenda, dado que “se están denegando salvo por conciliación”, segundo a propia empresa.

¡VUELTA AL COLE!

Promoción especial en dormitorios juveniles, escritorios, sillas de estudio...

RIBADEO
Rúa San Francisco, 2-4 Bajo 6 - Tel.: 636 761 883

BARREIROS
Pol. Industrial Cruz do Lobo, Nave 10
Tels.: 982 585 709 / 652 110 377

BURELA
C/ Curros Enríquez, 12 - Tel.: 660 402 954

O obradoiro Territorio Vivo de Barreiros e Ribadeo ten 16 mozos

Presentouse o obradoiro de emprego Territorio Vivo no que participarán 16 mozas e mozos menores de 30 anos de Barreiros e de Ribadeo durante un ano. No mesmo vanse impartir dúas especialidades: Operacións de gravación e tratamento de datos e documentos e Interpretación e educación ambiental.

Neste obradoiro impartiranse dúas especialidades: Operacións de gravación e tratamento de datos e documentos e Interpretación e educación ambiental. Trátase dunha programación formativa integrada dirixida a obtención dun certificado de profesionalidade. Isto permitirá que o rematar a súa participación no obradoiro, os participantes estean en condicións de incorporarse ao mercado laboral.

O obxectivo principal que se quere conseguir é artellar un proxecto de



Ana Ermida, alcaldesa de Barreiros

xestión integral do patrimonio documental e natural que ámbolos dous concellos posúen, levando a cabo varias actuacións. O alumnado de gravación de datos seguirá coa organización, clasificación e descrición da documentación dos arquivos municipais, elaborarán un tesouro da serie documental Libros de actas e asociado a este, crearán unha ferr-

menta de busca avanzada mediante descritores que permitirá realizar buscas por palabras clave dende a páxina web do arquivo, realizarán actividades de difusión do patrimonio documental: exposicións, visitas guiadas, etc, coa finalidade de concienciar á cidadanía e á sociedade en xeral sobre a importancia e o servizo que prestan os citados arquivos.

O alumnado de Interpretación e educación ambiental realizará visitas guiadas interpretadas a espazos naturais cun valor xeolóxico e medioambiental excepcional, encargaranse da programación e execución de talleres de educación ambiental para fomentar o uso racional dos recursos e o desenvolvemento sostible e implementarán estratexias innovadoras co uso das TICs coa creación dun centro de interpretación virtual do patrimonio.

Lugauto estará este mes no Salón do Automóbil de Lugo

Lugauto Participará no Salón do Automóbil de Lugo que se celebrará entre os días 17 e 19 de setembro no Pazo de Feiras e Congresos de Lugo. Para o evento Lugauto levará unha ampla representación de toda a gama actual de BMW, desde os últimos modelos da Serie 4 Coupe e Serie 2 Gran Coupe ata o novo BMW iX3, a versión 100% eléctrica do BMW X3 que acaba de presentarse co novo facelift ao igual que a carrocería do BMW X4.

Para os días do Salón do Automóbil de Lugo, Lugauto ten preparadas unhas atractivas promocións, tanto de produto como de financiación.

O sector da práctica deportiva non federada busca alternativas


O sector da educación física e da práctica deportiva non federada reuniuse co BNG da Mariña para analizar a situación que están a vivir a raíz da pandemia do covid19. Asistiron tamén á reunión Gema Méndez, concelleira de deportes en Foz, o tenente de alcalde Francisco Xavier Fanego e o portavoz do BNG en Burela Mario Pillado que analizaron tamén como afecta a pandemia á actividade deportiva non federada nos concellos mariñaos.

Por parte do sector, ao que representaban na reunión Susana López Otero e mais Susana Doce, puxeron de manifesto que eles foron dos

mais perxudicados durante a pandemia e que en todo momento asumiron e acataron todas as normativas e regulamentos e que a pesares deso e tras un ano de pandemia o sector atópase nunha situación extrema.

Desde o BNG, Daniel Castro afirmou que "as medidas da Xunta van en dirección contraria á actitude das persoas profesionais da educación física e do deporte así como dos centros deportivos que en todo momento aceptaron todas as medidas de prevención e implementando medidas sanitarias cun grande esforzo económico".

A comarca supera lentamente a quinta vaga malia os gromos



A quinta vaga, coa vacinación xa moi avanzada, deixou claro que a covid non está superada e que a vacina ten unha función de eliminar os riscos da enfermidade pero non evita o contaxio. De feito, a nova variante, que se expande con gran rapidez foi a causante desta última vaga, que atopou na comarca un lugar fértil para chegar de novo a todos os rincóns. A provincia de Lugo non quedou allea a esta corrente e tivo que ver como asolaba de novo.

Os casos subiron rapidamente durante o verán aproveitando a relaxación das medidas e o tempo de ocio malia que a vacinación chegou a practicamente toda a poboación adolescente, que xa conta con algunha dose.

Tamén volveron as defuncións, practicamente reducidas á xente maior, case unha vintena ao mesmo tempo que aumentou a hospitalización aínda que agora, son a xente moza a que tivo que acudir

aos hospitais. Tamén volveron as restricións aos concellos. Os gromos detéctanse en diferentes lugares o que provoca un aumento de casos rápido e leva aos diferentes concellos a situarse en niveis de alerta. De feito, xa son quince os que están nos diferentes puntos, con Monforte en máxima. Onde mellor está a situación agora mesmo é na comarca da Mariña, que foi onde se iniciou esta quinta vaga e que non ten xa concellos en alerta.

Por outra banda, nos últimos cambios nas restricións, na hostalería no nivel máximo mantense pechado o interior e as terrazas estarán ao 50%. No nivel alto o interior mantense en 30% e nas terrazas amplíase ao 75%. No nivel medio mantense o interior ao 50% e as terrazas amplíanse ao 100%. No nivel baixo amplíase ao 75% en interior e mantense ao 100% nas terrazas. Amplíase tamén para o lecer nocturno.

Accelerar de 0 a 100 km/h en tan solo 3,5 segundos, es pura adrenalina. La **gama BMW M** te hará sentir pasión por la deportividad. Llegó la hora de llevar la competición a tu día a día con toda la tecnología que te ofrece. Un diseño refinado y el carácter más elegante convierte a la **gama BMW M** en el compañero adecuado para vivir la emoción de la carretera.

Lugauto
Ctra. Nueva de Santiago, km 2,1
Lousame, s/n
Tel: 982 24 40 61
Lugo
www.lugauto.concesionariobmw.es

BMW M3 Competition xDrive: WLTP: Consumo promedio: desde 10 hasta 10,2 l/100 km. Emisiones de CO₂: desde 228 hasta 234 g/km.
BMW M4 Competition Coupé xDrive: WLTP: Consumo promedio: desde 9,9 hasta 10,2 l/100 km. Emisiones de CO₂: desde 227 hasta 233 g/km.

“Cada vez somos un destino máis cotizado e máis demandado”

Fran Cajoto, presidente da Mancomunidade da Mariña e alcalde de Foz

O presidente da Mancomunidade de Concellos da Mariña Lucense, Fran Cajoto, falanos do recentemente aprobado Plan de Sostibilidade Turística da Mariña.

En que consiste o Plan?

O Plan de Sostibilidade Turística da Mariña pretende dinamizar o noso destino poñendo en valor o patrimonio da comarca e creando novos produtos turísticos para facelo máis atractivo. Trátase de incentivar o turismo fóra de tempada, apoiándonos nos puntos fortes que ten a comarca: natureza, gastronomía, tranquilidade, patrimonio. E por que non tamén, o propio clima. Estamos a ver como as temperaturas suaves durante todo o ano do Cantábrico son cada vez máis demandadas e é un efecto que vai ir a máis.

É un investimento moi forte para A Mariña?

É unha inversión moi importante, estamos a falar de 2,25 millóns de euros, dos cales 1 millón achégao a Secretaría de Estado de Turismo, 1 millón a Xunta de Galicia e os outros 225 mil euros os 16 concellos da Mariña, unidos a través da Mancomunidade

Foi consensuado polos 16 concellos?

Tanto as liñas do plan como a fórmula de financiamento foron aprobadas de forma unánime no pleno da Mancomunidade. Os contidos do plan foron consensuados cos concellos en distintas reunións de traballo, sempre co mesmo obxectivo: as accións que se levarán a cabo no plan están dirixidas a que beneficien ao conxunto da comarca e non só a un concello en concreto. Estamos a falar de que o destino turístico é a Mariña, non Cervo, Barreiros, Foz ou Ribadeo. Os visitantes acuden ao norte de Lugo, onde hai distintos atractivos: os límites

municipais non existen no turismo, só na administración.

Cales son as liñas de investimento?

Hai 5 eixos: gobernanza colaborativa, que é a propia xestión do Plan e a implantación de ferramentas para xestionar distintos recursos turísticos; crecemento sostible que se corresponde coa inversión máis forte -1,2 millóns de euros- e se actúa sobre distintos recursos que hai que desenrolar: ecoturismo, turismo ornitolóxico e xeolóxico, recursos agroalimentarios, audioguías, Camiño do Mar, ruta Pardo de Cela, miradores e fervezas, etc; transformación competitiva para dotar de ferramentas informáticas ás oficinas de turismo de forma conxunta; espazo turístico, empresas e persoas, que servirá para sinalizar recursos e dar formación a técnicos e profesionais e o eixo produto, marketing e intelixencia turística que trata da divulgación do destino A Mariña e das campañas promocionais a realizar para atraer visitantes fóra da tempada de verán.

Servirá para reactivar o sector turismo tralo golpe da pandemia?

Ese é un dos principais obxectivos. Aínda que observamos que afortunadamente este verán o sector hoteleiro estivo a funcionar en xeral ben, a hostalería coas restricións non traballou con normalidade. Temos que avanzar sobre todo en potenciar o turismo fóra dos meses de xullo e agosto. A nosa comarca ten moito que ofrecer, non só praia, e debemos ser capaces de xerar demanda fóra dos meses de xullo e agosto. Desta forma conseguiremos optimizar as infraestruturas existentes e tamén servirá para xerar postos de emprego estables durante todo o ano.

Unha das liñas máis importantes está reservada para oficializar e potenciar o Camiño do Mar, non?

O Camiño do Mar está xa oficializado pola igrexa e resta que a Xunta de Galicia cumpra o mandato parlamentario de estudar o trazado histórico e incluílo na listaxe de camiños oficiais. Desde a Mancomunidade creemos firmemente na enorme potencialidade que ten esta variante do Camiño, que complementa perfectamente o Camiño Norte que discorre por varios concellos da comarca. É por iso que dotamos unha cantidade económica importante, 225 mil euros, para marcalo, sinalizalo e divulgalo: son moitos os peregrinos que a día de hoxe preguntan e desde o destino da Mariña debemos responder como corresponde e poñelo en valor.

“Con este plan primamos a calidade máis que a urxencia”

O Camiño acolle a todos os concellos?

O Camiño do Mar discorre por todos os concellos de costa, desde Ribadeo ao Vicedo, pasando por: Barreiros, Foz, Burela, Cervo, Xove e Viveiro. O Camiño do Mar, exactamente igual que o Camiño do Norte, encaixa perfectamente co turismo que queremos potenciar: un turismo tranquilo, de contacto co noso patrimonio natural, histórico e etnográfico, que se desenrole fóra dos meses de xullo e agosto. Ten un potencial enorme e trátase dunha ruta documentada que contaba con hospitais de peregrinos tan importantes como o da basílica de San Martiño en Foz. Un recurso sen explotar que debemos poñer



O presidente da Mancomunidade de Concellos da Mariña Lucense

lo en valor e que vai beneficiar a toda a comarca no seu conxunto.

Servirá para poñer en valor outros enclaves turísticos? E outras actividades como BTTs, sendeirismo, etc?

E as fervezas que temos, que son descoñecidas incluso para os habitantes da Mariña. Tamén hai unha oportunidade moi atractiva co avistamento de aves migratorias, que se desenrola fundamentalmente no mes de setembro e que nos permitiría aumentar as visitas nun mes que xa decaen...O deporte é cada vez máis importante e temos moitas rutas que hai que mellorar e potenciar tanto para sendeirismo como para BTT, donde xa traballan empresas e clubs locais...

Cales serían as necesidades máis urxentes?

Con este plan primamos a calidade máis que a urxencia. Estamos a falar que é un plan que se vai a desenrolar en tres anos, desde o 22 ao 24, polo que os seus efectos poderemos empezar a percibirlos a partir do ano 23, conforme se vaian desenrolando os distintos proxectos. Sentará unhas bases sólidas para un desenvolvemento sostible e sostido do turismo na Mariña.

Permitirá volver colocar á Mariña no punto estratéxico do turismo?

Son optimista, coído que si. Ne-

cesitabamos un empuxón e ese paso vamos a dalo co plan. Estamos vendo que cada vez somos un destino máis cotizado, tamén por ese turismo climático que é cada vez máis habitual: hai cada vez máis persoas que foxen da calor do sur do país e encontran o seu refuxio no norte. Se xeramos oportunidades e tamén vamos da man do sector privado, cada vez máis empresas do sector turístico invertirán na Mariña. Temos que ser intelixentes e que o crecemento sexa sostible, non buscamos un turismo de masas en verán: procuramos un turismo de calidade durante todo o ano.

Cales son os retos ou eixes de traballo para estes vindeiros anos?

Cada proxecto é unha pedriña máis no obxectivo de avanzar nun turismo de calidade e desestacionalizado. Traballaremos de forma coordinada con todos os concellos e tamén co sector empresarial. Son tres anos para desenrolar o plan e rematar todos os proxectos: do 22 ao 24. Esta é unha gran oportunidade para a Mariña que non podemos desaproveitar. Ademais de outros sectores fundamentais, como o industrial, o turismo é cada vez máis unha das principais fontes de recursos e unha ferramenta importantísima contra o despoño. Debemos estar á altura.

MENÚ DIARIO
MENÚS ESPECIALES
PESCADOS

Plaza Conde Fontao, 3 (Puerto) - Foz - Tel.: 982 140 433

ABIERTO TODOS LOS DÍAS

Financiadas varias actuacións nas ARIS de Mondoñedo e Ribadeo

Acábase de asignar máis de 755.000 euros aos concellos lucenses de Mondoñedo e Ribadeo co fin de financiar distintos tipos de actuacións nas tres áreas de rehabilitación integral (ARIS) declaradas nestes municipios.

Tras analizar as solicitudes recibidas e tendo en conta o cumprimento de obxectivos de cada concello nas convocatorias anteriores, o Goberno galego resolveu incluír a 22 entidades locais galegas no reparto dos 10,2 millóns de euros dispoñibles para 2021 no marco do Programa de fomento da rexeneración e renovación urbana e rural, cofinanciado polo Executivo autonómico e o estatal.

No caso da Mariña lucense, Mondoñedo poderá xestionar case 400.000 euros para actuacións dentro da súa ARI que, ademais, o ano pasado tamén foi declarada Área rexurbe, a primeira de Galicia e a única que xa completou a súa posta en marcha coa sinatura, a finais de xuño, do convenio para a creación do centro de rexeneración urbana. A condición de Área rexurbe, precisamente, foi un dos criterios que se tivo en conta á hora de repartir os fondos para 2021, traducíndose nun reforzo do financiamento asignado a este ámbito concreto.

Así mesmo, apóstase pola recupera-



Vista da zona ARI de Ribadeo

ción do casco histórico de Mondoñedo e tamén se reflicte na súa inclusión no chamado Programa Rexurbe, unha iniciativa para adquirir inmobles abandonados e rehabilitalos con fins residenciais. Concretamente e ao abeiro deste programa, o IGVS adquiriu 13 edificios neste concello por un importe de 621.000 euros e a mediados do pasado xullo licitou por outros 437.000 euros a redacción dos correspondentes proxectos para proceder á súa rehabilitación.

En canto ao Concello de Ribadeo, no reparto definitivo dos fondos dispoñibles para 2021 correspóndenlle algo máis de 376.000 euros a dividir entre as dúas ARIS para as que, nesta ocasión, solicitou financiamento.

Unha vez resolta a convocatoria deste ano e notificados os beneficiarios,

o seguinte paso será asinar convenios específicos con cada un dos 22 concellos seleccionados para que, a continuación, as propias Administracións locais procedan a convocar as correspondentes axudas, ás que poderán optar os propietarios das vivendas e edificios a rehabilitar dentro de cada ARI.

O importe máximo das subvencións dirixidas a particulares e comunidades é de 24.000 euros por vivenda, sen que poida superar o 50% do orzamento da actuación. En todo caso, chegará ao 85% cando o solicitante teña ingresos inferiores a tres veces o IPREM e cando se acometan actuacións de mellora da accesibilidade e se acredite que na unidade de convivencia hai persoas con discapacidade ou maiores de 65 anos.

Segue aberta a matrícula na UNED

Ata o 21 de outubro continúa aberto o prazo de matrícula na UNED para estudos de Grao, Máster e Acceso á Universidade para maiores de 25 e 45 anos. Este ano ampliouse moito a oferta de Microtítulos con respecto ao curso pasado, ofertándose un total de 12 Microtítulos de Grao e un Microtítulo de Máster [1], algúns deles aprobados recentemente no Consello de Goberno de 6 de xullo. Así, segue poderán matricularse nos micrograos de Historia de España; Aproximación aos Estudos Ingleses: Lingua, Literatura e Cultura; Histo-

ria, Cultura e Pensamento na Idade Moderna; Historia, Cultura e Pensamento Contemporáneo Século XX; Antropoloxía Prehistórica; Estudos da Antigüidade; Estudos Medievais; Lóxica, Historia e Filosofía da Ciencia; Retos das Sociedades no Horizonte dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable; Estratexias fronte ao Cambio Climático; Lingüística Inglesa; Marketing e Estratexias Comerciais e Bioloxía Humana.

A matrícula efectuarase unicamente a través de Internet.

A UNED Sénior tamén mantén aberto

o prazo de preinscrición para as materias do primeiro cuatrimestre de curso, que terá lugar do 4 de outubro de 2021 ao 20 de xaneiro de 2022.

O programa de formación Sénior UNED retoma as clases do primeiro semestre no que se impartirán 6 materias que inclúen temas actuais e estratexias de desenvolvemento persoal. As clases serán presenciais nas aulas habituais nos distintos concellos onde se imparten as clases UNED Sénior A Coruña, respectando a capacidade estipulada polas autoridades sanitarias ante a covid-19.

O PP pide unha conexión boa con Lugo e Santiago

O Partido Popular pide ao Goberno que encargue con carácter inmediato un estudo de viabilidade técnico-económica para conectar A Mariña con Lugo e con Santiago. “Estamos seguros de que é viable nos dous sentidos pero queremos que haxa un estudo completo para que o Goberno non teña escusas, como tantas outras ocasións”, sinalou o PP. Engaden que a súa proposta “contribúe a vertebrar esta comarca co resto da provincia e de Galicia, xa que prevé a construción de 75 quilómetros de liña férrea entre a actual liña Lugo-A Coruña nun punto entre Baamonde e Begonte, e a localidade de Barreiros; así como, outros 30 quilómetros en-

tre Curtis e Ordes”.

“As infraestruturas son instrumentos para eliminar desigualdades. Ademais, nun momento no que o uso deste transporte é máis sostible, incluso sería moito máis defendible medioambientalmente. Por iso, remarcou, lideramos esta reivindicación que é de xustiza e necesaria”, din.

A este respecto, convidan aos socialistas da Mariña a que se comprometan “de verdade” co ferrocarril da cornixa cantábrica e tildan de “insuficientes” os servizos de media distancia que comezaron a funcionar en xullo logo de 469 días de parón, “como así o demostra a coñecida falta de espazo ou de revisores”, conclúen.



O PSOE culpa a Feijóo da sobreproducción do lobo

A Secretaria Provincial do PSdeG-PSOE e Deputada Autonómica, Patricia Otero aludiu as declaracións da Presidente do PP que xunto con outros representantes deste partido “voltaron a utilizar a hipocrísia en relación coa situación do lobo, co fin de tratar de avalar as responsabilidades exclusivas da Xunta e do Goberno do PP”, lamentou.

Otero advertiu que Elena Candia “aproveitou o tema da clasificación do lobo como especie protexida para lanzar a pedra e agochar a man”. Por iso puntualiza que “a protección ain-

da non foi aprobada e, polo tanto, nada puido ter que ver coa superpoboación actual deste animal no noso territorio, senón todo o contrario”, advertiu. Nesa liña remarca que “a sobreproducción do lobo débese ao absoluto abandono de responsabilidades da Xunta de Galicia no mandato do PP. Por unha banda, o Plan do Lobo aprobouse en 2008, incluíndo a obriga de revisalo nun prazo de 10 anos. Incumprimento flagrante deste plan, porque xa pasaron 3 anos do prazo sen que a Xunta levasse a cabo ningunha revisión”.

CURSO 2021-22

UNED LUGO

ABERTA

Revertece a tua mente

info@lugo.uned.es

582 28 02 02

608 577 391

www.lugo.uned.es

GRADOS: PAEDOLoxÍA • DEREITO • CRIMINOLOGÍA • ARTE • ADE • ANTHROPOLOGÍA • CIENCIA POLÍTICA

ECONOMÍA • EDUCACIÓN SOCIAL • PEDAGOGÍA • SOCIOLOGÍA • TRABALLO SOCIAL • TURISMO • FILOSOFÍA

GEOGRAFÍA E HISTORIA • CIENCIAS FÍSICAS • ENXENNERÍA • ELECTRONICA • ELECTRICIA

MECÁNICA • TECNOLOGÍAS DA INFORMACIÓN • INFORMÁTICA • TECNOLOGÍAS INDUSTRIAIS

ACCESO Á UNIVERSIDADE • MÁSTERES • DOUTORAMENTO • IDIOMAS • UNED SENIOR

Unha discutida volta ás aulas

Educación presentou un avance do novo plan para este curso, moi criticado por incrementar as ratios e reducir profesorado de novo

Chegado o mes de setembro, os colexios comezan a súa actividade despois da experiencia adquirida o curso académico pasado e, segundo a Xunta, con máis seguridade grazas ao avance da vacinación. De feito, o alumnado maior de 12 anos terá a pauta de vacinación completa na semana do 13 ao 19 de setembro que, xunto ao profesorado xa inmunizado, iniciarán un novo ano escolar.

Dende a Xunta sinalouse que será preciso revisar as diferentes medidas impostas dependendo da evolución da vacinación e do avance da situación sanitaria.

Así mesmo, tamén se sinalou que os membros afectados pola covid no curso pasado foi dun 3,7% do total de integrantes da comunidade educativa, por debaixo do conxunto da poboación galega.

Considérase, por esta razón, que o protocolo e que os sistemas de prevención foron efectivos e lograron que o curso avanzara correctamente. Sen embargo, algo que denuncia a Xunta é o feito de que non se estean dando axudas necesarias para facer fronte aos custos que a pandemia supón para as comunidades autónomas. A contratación de docentes, así coma o reforzo do servizo de limpeza son algúns dos exemplos que poñen dende a Xunta e que supón un sobre custo importante.

Por outro lado, hai que lembrar que neste novo curso educativo continuará en funcionamento o Comité Educativo, no que se atopan membros e expertos da comunidade escolar que avalían e toman decisións sobre aspectos educativos relacionados coa ensinanza no marco da pandemia. A pesar disto, as ratios e as distancias de seguridade son cuestións postas polo Goberno central e, segundo defende a Xunta, Galicia -xunto con Extremadura- ten a mellor ratio alumno/profesor de España -9,2 fronte ao 11,3 que existe de media estatal-.

En canto aos docentes, dende a Xunta anunciaron que chegarán 1.250 de reforzo a través do Plan Recupera e, de feito, afirman que o persoal la-

boral destinado ao desenvolvemento de dito plan son máis ca o ano pasado. Continúan explicando que dende o Ministerio de Educación e FP diminuíron a axuda para o programa PROA -Plan de Reforzo, Orientación e Apoio-, e que, sen embargo, engadiranse os docentes que sexan precisos para o cumprimento das medidas sanitarias.

O obxectivo de este programa, segundo a Xunta, é detectar as necesidades de aprendizaxe xeradas a partir da pandemia, así coma mellorar o rendemento académico a través de recursos didácticos pedagóxicos para o traballo docente.

Ademais, recordaron que os centros educativos puideron solicitar dito plan a través dunha convocatoria realizada no mes de xuño. Por esta razón, no mes de setembro resolverase para que os 1.250 docentes poidan incorporarse aos centros educativos.

REFORZO EDUCATIVO

Sen embargo, moitas das cuestións reflexadas pola Xunta non se com-

parten dende o BNG de Galicia. Así pois, consideran necesario reforzar o sistema educativo e consideran que os recortes da ensinanza pública corresponden a unha "decisión ideolóxica" do Goberno do PP da Xunta. Así mesmo, defenderon que este curso estará marcado pola pandemia, polo que consideran necesaria a contratación de mil docentes máis ca o ano pasado. Ademais, sinalan que é preciso reducir as ratios a 20 escolares en infantil e primaria e a 25 en secundaria.

De feito, estas son medidas que esixiron despois de denunciar que o PP "pretende recortar máis de 1.600 profesores e profesoras no ensino público como confirma o DOG e a propia Xunta de Galiza. En Secundaria, a falta da publicación definitiva do CADP -Concurso de adxudicación de destinos provisionais-, sabemos que a inspección e as xefaturas territoriais xa comunicaron aos centros a perda dun total de 435 profesores a respecto do curso pasado".

Ademais, lembrouse o peche de centros de ensino públicos dende o ano 2009 -138 en total-. Por esta razón, o



BNG lamenta o incremento de financiamento de ensino privado e recorte na educación pública.

Por outra beira, o concelleiro de Educación e Difusión do Coñecemento no Concello de Lugo, Felipe Rivas, sinalou que é preciso a publicación dos protocolos sanitarios definitivos para este inicio de curso xa que son

precisos para coñecer a situación das actividades extraescolares, así coma do comedor e de outras cuestións. De feito, segundo Rivas, o ano pasado vivíuse unha situación "de cambios de protocolo na semana anterior ao inicio do curso. Un ano despois vemos como a Xunta segue improvisando o inicio de curso".

As esixencias dos sindicatos

Non faltan as voce que poñen en dúbida as novas medidas da Xunta para o curso que comeza.

COMISIONS OBREIRAS

Así pois, a Federación do Ensino de CCOO de Galicia considera un erro o "relaxamento" das medidas covid nas aulas da comunidade. De feito, dende o sindicato denuncian que "é un corta e pega do protocolo do 4 de novembro do ano pasado, pero empeorado".

Un dos cambios é o da distancia social, algo que non defenden xa que o consideran coma unha forma de aumentar ratios, diminuír o emprego e aumentar a inseguridade nas

aulas e, de feito, enténdeno coma un "criterio economicista".

Desta forma, sinalan que é preciso a contratación de máis persoal docente xa que o ano pasado foi "insuficiente, especialmente en infantil e primaria". Ademais, reclaman un maior número de persoal de limpeza para reforzar a seguridade e conseguir unha ensinanza segura e de calidade.

CIG ENSINO

Outro dos sindicatos que deu a coñecer a súa posición en relación a estas medidas de prevención no ámbito da ensinanza foi a CIG Ensino que defende que, despois de

coñecer a situación e da experiencia do ano pasado, "estas decisións non responden a criterios científicos".

Así pois, consideran que a redución de distancia social é un problema xa que os casos aínda son altos e, sobre todo, na mocidade. De feito, a CIG Ensino e CCOO concordan en que reducir o distanciamento é unha forma de aumentar o afor nas aulas e, desta maneira, reducir o profesorado e con el, o investimento en educación. Cualifican de "falacia a afirmación do conselleiro de Educación de que as aulas galegas teñen as ratios máis baixas do Estado". Ademais, critican "ese xogo de trileiros de usar ratios medias sen ter en conta a dispersión xeo-

gráfica e a alta incidencia de centros educativos no rural".

Por outra beira, consideran que o que se debe de facer en infantil e en primaria é "limitar ao máximo as ratios e, como mínimo, manter todos os desdobres autorizados no curso pasado, así como as contratacións de profesorado e apoio necesario". Desta maneira tamén denuncian que coa pandemia é unha agresión ao ensino público ter que pechar aulas e reducir docentes.

Animan á comunidade educativa a denunciar os recortes que se están a producir e a esixir o mantemento dos cadros docentes en todas as etapas educativas, así coma non superar as ratios do curso pasado.



OS MOLINEROS
GRUPO INMOBILIARIO

Venta y alquiler de viviendas en la costa de Lugo
679 9518 76 / 664 24 21 80 www.osmolineros.com

Medidas para o curso escolar 2021/2022

Os colexios de infantil e primaria en Galicia continuarán co protocolo anticovid que se centrará en varios puntos fundamentalmente.

En primeiro lugar, as máscaras continúan sendo obrigatorias en todo momento a excepción do momento da merenda, na que os alumnos e alumnas poderán sacala para comer. Así mesmo, deberán de levar unha máscara de reposto.

En canto á distancia persoal, os nenos e nenas de infantil e de primeiro a cuarto de primaria non contarán con ela debido a que se dividirán en grupos burbulla, nos cales non se poderán mesturar con outros. Ademais, non haberá máis de 25 alumnos e alumnas por aula. No caso de quinto, sexto de primaria e secundaria é diferente e existe variación en relación ao ano pasado e, neste caso, si que ten que existir distancia persoal. Esta baixará de 1,5 a 1,2 metros polo que o alumnado dentro da aula aumentará sen poder superar os 30 alumnos.

Así mesmo, será fundamental a ventilación antes da chegada dos estudantes e despois durante 15 minutos, priorizando sempre a ventilación natural. Tamén seguirá sendo preciso hixienizar frecuentemente as mans -no caso dos menores de 6 anos será preferible que esta práctica se realice con auga e xabón, mentres que no resto de casos terán que realizalo con xel que deberán levar da casa-.

A presencialidade será máxima para todos os niveis e etapas. Tan só se podería pasar a semipresencialidade no caso de que aumente o nivel sanitario no Concello e non se poidan levar a cabo as medidas sanitarias correspondentes. Ademais, esta situación só sería posible a partir de terceiro da ESO. No caso dos pais,

nais ou titores legais será prioritario a comunicación telemática -tan só no caso de que o profesorado ou o equipo directivo o considere, se poderá facer presencial-.

No caso do comedor e do transporte escolar serán servizos que se manterán e, en relación ao segundo, os asentos asignaranse fixos para todo o curso escolar. Por outra beira, outra diferenza en canto ao ano anterior é a posibilidade de compartir obxectos sempre e cando se limpen despois de cada uso.



A entrada e a saída do alumnado realizarase por accesos diferentes -se é posible- e por etapas educativas para que existan as mínimas aglomeracións. No caso de que isto non se poida levar a cabo, será preciso que existan diferentes quendas. No caso do recreo, permitirase proximidade entre alumnos e alumnas de clases diferentes pero que sexan en todo momento do mesmo ano.

Por outro lado, no caso de que exista un caso sospeitoso de virus haberá que apartalo a un espazo de emprego individual. Se é un adulto e se atopa ben irase ao seu domicilio e, no caso de que se trate dun escolar, chamarase á familia e esta terá que contactar co centro de saúde ou cun teléfono de referencia.

Hai que destacar que estas medidas poden variar durante o ano académico a causa da situación epidemiolóxica.

AS OPINIÓNS DOS CENTROS

Nos centros educativos a situación segue a preocupar porque os centros aínda non teñen claro como haberá que desenvolver o curso que da comezo. As normas da Xunta, igual que o ano pasado non son moi claras e moitos centros están pendentes aínda de desenvolver unha normativa que se corresponda co centro.

COLEXIO DO PILAR

Segundo explican dende o Colexio do Pilar en Foz, hai incerteza de como vai evolucionar a situación sanitaria ao longo do curso.

“Comezamos, quizais cunha pouca de máis tranquilidade que a principios do curso pasado, xa que os protocolos e as medidas xa as temos interiorizadas tanto persoal docente como alumnado e familias”, indica o director do centro.

Ademais teñen a vantaxe de que a maioría das actuacións e cambios que tivemos que facer no curso pasado sérvennos para este.

Recoñecen que as medidas son máis ou menos as mesmas que as do curso 2020/2021 pero “a diferenza máis salientable é a da distancia, que pasa de 1,5 a 1,2

Respecto ás medidas propias, dende o centro indican que manteremos basicamente as do curso que acaba de rematar, “só que co cambio de distancia poderemos voltar a usar aulas que por motivo de tamaño houbemos de cambialas.

Así voltarán a quedar para o seu uso habitual a Sala de Reunións e a Aula Polivalente de deporte”. Sobre o profesorado explican que a ratio que temos é a que concede a Consellería aos centros concertados polo que no contan con reforzar o profesorado en principio.

O que si estudarán no centro será a posibilidade de celebrar actividades extraescolares, “aínda



que non as retomemos todas, temos a idea de comezar con algunhas”, explica o director.

O que si farán será mantelas en grupos reducidos e mantendo os grupos burbulla das clases.

“Tamén posiblemente ofertaremos aquelas nas que poidamos manter as distancias e evitar no posible compartir material”, engaden,

Pero, xunto a todas as medidas queda clara unha cuestión, “Sempre seguiremos escrupulosamente os protocolos establecidos para este tipo de actividades”.

MARTÍNEZ OTERO

Este ano o Colexio Martínez Otero de Foz conta cunha nova dirección a profesora Beatriz Fernández Uria, como directora do centro, e Yolanda Fiallega Gómez como nova xefe de estudos.

Fernández conta que “a nova normativa da Xunta de Galicia publicada o día 25 non varía moito da anterior, tan só na distancia entre nenos nas aulas que pasa do 1.50 a 1.20”.

“O uso das mascararas segue sendo obrigatorio, o xel hidroalcolico ao inicio das sesión lectivas, e sobre todo o mantemento dos grupos burbulla”, explica.

“Aínda podería haber algunha modificación pero de momento xa está todo listo para o comezo do curso escolar, que será o día 9 en infantil e primaria e o día 15 os de secundaria”.

Dende a dirección do centro focego “faremos o que nos dita Sanidade en todo momento, non temos ningunha medida a maiores”

“O que si é queteremos moitísimo coidado en que os nenos non se misturen no patio e nas actividades de lecer así como no comedor escolar, que conta cun protocolo especial”.



SERVICIOS JURÍDICOS INTEGRALES
EN LUGO Y RIBADEO DESDE HACE
MÁS DE 30 AÑOS

VA VEIGUELA
ABOGADOS

**RECUPERA LOS GASTOS DE
FORMALIZACIÓN DE TU HIPOTECA**

Gastos de Registro, gastos de empresa gestora, gastos de tasación,
gastos de notaria, comisiones de apertura de hipoteca.
RECUPERAMOS TU DINERO. NO DEJES QUE SE LO QUEDE EL BANCO

SOLO COBRAMOS SI TÚ COBRAS

1ª CONSULTA GRATUITA
Llámanos: **982 228 606**

📍 Plaza Mártires de Carral, nº 7, Entlo. Dcha., Lugo. ☎️ 982 228 606

📷 veiguelabogados 📱 veiguela abogados

NOVAS

foz

Denuncian as carencias no reparto postal



Oficina de Correos de Foz

O BNG de Foz vén de denunciar as carencias no reparto postal no Concello e o non cumprimento do acordo unánime do pleno para a reapertura da oficina postal en horario de sábado.

No pasado mes de febreiro de 2021 o BNG de Foz propuxo e acadou o compromiso do pleno do Concello de Foz para instar ao Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana a axeitada dotación de persoal da empresa pública Correos, e a reapertura da oficina de Correos no Concello de Foz en horario de sábado. "Denunciabamos daquela que a oficina de Correos de Foz permanecía pechada os sábados, por moito que na oficina e na web de correos figurara a apertura en horario de sábado. Isto provocaba numerosos inconvenientes a moitos usuarios que so poden realizar trámites neste servizo público eses días", din dende o BNG. O BNG de Foz insistía daquela que "os traballadores da empresa levan denunciando anos a carencia de per-

soal en todos os servizos que presta. Tanto de oficina como en reparto e clasificación. Esta operativo o persoal estritamente imprescindible para a prestación do servizo público, e deixábase de prestar outros servizos encomendados dende a vaga privatizadora na que se viu inmersa nos últimos anos", engaden os nacionalistas focegos.

Lonxe de atender ao acordo unánime do Concello de Foz, durante o mes de agosto "o servizo postal empeora notablemente en Foz, con carencias insoportables no reparto. Con retrasos de máis de 15 días nas parroquias, relacionado coa ausencia de cobertura da plantilla e insuficiente dotación para a carga de traballo do período vacacional".

Un novo chanzo no "desleixo do servizo postal universal. Por riba continúan sen ofrecer alternativas ao servizo presencial na oficina de Correos os sábados. Unha situación a que o servizo de Correos debe poñer fin de xeito inmediato", rematan.

Investirán medio millón de euros en urbanizar a rúa Costa do Castro

O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, e o alcalde de Foz, Francisco Cajoto Caserío, asinaron na vila mariñana un convenio de colaboración a través do que a institución provincial aporta ao Concello medio millón de euros para acometer a urbanización da rúa Costa do Castro, unha vella aspiración do Concello que se fará realidade despois de trinta anos.

O acordo entre ambas administracións para levar a cabo esta actuación urbanística, que suporá "unha mellora de primeira orde en canto á mobilidade na trama urbana de Foz", destacou o presidente, recolle un investimento total de preto de 600.000€ en dúas anualidades, dos cales a Deputación aporta o 80%, isto é, 583.600€, e o Concello, o 20% restante, que ascende a 116.720€.

O acto de sinatura do convenio tivo lugar na propia rúa Costa do Castro, e contou coa presenza da deputada de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, Pilar García Porto, o deputado de Promoción Económica e Social, Pablo Rivera Capón, concelleiros e concelleiras do Goberno local e veciños e veciñas de Foz.

As obras consistirán na mellora do firme e a construción de beirarrúas, o soterrado do tendido eléctrico existente e a dotación do percorrido de alumeadado público, combinando a calidade lumínica e a eficiencia enerxética.

O presidente salientou que con esta obra a veciñanza "van contar cunha vía urbanizada, en boas condicións", pola que poderán "pasear



Firma do convenio entre a Deputación e o Concello de Foz

e desprazarse con comodidade e seguridade dende o centro da vila a servizos e lugares, como o cemiterio, a residencia de persoas maiores ou o barrio de Marzán", ao tratarse dunha rúa que comunica este lugar e a Avenida Álvaro Cunqueiro, unha das arterias principais da localidade.

O PROXECTO. O proxecto ten como obxectivo urbanizar a rúa Costa do Castro coa mellora do firme con aglomerado, dispoñendo dous carrís de circulación. Construiranse beirarrúas de 2 metros de ancho que respectarán a naturalidade desta zona, e disporanse prazas de estacionamento. Ademais, poranse pasos elevados para calmar o tráfico e farase a correspondente sinalización horizontal e vertical.

Para a execución dos traballos será preciso realizar movementos de terras e demolicións para lograr o espazo necesarios para a construción

de beirarrúas. Tamén se prevé a renovación das redes de saneamento, de abastecemento e da de telecomunicacións. O prazo de execución previsto dos traballos é de 8 meses.

LIBRO DE OURO. O presidente foi recibido no Concello de Foz polo alcalde e unha representación do Goberno municipal. Tomé Roca asinou no Libro de Ouro onde plasmou unhas palabras de "recoñecemento e compromiso" ao municipio mariñano. Tomé Roca deixou escrita a seguinte mensaxe: "Nesta primeira visita institucional como presidente da Deputación de Lugo ó concello de Foz, quero deixar neste Libro palabras de recoñecemento e de compromiso. De recoñecemento á historia e ó presente deste Concello, que mira cara o futuro coa ilusión que reflicte o seu escudo: un barco en boa singradura, xunto con árbores cargadas de froitos".

Ayuntamiento de Vegadeo
PRINCIPADO DE ASTURIAS

Mercado Ecológico

4 y 5 de septiembre, 2021

Vegadeo en el corazón de la Reserva de la Biosfera Rio Eo, Ocos y Terras de Burón

MUCHO QUE OFRECERTE

Infórmate y consulta todas nuestras actividades

Vegadeo con tu camino

O PP critica o mal estado da área recreativa do Carme

O PP apoia as queixas de veciños de San Martiño polo mal estado da área recreativa do Carme e esixe ao goberno local que roce esta zona e repare os merendeiros e as fugas de auga. Así o puxo de manifesto o grupo municipal do PP en palabras do seu portavoz popular, Javier Castiñeira, “o goberno municipal dedica moitos esforzo a verbalizar o seu interese polas cuestións medioambientais, pero, á hora da verdade, a palabrería queda moi lonxe dos feitos”.

Castiñeira explica que “nos merendeiros hai moitas pezas rotas e abunda a maleza porque “está sen rozar como non se recorda”. O portavoz popular sinala “a verdade é que os veciños están enfadados e con moitísima razón; é penoso ver o estado no que se atopa esta área recreativa, que é moi importante para Foz e para esta parroquia”.

Castiñeira non se sorprende do estado no que está este espazo do Carme, porque “é consecuencia da dinámica que vén mantendo o equipo de goberno municipal nestes dous anos que leva á fronte do Concello”. Lembra que os populares xa denunciaron durante todo o verán o abandono das zonas verdes, como no Caso de Bispo Santo e A Frouxeira.


Eliminouse un punto de vertido de augas residuais cara á ría

Eliminouse un punto de vertido de augas residuais cara á ría de Foz, no núcleo urbano do concello de Foz, preto do porto. O punto de vertido detectouse ao longo das campañas de inspección levadas a cabo polos técnicos do Plan de Control de Vertido de Augas de Galicia, realizadas conxuntamente cos técnicos municipais, nas que se constataron episodios de vertidos de augas residuais á ría.

A orixe da contaminación viña causada polos frecuentes alivios producidos dende a rede de saneamento municipal cara á ría, a través dunha conducción de augas pluviais.

Tras diversos requirimentos realizados por parte de Augas de Galicia, o Concello de Foz levou a cabo unha serie de actuacións nas redes localizadas no entorno do punto de vertido, para a eliminación de aportes de augas brancas á rede de saneamento municipal e a supresión dun ramal da citada rede que estaba conectada á conducción de augas pluviais á ría.

Nunha nova inspección efectuada polo persoal independente de Augas de Galicia corroborouse a efectividade das medidas adoptadas, constatando que a execución das actua-



ASOCIACIÓN A RIBEIRA. A asociación A Ribeira de Foz vén de denunciar a contaminación da ría do Masma ao seu paso polo Concello e “por mor dun mal saneamento das augas do pobo”. Segundo o colectivo “non se pode seguir demorando o arranxo desta cochambre, porque estamos a matar a nosa propia ría e a imaxe que dá o pobo de Foz o turismo é realmente lamentable”.

cións permitiron o cese do foco dos aportes contaminantes á ría.

OUTRAS OBRAS. O Concello de Foz está mellorando a rúa Prado Vello, en Marzán, e o Camiño da Cadra con cargo a remanentes do Plan Único 2020. As obras consisten na limpeza de foxos laterais e varrido da superficie, extensión dunha capa de aglomerado en quente de 5 centímetros de espesor e pintado e colocación de

sinalización vertical nos viais. Tamén se realizarán actuacións adicionais nas vías como a colocación dunha rexa de sumidoiro no Camiño da Cadra, de forma que se eviten acumulacións de auga.

O rexedor municipal destaca: “traballamos nos detalles e preocupámonos moito a xestión responsable e honesta dos fondos públicos.

Estas dúas obras supoñen un investimento de algo máis de 17.000 euros.

O Cenima acolle unha mostra de viaxes transoceánicas

A Concellería de Patrimonio e Mar do Concello de Foz trae da ma do Consello da Cultura Galega a exposición Inventio Mundi. Galicia nas viaxes transoceánicas. Séculos XV – XVII.

En 2019 conmemorouse o quinto centenario da saída da expedición Magalhães/Elcano que completaría a primeira circunnavegación do planeta. A exposición Inventio Mundi. Galicia nas viaxes transoceánicas. Séculos XV-XVII amosa as consecuencias que aquela formidable viaxe tivo para Galicia.

Deu ao vello Reino da Galiza unha oportunidade de aproveitar a súa situación nas rutas atlánticas, as vantaxes dos seus portos e a tradición dos seus mariñeiros. Os Reis Católicos descartaran Galicia como núcleo da Carreira das Indias, pero os poderosos galegos aspiraban a ter parte nese xigantesco negocio.

A Casa da Especiaría da Coruña foi un soño breve, pero deu a Galicia un notable protagonismo que tamén se debe celebrar.

A exposición chega a Foz o día 03 de setembro á Sala de Exposicións do Cenima ata o día 15 de outubro.

ARR

Hijos de Ramón Rubal

COMPRAMOS MADERA PINO Y EUCALIPTO

982 55 86 00

ASERRADERO Y APROVECHAMIENTO FORESTAL

DPTO. FORESTAL 665 69 72 99 - 671 72 22 42

www.hijosderamonrubalsl.es
alfoz@hijosderamonrubalsl.es

Aprobada a moción para reactivar o templete da música

Aprobouse a moción levada ao pleno de agosto para a reactivación do templete da música. Foi aprobada por maioría, manténdose na abstención o partido de María Loureiro quen asegurou que “xa estaba a facer os trámites para que esta instalación en titularidade de Costas pase a ser de titularidade do Concello”, dixeron os nacionalistas viveirenses. Desde o BNG parécelles curioso afirma Miriam Bermúdez, “que fose pechado hai máis de 5 anos e que xusto agora que presentamos esta moción a alcaldía comunique que xa estaba a facer os trámites desta cesión”. Miriam Bermúdez aproveitou a ocasión para solicitar os documentos dos trámites que se levan realizado en relación deste templete da música, máis a contestación de Loureiro baseouse en “a concelleira do BNG debe pensar que temos que darlle contas de todo o que se está a facer”, “as cousas ás veces axilízanse telefónicamente”.

Viveiro ofrece o albergue para acoller refuxiados afganos

Viveiro manifestou á Fegamp a súa vontade de colaborar na acollida de refuxiados de Afganistán, tras a recente crise acontecida nese país. O Concello non dispón de inmobles propios para a acollida, porén, o goberno local recalca a existencia do Albergue Xuvenil de Area, que pertence á Xunta de Galicia e que só se utiliza nos meses de xullo e agosto. Deste modo, propón a posibilidade de solicitar á administración autonómica que se destine a ese fin, ofrecendo a colaboración municipal. Este edificio xa fora proposto polo goberno local no seu momento para a acollida de refuxiados sirios, por considerar que se trata dun espazo axeitado no que se poderían acoller varias familias.



Aparcadoiro da Insua

Esixen a reapertura do aparcadoiro da Área Etnográfica da Insua

O BNG viveirense exige á alcaldía a reapertura inmediata do aparcadoiro da Área Etnográfica da Insua xa que “o goberno local de María Loureiro optou unha vez máis por prohibir, nesta ocasión pechando o acceso de vehículos a unha zona especificamente deseñada para o aparcamento dos mesmos”.

“Sen sinais que advirtan do corte do acceso e sen espazo para cambiar de dirección, obríganse aos vehículos a saír marcha atrás, sendo un perigo que evidencia unha vez máis a improvisación e falta de planificación de medidas alternativas”, din os viveirenses.

Uns anos atrás e neste mesmo lugar da Insua, xa fora recortada a área de aparcamento deixando apenas unha pequena zona na marxe dereita e que agora o goberno local “remata de eliminala por completo quitando a posibilidade de aparcamento na área etnográfica”, di Bermúdez.

Para o BNG non hai dúbidas neste asunto, e exige a María Loureiro a “inmediata reapertura deste aparcadoiro público na súa totalidade chegando até a rampa que descende pola marxe esquerda, tal e como foi deseñada e proxectada polas arquitectas e arquitectos”. Os nacionalistas aclaran que “si esta medida se levou a cabo por algún tipo de acto vandálico, haberá que estudar as

medidas necesarias para facer fronte aos mesmos así como facelos ver, concienciando e mantendo informada á veciñanza”.

Por último, solicitan retirar os eucaliptos que están nacer por toda a área e o mantemento constante da zona.

MATADOIRO. O BNG critica tamén ao goberno municipal por non remitir a documentación en relación co Matadoiro Municipal onde “temos solicitado dende hai 4 meses toda a información relacionada co mesmo e o seu peche”.

“Copia da documentación relacionada co inventario que tivo que facerse durante o primeiro mes despois da contratación (cláusula 6.4 do contrato) así coma todos os eventuais rexistros que se puideran ter realizado durante os “labores de inspección” que puidera ter realizado o Concello “de maneira continuada” durante o período da vixencia do contrato”, din dende o grupo nacionalista.

“Ningunha información se nos ten remitido por parte do Concello de Viveiro, é máis, segue o goberno de María Loureiro ante un asunto tan trascendente, adiando a convocatoria da comisión na que tratar a documentación polo miúdo, polo que instámolos a que se convoque na maior brevidade”, engade.

Impulsan a compostaxe e a loita contra o cambio climático

O Concello de Viveiro continúa avanzando no seu programa de loita contra o cambio climático e defensa do medio ambiente Viveiro Sustentable. Na primeira campaña do programa, centrada na compostaxe, están involucradas máis de 200 familias, ás que o goberno local agradece o seu compromiso.

A alcaldesa, María Loureiro móstrase satisfeita coa iniciativa “a boa resposta da veciñanza animanos a seguir tomando medidas para protexer o noso medioambiente e reforzar o programa de compostaxe”. O obxectivo do goberno local é chegar ás 300 familias implicadas no programa de compostaxe, polo que o Concello de Viveiro proporá unha nova recollida de composteiros o martes 24 e o xoves 26 de agosto entre as 17:00 e as 20:00 no Pavillón Municipal. O único requisito é ser veciño do Concello, ter un pequeno xardín ou terreo e estar disposto a formar parte deste proxecto educativo e formativo.



As persoas que recollan o composteiro recibirán unha chamada para completar os seus datos, tamén poden facelo nun formulario online antes ou despois da recollida. Logo disto recibirán a visita das Mestras Composteiras que farán o labor de formación para o mellor funcionamento dos composteiros.

Preténdese con esta aposta pola compostaxe que os residuos orgánicos xa non cheguen aos colectores da rúa, pechando así o ciclo da materia nos propios fogares. Para participar de forma gratuita no programa pódese completar un formulario web, enviar un correo electrónico a viveirosustentable@mediagesgm.com ou chamar ao número 675 507 832.

Os populares instan ao goberno local arranxar a calella Granxas

O PP insta ao goberno local a atender as demandas dos veciños da calella Granxas, que piden melloras nas redes de auga e sumidoiros e no pavimento da rúa. “O goberno ten sobradamente demostrada a súa falta de iniciativa e de capacidade de planificar para renovar paulatinamente as infraestruturas de auga e saneamento e as calzadas alí onde a cidade presenta carencias deste tipo. Os que pagan as consecuencias desta incapacidade”, sinala o portavoz popular, Óscar Rodríguez, “son os veciños, que, pola inacción

municipal, perden calidade de vida. Un destes casos é o dos residentes na calella Granxas, que sae da rúa de igual nome, que reclaman a renovación das redes de auga e sumidoiros e a mellora do pavimento”.

O portavoz popular, Óscar Rodríguez, destaca que este apéndice da rúa Granxas dá acceso a varias vivendas. Segundo aseguran algúns veciños, hai vinte anos que non se levan a cabo melloras. A calella ten as redes de auga e sumidoiros en mal estado, de maneira que, cando chove con intensidade, hai inundacións.



ALQUILER DE AUTOMÓVILES EN A MARIÑA

- Coches urbanos, compactos, berlinas y SUV, vehículos como nuevos y equipamientos de alta gama.
- Monovolumen de 9 plazas disponible.
- Posibilidad de recogida y devolución en los aeropuertos de A Coruña, Avilés y Santiago de Compostela

RENTING DE VEHÍCULOS. TRABAJAMOS CUALQUIER MARCA O MODELO.
¡CONSÚLTENOS SIN COMPROMISO!

T. 670 979 852 • rcmarcantabrico@gmail.com • www.rentacarmarcantabrico.com

RIBADEO: Avda. Ría de Ribadeo, 20 - 27700 Ribadeo (Lugo)
Tlf./Fax: 982 120 803

FOZ: Crta. General, 1 - Forxan - 27789 Foz (Lugo)
Tlf.: 982 141 554

XOVE: Polígono Camba, 31 - 27870 Xove (Lugo)
Tlf.: 982 102 020

Comeza o Plan de mellora de accesos a parcelas agrícolas



Un dos camiños que se inclúen no Plan

Comezou a execución das actuacións incluídas no Plan de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas (2021-2022), adxudicada por un importe de 45.980 euros.

As primeiras actuacións realízanse na pista de Borralleiros, parroquia de San Ciprián de Viveiro, e no camiño da Veiga, camiño do cárcere e pista da Pedrosa, na parroquia de Santa María de Galdo.

As obras consisten na mellora mediante o reforzo do firme exist-

tente coa incorporación de novas capas máis axustadas ás características do tráfico rodado que soportan, e no mantemento tanto do firme existente mediante o bacheo de determinadas zonas como de mantemento das marxes dos camiños mediante a limpeza de cunetas.

Unha vez rematadas estas tarefas, o concello emprenderá outras actuacións en camiños municipais, atendendo ás necesidades e demandas veciñais.

Propoñen a construción dun skatepark en Lodeiro

Dende o BNG propoñen construír un skatepark en Viveiro, contando cunha empresa especializada para a súa construción, considerar a demandada zona de Lodeiro para a súa ubicación así como a zona verde fronte á piscina municipal, en Celeiro, e tamén que sexa unha instalación multidisciplinar, permitindo a práctica de varias disciplinas, como son o SurfSkate e o Skate tradicional.

“Dende fai uns anos, o interese polo surf e skate aumentou de forma exponencial, dous deportes que van da man e que xa son referentes para a xuventude desde os 6-7 anos até idades adultas chegando en época estival a concentrar perto de cen crianzas por

día para desfrutar e aprender nas numerosas e maravillosas praias que nos rodean, sendo as praias da Mariña moi ben valoradas para a práctica do surf”, din.

Ademais piden que “dentro do posible” se valore que a instalación conte cunha cuberta que posibilite ser utilizada en días de choiva.

“Debemos ter en consideración que en Viveiro contamos durante todo o ano con dúas escolas de surf cunha matrícula que ronda os 70-80 alumnos e alumnas e que están competindo a nivel autonómico e estatal cuns resultados máis que aceptables quedando sempre entre os 5 primeiros postos, colocando Viveiro á par de lugares con historia surfeira”, din dende o BNG.

Chegan en setembro os Sábados de Contos

Chega a Viveiro para os últimos tres sábados de setembro —do 11 ao 25— unha nova edición de Sábados de conto, coa financiación do Programa Ler Conta Moito 2021.

A edil de Cultura, Lara Fernández Fernández-Noriega, quixo invitar a todos os pequenos e pequenas do concello a participar nesta actividade co obxectivo de “favorecer a lectura desde a infancia para que se enchan de sabedoría e de cultura”.

A responsable local insistiu no compromiso do goberno local de fomentar que as nenas e nenos viveirenses poidan “somerxerse nestas aventuras que nos proporcionan os libros e que nos fan medrar cun espírito crítico e con máis liberdade”.

Princesas e Princesos, a cargo de Os Contos de Pablísimo, será a primeira das citas o 11 de setembro ás 12.00 do mediodía. O seguinte sábado, 18 de setembro, á mesma hora, será a quenda de Trinke-trinke Teatro coa obra *Familias Di-*



versas. E a derradeira xornada terá lugar o 25 de setembro co conto *Carabranca*, de Iria Pinheiro e a Compañía Eléctrica.

Todas as actividades desenvolveranse na Biblioteca Pública e a entrada será de balde, aínda que haberá aforo limitado e as invitacións terán que retirarse dende o luns anterior ata o venres ás 15.00 horas. A reserva poderase realizar no 982 57 06 06. A actividade contará con monitores para que poidan ir os nenos sós.

Os veciños poderán pagar os seus tributos en Correos

O Concello de Viveiro vén de asinar un convenio con Correos para que os veciños, así como calquera outro contribuínte, poidan dispoñer das oficinas desta entidade para aboar os tributos municipais. Esta nova facilidade persigue axilizar a relación entre a administración e a cidadanía.

Os contribuíntes poderán pagar as obrigacións tributarias e outras de Dereito Público que estean xestionadas polo Concello de Viveiro en calquera das 2.370 oficinas de Correos distribuídas por toda España. Deste modo, os veciños e veciñas contan cunha canle áxil e sinxela á hora de cumprir cos seus pagamentos. Tamén dispoñen dunha maior amplitude horaria e mobilidade territorial, un aspecto moi útil cando se aproxima o período estival e se realizan desprazamentos a outras provincias.

O Concello de Viveiro busca coa sinatura deste acordo ofrecer á cidadanía e ós contribuíntes este novo servizo de Correos, que aproveita a capilaridade e a cobertura territorial da súa rede de oficinas.

Presentan un traballo de fin de grao sobre unha liña eléctrica de Viveiro

Mario Santa Cruz Hernando vén de doar ao Concello de Viveiro un exemplar do seu Traballo de Fin de Grado, titulado *Proyecto de una línea eléctrica aérea de 45 kV en Viveiro*.

Mario Santa Cruz Hernando estudou o Grado en Enxeñería dos Recursos Enerxéticos, Combustibles e Explosivos, na Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Minas e Enerxía, na Universidade Politécnica de Madrid.

Segundo o autor explica no propio resumo do proxecto, este consiste no trazado e cálculo dunha liña eléctrica aérea de 45 kV con capacidade para suministrar 15 MVA e dar servizo a unha empresa de elaboración



Loureiro e Santa Cruz

de peixe e produtos de pesca. A liña discorre dende a subestación de Magazos, propiedade de Viesgo, ata

o Polígono Industrial de Landrove. No proxecto descríbense todos os aspectos para a construción da liña, os cruzamentos, a relación dos apoios, os cálculos eléctricos da liña aérea, o cálculo mecánico dos condutores, os apoios, as cadeas illadoras e o cálculo das cimentacións. Inclúese tamén o estado económico co presuposto para a realización do proxecto, un cronograma, un prego de condicións tipo para a súa execución e un documento con anexos. Mario Santa Cruz Hernando ten vínculos familiares con Viveiro, a onde adoita vir dende pequeno. O exemplar doado será depositado na Biblioteca Pública Municipal.

2500 m² a tu disposición

¿Qué harías con ellos?
Nosotros, reforestar.

Tenemos un bosque para tí.

Únete a nuestro proyecto de reforestación y descubre más en ortegaloil.es

EL BOSQUE DE
ORTEGAL OIL

Ortegal Oil
www.ortegaloil.es
 Ortegal Oil
 881 93 18 56



Vista da Moncloa

Reabren as portas da Moncloa

O Concello de Burela quere chegar a xente ao mundo mariñeiro abrindo as portas da Moncloa, o local que se atopa enfronte da Oficina de Turismo de Burela. Estivo rexentado pola asociación de xubilados do mar e afíns e fundouse no 2008 para cubrir a necesidade de manter o vínculo coa que fora a súa vida, o mar, e os seus compañeiros de loitas, logros e sacrificios, e poñer en valor o seu duro oficio. Neste edificio recibirán aos turistas e visitantes con curiosidades, anécdotas e explicacións que

polo ben do patrimonio cultural non deberían caer no esquecemento, ademais de descubrir unha exposición de fotografías, maquinaria e útiles relacionadas. A Moncloa é visitable tanto para locais como para visitantes e atesoura a sabedoría dos vellos mariñeiros, e polo tanto, a nosa memoria colectiva como pobo tan vinculado ao mar como é Burela. O seu horario é de luns a domingo de 10.00 a 12.00 horas e de 16.00 a 18.00 horas. Para máis información haberá que chamar ao teléfono 665 013 838.

Segunda quenda do Osa do Mar en setembro

O Osa do Mar de Burela anunciou que xa se poden mercar as entradas para o festival que se celebrará o 24 e 25 de setembro. Nesta edición virán a Burela, Black Friday, Blanco Palamera, Delaporte, Los Rastreadores, Moura, Niña Polaca, The Rapants, Veintiuno e Verto. Todos os concertos serán no Escenario Vibra Mahou Osa do Mar repartidos en tres na noite do venres 24, dous na sesión vermú do sábado 25 e catro na noite do sábado 25 de setembro. “Despois dun longo debate”, din desde a Asociación Cultural Fanto Fantini “cremos que temos que intentar facer unha edición adaptada á situación”.



Os nenos e o medio ambiente

Durante o verán realizáronse numerosas actividades nas ociotecas

As nenas e os nenos da Ocioteca de Burela participaron en diferentes actividades durante o verán e nelas tivo un gran peso o medioambiente. Unha desas estivo organizada polas monitoras do Centro Gaia na praia do Cabaliño.

Baixo o nome *Na praia eu reciclo* os peques aprenderon a separar correctamente os residuos, xa que aproveitamos os restos das súas merendas para traballar o tema da reciclaxe e os distintos contedores. Ademais cos tapóns residuais, que en moitas ocasións aparecen nas praias, fixemos un mosaico co logo da Bandeira Azul.

Toñi Eijo, a concelleira de Medio Ambiente, subliñou que “é moi importante educar aos máis pequenos nesta tarefa tan importante, conciencialos de que é algo moi necesario para coidar do noso planeta”.

Como remate da actividade Toñi Eijo repartiu envases reutilizables co lema Que o que volte ás nosas praias sexas ti para levar as merendas á praias ou ao cole e así non xerar máis residuos, “xa que reducir os residuos



Os pequenos da Ocioteca de Burela

que xeramos é primordial”, engadiu a concelleira de Medio Ambiente burelesa.

RECICLAXE. As monitoras do Centro Gaia tamén levaron a cabo co alumnado da Ocioteca unha actividade baseada nun xogo de preguntas titulado Mundo Limpo. Fixérono nun tramo do traxecto do sendeiro azul, nunha das áreas de descanso, entre as praias de O Portelo e A Marosa. Desde Gaia explicaron que “utilizando un taboleiro de lona xigante

con casiñas representadas por debuxos relacionadas co medio ambiente os participantes, divididos en dous grupos, tiveron que contestar preguntas con temática medioambiental e ir avanzando ou retrocedendo polas casiñas do xogo”. Tamén participaron noutra para concienciar da importancia de recoller os excrementos dos cans con calquera sistema que se atope no mercado e se é posible, evitando o uso de plásticos que non sexan ecolóxicos ou biodegradables.

O Porto loce varios murais



Mural gañador do V Certame de Pintura celebrado a primeiros de agosto

Tirso Paz, de Barcelona, foi o vencedor do V Certame de Pintura Mural Amarte, que se desenvolveu no muro do porto de Burela desde o pasado xoves, 5

de agosto. Coa súa obra Meiga do Mar, Tirso Paz levou o primeiro premio dotado con 1.500 euros. O segundo premio foi para Ana Repullo, de Barcelona, con

Marineros que levou un premio de 750 euros. E o terceiro premio, dotado de 300 euros, foi para Martín Cal, da Coruña, con A nosa Burela.



O Concello inviste 2,6 millóns en melloras

Cos votos favorables do PSOE e as abstencións do PP e do BNG foi aprobada, no pleno extraordinario celebrado na tarde de onte, unha modificación de crédito de máis de 2,6 millóns de euros, que se destinará á realización de diversas obras neste ano e no vindeiro. Este investimento procede do remanente de tesourería do Concello burelés.

O alcalde, Alfredo Llano, lembrou que “o Concello de Burela ten un remanente de tesourería de 5 millóns de euros aproximadamente. E agora, desde o ano pasado, a través dun acordo de goberno permítese aos concellos que teñen remanente poder empregalo naquelas cuestións que consideren oportunas”.

O rexedor explicou que “as actuacións que se van levar a cabo son integrais, transversais e para todo o concello. Abarcan temas de melloras en rúas e beirarrúas, aforro enerxético, instalacións deportivas, merca de solo dotacional, arranxos

en áreas recreativas, edificios públicos, parques, xardíns e prazas, ... Todo aquilo que sexa beneficioso para o conxunto da poboación e do concello. Hai moitas actuacións, que se van tratar de acometer algunhas xa este ano e outras quedarán para o 2022”.

Llano insistiu en que “isto é posible porque fixemos unha boa xestión económica durante estes anos, de tal xeito que pagamos todo o que se debía e ademais puidemos aforrar. E agora temos a oportunidade de poder empregalo para que o disfruten todos os veciños e veciñas de Burela”.

Por unanimidade foi aprobada a cesión dun inmoible das antigas vivendas dos mestres á Fundación San Aníbal. O alcalde subliñou que “será destinada a vivenda de emerxencia social, para atender todas aquelas situacións que se poidan producir no noso municipio”.

O pleno extraordinario de onte foi



Primeiro Pleno celebrado de xeito presencial desde marzo 2020

o primeiro que se celebrou de xeito presencial desde marzo do ano pasado: “empezamos a facer as cousas tal e como se viñan facendo antes da pandemia. A sesión foi emitida en directo e así seguiremos cos plenos que veñan a partires de agora, serán presenciais e tamén emitidos en directo para que calquera veciña ou veciño poida seguiilos desde a súa casa”.

PARTIDO POPULAR. O PP considera que o plan de obras presentado polo alcalde é “outra oportunidade perdida para Burela” porque carece de proxectos ilusionantes e de futuro. Cren que “o gasto de 2,6 millóns de plan de obras é o recoñecemento da falta de traballo de Llano e o seu equipo nos últimos seis anos” e que o plan está deseñado como parte da precampaña electoral de Llano.

O BNG solicita a creación da Comisión de Memoria Histórica

O BNG solicita a creación da Comisión de Memoria Histórica remitíndose a aprobación no Pleno de agosto de 2018 sobre a retirada da Rúa e do título de fillo adoptivo de Burela ó bispo franquista Eijo Garay.

“Mais alá do contido do debate, aquel día aprobouse unha emenda de substitución do grupo socialista para a creación dunha comisión”, en verbas do voceiro do BNG, Mario Pillado, “non é unha fórmula que sexa moito do noso agrado pero este é o acordo que se adoptou e que o alcalde prometeu cumprir unha vez que foi elixida a nova cronista oficial. Ademais na nosa vila atópanse mais vestixios franquistas que deben ser corrixiados por Liberdade, Xustiza e Democracia. Por iso na moción solicitamos a creación desa comisión” Por outra banda Pillado engadiu que “vista a polémica que xerou este tema no pasado, chegando ás descalificacións persoais por parte do Partido Popular, cremos que a comisión pode servir para rebaixar o ton e que o debate sexa tranquilo e sosegado, posto que como dixemos naquel intre Burela non toma represalias, Burela acolle; Burela non é odio, Burela é amor”

PROTECTORA DE ANIMAIS. O grupo municipal do BNG presentou a maiores unha serie de iniciativas. Entre elas destacou a proposta de crear un protocolo para a recollida de animais abandonados así como buscar empazamento temporal mentres non se constrúan as novas instalacións. Ademais o BNG propuxo que se estreitara a vixilancia en canto ó acceso de turismo nunha rúa peonil, sobre a ocupación da beirarrúa por parte de vehículos que dispoñen de zona de carga e descarga e tamén que se procedera á limpeza de fincas propiedade do concello, ademais das privadas.

Unha profesora local de piano formárase en Budapest

Andrea Vilar, ata agora profesora de piano da Escola de Música de Burela, foi seleccionada para formarse na Academia de Música de Budapest, “un dos centros mais prestixiosos, para o estudio do piano, do mundo”, segundo subliña Xan Carballal. Vilar López, pianista nada en Rábade, ten 23 anos.



Andrea Vilar

Despois de rematar os seus estudos no Conservatorio Xoán Montes de Lugo, trasladouse a Barcelona para estudar o Superior de Interpretación Clásica e Contemporánea na Escola Superior de Música de Catalunya (ESMUC), título que rematou no 2020 con Matrícula de honra. Despois diso, compaxinou un ano de perfeccionamento da man do profesor Kennedy Moretti en Madrid, co máster en investigación musical

e coa docencia na Escola de Música de Burela.

Neste mes de setembro continuará a súa formación na Franz Liszt Academy de Budapest baixo a tutela do pianista húngaro András Kemenes. Ademais dos estudos formais, nos últimos anos recibiu clases de profesores como Pierre Laurent Aimard, Eldar Nebolsin e Rita Wagner.

Repartidos cinceiros ecolóxicos de plástico reciclables nas praias

A concelleira de Medio Ambiente, Toñi Eijo, e as monitoras do Centro Gaia repartiron cinceiros ecolóxicos de plástico reciclables nas praias de A Marosa e O Portelo.

A edil Toñi Eijo subliñou que “o obxectivo é manter as praias limpas e protexer o medio ambiente. Os cinceiros teñen forma cónica e pódense cravar na area. Inclúen unha tapa na parte superior, para que non caian as cabichas e se poidan apagar os cigarros. Están feitos de material de plástico resistente e reciclable”.

A concelleira de Medio Ambiente engadiu que “as cabichas son residuos que se atopan con moita asiduidade nas praias e tardan décadas en desaparecer. Unha soa cabicha pode contaminar entre oito e dez litros de auga salgada e ata cincuenta litros de auga doce. Con esta medida, que se ven repetindo nos últimos anos, pretendemos diminuír a presenza de cabichas nos areas de Burela”.

As persoas interesadas poden pedirlos nos postos de socorrismo das praias de O Portelo e A Marosa.



CABO VERDE. O Concello de Burela recibiu como agasallo unha bandeira de Cabo Verde feita a man, que se empregará nos actos oficiais dese país que se celebren en Burela. A enseña foi entregada por Francisco Hermida, oficial de enlace da Garda Civil de Cabo Verde, a quen o alcalde burelés, Alfredo Llano, agradece o detalle e os labores de mediación realizados coa comunidade caboverdiana.



GEOCLIMA ST

CLIMATIZACION - FRIO INDUSTRIAL
ENERGIAS RENOVABLES - CALEFACCION



SOLUCIONES PARA:

- Comunidades
- Garajes
- Hipermercados
- Hospitales y clínicas
- Hostelería
- Instalaciones Agropecuarias
- Locales comerciales
- Naves Industriales
- Oficinas
- Salas informáticas
- Turismo Rural
- Vivienda residencial

REALIZAMOS:

- Climatización
- Ventilación
- Instalaciones térmicas
- Protección contra incendios
- Maquinaria de Hostelería
- Calefacción
- Suelo Radiante
- Refrigeración
- Pailas para chimeneas
- Recuperadores de calor
- Calderas

INSTALACIONES Y MANTENIMIENTO


REFRIGERACIÓN


CALEFACCION


SOLAR TÉRMICA


BIOMASA

📍 Rúa das Mercadorías, 121 - Pol. Industrial O Ceao. 27003 - Lugo
☎ 982 814 147 / 636 462 063 🌐 www.geoclimast.com

Proxectan unha nova superficie multideporte

O goberno municipal proxecta a construción dunha gran superficie multideporte e de lecer para a mocidade. Estará situada na mazá interior entre a avenida de Galiza, a rúa Pintor Fierros e a rúa Daniel Cortezón. O investimento ascenderá a 400.000 euros, dos que a Área de Deportes da Deputación aportará 340.000 e o resto serán fondos do Concello.

Esta pista multideporte será para fútbol, baloncesto e voleibol, outra pista de skate e máis un circuíto de calistenia. E todo isto complementado con dotacións para estar sentados, de tertulia, rodeados de árbores, con iluminación, etc. A filosofía desta instalación, ao aire libre, resulta especialmente acaída para estes tempos de postpandemia e moi atractiva para a mocidade.

OBRAS NO PAVILLÓN. O Concello realiza obras de mantemento na cuberta do pavillón polideportivo da rúa Alfredo Deaño. O investimento ascende a 13.000 euros. O obxectivo é rematar coas filtracións de auga que se estaban a producir nos vestiarios e nos baños.

Así, estanse a acometer unhas obras de mantemento na parte traseira da cuberta do pavillón polideportivo onde están os vestiarios e os baños. Deuselle unha capa de illamento, con varias mans dun produto e se reparou unha parte da cuberta.

ESTACIÓN. As obras da estrada da Estación rematarán a mediados do vindeiro mes de setembro. Esta obra supón unha mellora importante e unha verdadeira transformación desta zona gañando en accesibilidade e en seguridade, tendo en conta que se trata dunha vía moi emprega-



da polo transporte pesado. Ampliase a anchura da vía, constrúense beirarrúas, novas luminarias, de xeito que a rúa resultante nada terá que ver coas súas condicións anteriores. Trátase dunha inversión que rolda os 360.000 euros, dos que a maior parte son financiados pola Deputación de Lugo.

ALUMEADO EN VILASEÁN. O Concello de Ribadeo está acometendo obras no alumeado de Vilaselán, onde cambia as luminarias existentes por outras de tecnoloxía led. Deste xeito reducirase a factura da luz nun 50% e descenderá a contaminación lumínica. As novas lámpadas contan con tecnoloxía led de 4.000 grados kelvin.

ZONAS CATIVAS. Comezaron tamén os traballos de pintado das Zonas Cativas no entorno dos centros Gregorio Sanz e Sagrado Corazón de Jesús. Os traballos estenderanse ao longo das rúas Carlos III, Alfredo Deaño e Avenida de Luarca. A idea das Zonas Cativas xurde da necesidade de reimaxinar un novo deseño urbano máis accesible, amable, sostible e máis centrado para os nenos.

Ribadeo celebrará as festas da patroa cun programa reducido

Unha programación adaptada á realidade actual lembrará as festas da Patroa do 4 ao 8 de setembro. Os espectáculos serán para ver sentados e en recintos perimetrados. Haberá concertos, pasarrúas e actividades infantís. En Ribadeo estará o Mago Antón o día 6 e o 8, Día da Patroa, os Cocos e os Cabezudos bailarán nun espazo habilitado para eles. Haberá misa cantada pola Coral Polifónica ribadense. Esa xornada tamén ofrecerá o seu tradicional concerto da Patroa a Banda Municipal de Música de Ribadeo. Non serán unhas festas patronais como as anteriores á pandemia.

A programación arrincará o sábado 4 con pasarrúas do Cuarteto Illa Pancha, a partir das doce. Pola tarde, ás sete no salón de plenos da Casa do Concello haberá un acto a cargo do cronista oficial, Eduardo Gutiérrez, que presentará a reedición do libro *O Camiño de Santiago* de José Luis Trashorras Méndez. Ás oito e media comezará unha noite dedicada ao blues con dúas agrupacións de grande calidade no cartel, Martíns Aneiros Band e Travelling Brothers.

SÁBADO 4	LUNS 6	MÉRCORES 8
12.00 H Pasacalle do CUARTETO ILLA PANCHA. 19.00 H. Salón de plenos. Presentación do libro <i>O camiño de Santiago</i> (reedición) de José Luis Trashorras Méndez. Presentado polo cronista oficial de Ribadeo, Eduardo Gutiérrez. 20.30 H NOITE DE BLUES. MARTÍNS ANEIROS BAND TRAVELLING BROTHERS	12.00 H Pasacalle do grupo SEIMEIRA MAGO ANTÓN: "A volta a Galicia en 313 concellos". Sesións ás 12.00, 13.00, 17.00, 18.00, 19.00, 20.00, 21.00, 22.00 H MARTES 7 12.00 H Pasacalle do grupo SEIMEIRA 20.00 H PAKOLAS Remova Orbits. Concerto para público familiar DOMINGO 5 13.30 H BANDA A.C. OS XOGRARES DE LEMOS "O FOLIÓN" 20.00 H Pasacalle do grupo OS MISTUROS	11.00 H. OS COCOS E OS CABEZUDOS acompañados do CUARTETO ILLA PANCHA. 12.00 H. Espazo parroquial. MISA SOLEMNE CANTADA POLA CORAL POLIFÓNICA DE RIBADEO. 13.30 H. BANDA MUNICIPAL DE MÚSICA DE RIBADEO. Concerto da Patroa. 20.00 H. Cuadro do parque MEZCAL TIMES en concerto. VELA ARIAS. A POESÍA DO RETRATO. Exposición. Organizada pola Área de Patrimonio da Deputación de Lugo. Cultura

O domingo, día 5 actuará a banda da asociación cultural Os Xogares de Lemos O Folión e ás oito da tarde, o grupo de música tradicional Os Misturos animará as rúas de Ribadeo. O luns 6 tamén soará pola mañá a música de Seimeira, e estará instalado no parque un camión máxico e é que o Mago Antón ofrecerá, desde as doce da mañá e ate as dez da noite, sesións de maxia co seu espectáculo *A volta a Galicia en 313 concellos*. O martes 7 volve Pakolas cun concerto para público familiar ás oito e ás dez comeza un evento musical que está tendo moitísimo éxito este verán nas

vilas que visita, trátase de *Mitic*. El espectáculo, música con temas que abranguen desde os anos 30 aos 80 e os 90.

O mércores 8 os Cocos e os Cabezudos non van poder facer o seu tradicional pasarrúas mais si que os poderemos ver nun espazo habilitado para que bailen, acompañados polo Cuarteto Illa Pancha na zona do Cantón. Haberá misa seguido do concerto do Día da Patroa a cargo da Banda de Música Municipal de Ribadeo. Remataremos a xornada co trío de jazz Mezcal Times no quiosco da música ás oito da tarde.

Unanimidade para aprobar no Pleno o aparcadoiro nas Catedrais

En pleno extraordinario e urgente, por unanimidade foi aprobado definitivamente o proxecto expropiatorio para a creación dun aparcadoiro nas Catedrais. Agora será remitido á

Xunta de Galicia.

O rexedor dixo que "o pleno da Corporación hai un tempo aprobou inicialmente este proxecto expropiatorio para o aparcadoiro de Augas Santas, someteuse ao que marcan en rigor as normas: exposición pública, notificación aos afectados, período de alegacións, no que houbo tres, que foron informadas polos técnicos, tanto os arquitectos como os xurídicos, e agora rematamos o expediente e o seguinte paso é en-

vialo á Xunta de Galicia para que nos autorice a expropiación porque a administración local pode executar expropiacións, pero ten que ter os mandatos autonómicos para facelo". O asunto foi aprobado por unanimidade.

Tamén foron aprobados un suplemento de crédito para a realización de diferentes actuacións tanto na vila como nas parroquias e unha transferencia de crédito entre partidas de distinta área de gasto.

CAMPAMENTO CELTA

PARA ADULTOS Y NIÑOS



Kayak



Hinchables



Tiro con arco



Paintball



campamentocelta.com

SITUÁNOS
43° 12' 13N
7° 31' 46W

INFORMATE SIN COMPROMISO
BAR DE LA IGLESIA N° 17 - 37377 XERMAR (COSPEITO) TELFS: 680 559 991/672 163 803

Organiza con nosotros tus fiestas de empresa, fiestas de cumpleaños, despedidas. Nos desplazamos a donde quieras para tú comodidad.



Díaz & Abad

abogados

LEY DE SEGUNDA OPORTUNIDAD

¿TIENES DEUDAS?

Da igual que seas empresa o persona física, podemos ayudarte.

¡Te asesoramos con la Ley de Segunda Oportunidad!

Travesía de la Marina, 51 - 3º. Viveiro (Lugo) - Tfno.: 982 570 243

Rúa da Fonte 12, Mondoñedo

UTILIZAMOS TODAS LAS MEDIDAS SANITARIAS CONTRA EL COVID-19 EN NUESTROS LOCALES



Contedores con lixo nas rúas de Ribadeo

Queixa pola situación das escolas parroquiais e a falta de limpeza no pobo

A vicevoceira do Grupo Municipal Popular de Ribadeo, Elena Sierra, sinala que “os veciños de Ribadeo están fartos da falta de limpeza”. De feito, explica que “esta fin de semana só se escoitaba un comentario en Ribadeo: a sucidade na que se está sumindo o noso pobo”.

“A falta de limpeza é constante e visible”, manifesta, “os contedores están a rebordar, pestilentos e sen desinfección. Ese é o día a día do noso pobo”, incide Sierra que considera que “é evidente, porque todos podémolo ver, que existe unha gran falta de traballo neste goberno local do BNG”.

A popular explica que “os contedo-

res desbordados vénlles moi ben ás gaivotas e tamén ao alcalde para botarlle a culpa a alguén”.

ESCOLAS PARROQUIAIS. O voceiro do Grupo Municipal Popular, Daniel Vega, subliña que “os veciños están indignados ante os problemas que pon o goberno local para arranxar as escolas das parroquias”. O popular advirte, a este respecto, que “Ribadeo corre o risco de perder 59.000 euros de axudas que concedeu a Xunta ás asociacións de veciños de Rinlo, Cubelas, Vilaselán e A Rochela para o arranxo dos seus locais sociais” porque “o goberno do BNG se nega a conceder a licenza de obra”.

Segue a Cultura nas parroquias

O programa Cultura nas Parroquias arrincou a primeiros de agosto en Vilaframil coa actuación do cuarteto Illa Pancha e seguirá en setembro con actividades o 19 en tres localizacións diferentes: na Escola de Vilaselán, no Teleclub de Santalla e no Círculo Habanero da Devesa; o 25 de setembro en Cousela á saída da misa; o 10 de outubro na Escola de Remourelle; o 21 de novembro nas Anzas; e a Cultura nas Parroquias tamén chegará a San Pedro de Arante e a Cedofeita, aínda que as datas están por determinar”.



Invisten na estrada que une Ribadeo co rural



A Deputación de Lugo vén de licitar a rehabilitación do firme da estrada provincial LU-P-5207, que une a zona rural co centro de Ribadeo. Estes traballos, que contarán cun orzamento de 524.000€ e un prazo de execución de 12 meses, levaranse a cabo nun tramo de algo menos dun quilómetro á altura do inicio da estrada, entre os puntos quilométricos 0,500 e 1,129. A vía provincial, que vai a Vilela, dotarase de beirarrúas no paso sobre as vías do ferrocarril.

O Presidente da institución provincial, José Tomé Roca, destacou a importancia destas actuacións, que “dará un mellor servizo a uns 2.000 veciños e veciñas de catro parroquias do rural, como son Ove, Cubelas, Arante e Cedofeita. Esta

estrada serve de vía de incorporación ao centro de Ribadeo”. “Tamén respondemos á demanda dos pais e nais dos nenos e nenas que adestran na instalación deportiva de Ove, xa que incrementa a seguridade nas viaxes que realizan”, sinalou Tomé Roca.

Así mesmo, esta vía provincial dá acceso ao campo de fútbol municipal Pepe Barrera, visitado pola veciñanza as fins de semana. José Tomé valorou positivamente estas actuacións que “serven de exemplo para demostrar que estamos traballando nun dos principais obxectivos deste goberno, como é a mellora da mobilidade, necesaria para aumentar a calidade de vida dos veciños e veciñas, e favorecer a igualdade de oportunidades e o equilibrio territorial”.

MURAL HOMENAXE. A avenida de Galiza loce a pintura mural de Joseba Muruzábal, que lle foi encargada polo Concello coa intención embelecer esa zona e para render homenaxe a Concha, unha veciña de Ove de 90 anos, que leva toda a vida traendo os produtos da súa horta ao mercado de Ribadeo, e ao comercio de proximidade.



BREVES

CLASES DEPORTIVAS. O Círculo Habanero A Devesa organiza novas clases de mantemento para a tempada 2021-2022. Así, haberá hit, full body, step, pilate, gap e móvete infantil. Para probar poderase participar nunha xornada de portas abertas do 1 ao 3 de setembro. Para anotarse haberá que chamar aos teléfonos 617 676 972 e 675 535 515.

PLÁSTICOS AGRÍCOLAS. O 13 de setembro dará comezo a recollida porta a porta de plásticos agrícolas. Prolongarase durante os días que sexan necesarios para atender todos os avisos recibidos en tempo e forma. Deberase solicitar a través do teléfono do Punto Limpo Municipal, que é o 664 00 09 32, en horario de 9:00 a 13:00 e de 16:00 a 18:30 horas, de luns a venres e os sábados de 9:00 a 13:00 horas. As solicitudes poderán facerse ata o 10 de setembro.

SUCADORIA. A asociación A Sucadoira vén de recibir 10.000 bolsas para a promoción dos produtos locais e que tamén contan con deseño ribadense. “Estas bolsas supoñen un vínculo de unión entre produtor e consumidor; ademais de contribuír a amosar unha imaxe unificada da marca Horta de Ribadeo”, din desde a asociación. Grazas á Sucadoira pódese comercializar a planta e a semente do pemento de Piñeira que conta cunha propia IXP, tamén destaca a importancia de comezar a traballar a terra para plantar a faba amparada pola IXP Faba de Lourenzá en toda a comarca da Mariña.

XELA ARIAS. A mostra *Xela Arias. A poesía do retrato* estará en Ribadeo ata o vindeiro 27 de setembro. Os paneis con textos da poeta acompañados con fotografías de Xulio Gil están no parque de San Francisco, onde poderán visitarse durante todo o día.

Dermoterapia
Centro de Estética

Cita Previa: 664 527 486

Tratamientos

- Láser Diodo
- Láser IPL
- Depilación hilo
- Cavitación
- Presoterapia
- Esmaltado semipermanente
- Embellecimiento del pie
- Extensión de pestañas
- Tratamientos faciales y corporales
- Solarium

Chegou a hora...
... a hora do

ARNAO VERMUT

O NOSO VERMUT

Produto de

CASTILLO SAN DAMIAN
Discosta Norte S.L.

Dompiñor, 12. 27715 Ribadeo
982 128 900
www.discosta.com

A Aula do Mar integra ás persoas e o patrimonio

A Asociación de Axuda ó Enfermo Mental A Mariña conta coa Aula do Mar inclusiva, unha iniciativa innovadora e única en toda Galicia

A Aula do Mar A Mariña é un proxecto medioambiental e de integración social para persoas con enfermidade mental, crónica na cal se pon en valor o patrimonio costeiro, os recursos patrimoniais e ambientais da zona de A Mariña-Ortegal. Este proxecto é desenvolvido na Unidade Residencial de Cervo (única residencia especializada nas doenzas mentais na Provincia de Lugo) durante 3 anos: 2020, 2021 e 2022 e que inclúe 5 actividades xerais: terapia-mar, crea-mar, coida-mar, explora-mar e o camiño e o mar. Trátase da primeira aula do mar inclusiva de Galicia. Este proxecto concíbese cun sentido interactivo e concienciador co medio ambiente, xa que os participantes gozan de maneira activa nas actividades propostas, ademais de coñecer a importancia do mar, ampliar coñecementos mediante datos de interese a través das explicacións sobre as embarcacións, os fondos mariños, ornitoloxía, a pesca, a vida mariñeira, etc., é dicir, aproveitando as potencialidades e características da nosa costa A Mariña-Ortegal. Ademais, esta Aula do Mar caracterízase por ser aberta e inclusiva, sendo un espazo de comunicación transversal ante o sector pesqueiro

e os demais colectivos en risco de exclusión social, para que se favorezan os medios, apoios e recursos que contribúan á igualdade real e efectiva no sector pesqueiro, para así avanzar na inclusión. Sabemos que o GALP pretende manter unha posición integradora das persoas en risco de exclusión social para favorecer unha integración real no conxunto das actividades que promovan e, por iso, dende a Asociación de Axuda ó enfermo Mental A Mariña, comprácenos formar parte desta estratexia que o GALP promove. A relevancia que ten este proxecto para a Zona Pesqueira A Mariña-Ortegal é a posta en valor do patrimonio e a importancia do sector pesqueiro, ademais de darlle a importancia que merece á tradición das vilas costeiras como modo de vida e cultura que corre risco de desaparición. Por iso, é importante sinalar que os nosos usuarios teñen moita relación co mar e co sector pesqueiro, xa que a meirande parte son fillos de familia mariñeira ou foron mariñeiros no seu tempo ou que, sen estar estreitamente relacionadas co mar, tiveron algunha relación co medio, o cal é relevante e moi característico tamén para a

implementación de dito proxecto xa que as costumes, o traballo e o carácter conforman unha cultura e unha identidade propia. A localización física da Aula do Mar está en Cervo, na Unidade Residencial coa que conta a entidade en dita localidade. En cambio, é preciso dicir que esta Aula conta cun carácter itinerante, posto que se realizan actividades ó redor de toda a contorna, coa realización de saídas e visitas culturais polos diferentes concellos, dende Burela, Ribadeo, Foz, Viveiro, O Barqueiro, etc. para reforzar a identidade local da zona costeira. Ademais, a parte da propia UR, a Aula do Mar desenvólvese nos Centros de Rehabilitación Psicosocial e Laboral de Burela e Ribadeo para que se poidan beneficiar deste proxecto a meirande parte dos nosos usuarios e que na actualidade ascenden a 92 usuarios procedentes de toda a Comunidade. Dende Ribadeo ata Ortigueira, a paisaxe ofrece un mar de historia, cultura, tradición e lenda. Por iso, a través da Aula do Mar facemos unha inmersión polo patrimonio costeiro lucense visitando pontes, pobos e portos con sabor mariñeiro, bens do patrimonio militar, arqueolóxico e industrial, faros con



Algúns dos integrantes da Aula do Mar e unha excursión pola contorna

vistas increíbles, artesáns, museos e lonxas que nos conectarán co pasado e co presente do noso litoral. A creación da Aula do Mar conleva a realización de actividades como terapia-mar, que consta de estimulación cognitiva coas aprendizaxes mariñas, crea-mar, que consiste en diferentes cursos de formación con motivos mariñeiros como elaborar libretas, cerámicas, xabóns ou produtos artesanais con redes. Explora-mar, que pretende adqui-

rir a través de actividades lúdicas coñecementos e habilidades para o seu desenvolvemento persoal con excursións pola contorna, coa actividade coida-mar reflexionan sobre a contorna e o medio ambiente. Contan tamén cun taller de teatro, O camiño e o mar para a posta en valor do patrimonio cultural e que comezou en xaneiro de 2015 e na actualidade conta con dez participantes entre os dispositivos que ten a entidade.

Habilitada unha app para reservar nas pistas de pádel

Xa está dixitalizado o proceso de reservas das dúas pistas de pádel municipais situadas no complexo da Veiga. Así, as persoas interesadas xa poden acceder ao espazo de reservas de Espazos Deportivos <https://reservas.concellodecervo.com/>, crear o seu usuario, e seleccionar o día e a franxa horaria que mellor se adapte. Unha vez realizado o pago da pista recibirán un correo electrónico que acredita dita reserva. Unha vez realizado o trámite, as claves da instalación estarán a disposición das persoas usuarias na piscina municipal en horario de 10:30 a 13:30 horas, de luns a venres; e de 10:30 a 13:30 horas, os sábados (durante o verán). Un horario que se amplía no inverno sendo de 9:00 a 15:00 horas e de 16:00 a 22:00 horas (de luns a venres) e de 9:00 a 13:30 horas e de 17:30 a 20:30 horas, os sábados.

A música será a protagonista de Concertos na Fin do Mundo

A música, en harmonía co ruxir das ondas e cos sons da natureza, será a protagonista principal de Concertos na Fin do Mundo no faro de San Cibrao. Co obxectivo de que a experiencia musical se integre o máximo posible coa contorna, gozarás dunha proposta escénica e dun repertorio adaptado á singularidade de cada espazo. O evento será o día 10 de setembro e dará comezo ás 20.30 horas cunha sesión DJ da man de Russinha, creando un momento de desconexión que che permitirá gozar da paisaxe e fusionarte coa contorna. Ás 21.00 horas comezará a actuación da cantante galega Yoly Saa. A música de Russinha acompañará de novo mentres se fai un rápido cambio de escenario. E, ás 22.00 horas po-

derase gozar da actuación de Mikel Erentxun, xa ao luar. Habilitarase unha zona de aparcadoiro reservado na zona portuaria de San Cibrao. Esta zona será de uso exclusivo para os asistentes ao concerto, polo que haberá que presentar a entrada ao persoal de control e antes de acceder ao aparcadoiro. Dende alí, terase que cruzar San Cibrao até o barrio da península e camiñar un treito duns 500 metros polo paseo que se dirixe ao faro. O camiño está totalmente alumeado polo que, ao finalizar o concerto, resultará sinxelo percorrelo de volta. O acceso en coche ao faro estará cortado, polo que che recomendamos o uso do aparcadoiro reservado e o posterior acceso a pé.



Momento dunha das actividades de Cervo Concilia

Aposta pola conciliación

O Concello de Cervo apostou este verán pola conciliación familiar a través dunha serie de actividades lúdico-educativas enmarcadas no programa Cervo Concilia, que se desenvolverá ata o 8 de setembro, coincidindo co comezo do curso escolar, en horario de 9.00 a 14.30 horas. 60 pequenos de entre 3 e 12 anos participan cada día nesta iniciativa municipal de balde,

organizados en grupos burbulla para garantir a seguridade, e dirixidos por un equipo humano conformado por 10 monitores. Unha tónica habitual nesta nova edición é priorizar, sempre que o tempo o permite, as saídas ao exterior, en contacto coa natureza, ademais de promover actividades deportivas cunha importante aposta polas disciplinas individuais a raíz do covid19.

O polígono industrial de Cuiña terá beirarrúas no acceso principal



Momento da visita ao polígono e as súas vistas

O polígono de Cuiña, en Cervo, vén de recibir unha axuda autonómica de 240.000 euros, case o 76% dos 317.000 euros que vai investir este ano o Concello para a construción de beirarrúas na marxe dereita da vía de acceso principal, con canalizacións para soterrar nun futuro a rede de alumeadado público e o saneamento; e tamén para a instalación dunha cuberta para tarefas de clasificación e separación de residuos do polígono. En total, desde o 2009 as axudas autonómicas concedidas a Cervo suman máis de 831.000 euros e mobilizan máis de

1M€.

Estas axudas enmárcanse na liña posta en marcha polo Goberno galego para a mellora das infraestruturas nos polígonos empresariais e para a creación de viveiros industriais, dúas liñas de axudas que nos últimos doce anos levan permitido apoiar 627 proxectos de acondicionamento de infraestruturas en Galicia e a implantación de 13 viveiros nos últimos cinco anos.

O obxectivo fundamental é axudar ao tecido produtivo e, máis concretamente, ás áreas empresariais galegas.

A xestión de residuos cun mini punto limpo itinerante



Mini punto limpo móbil

Os veciños de Cervo contan a cun servizo de punto limpo móbil, que percorrerá todas as parroquias e distintos lugares para facilitar a reciclaxe de pequenos residuos domésticos a toda a veciñanza. O percorrido deste vehículo comeza na parroquia de Rúa, instalándose na Antiga Escola, e alí permanecerá durante 15 días; para logo ir rotando por diferentes puntos do municipio.

Estará en na antiga escola de San Román, no centro cívico da Senra, A Senra, no aparcamento CHA de Sargadelos, no lavadoiro de Castelo, na

capela de Trasbar, na casa Basanta de Viladesuso e Espiñerido, en Gondras- A Venta, en Cuiña- Rueta e en Daián- Figueirido.

Este novo equipamento vén completar o servizo do Punto Limpo Municipal situado no Polígono de Cuiña, cuxo horario de apertura ao público no verán é martes e xoves de 8:30 a 14:30 horas, e mércores de 15:00 a 20:00 horas.

Villares e Méndez recordaron que “temos en marcha unha política de sensibilización ambiental que inclúe campañas como Coida Cervo”, un voluntariado de recollida de lixo.

Piden á Deputación que asuma a ampliación do Museo do Mar

O Concello de Cervo insta á Deputación a que asuma os custes da expropiación dos terreos contiguos ao Museo do Mar, en San Cibrao, para poder executar a súa necesaria ampliación; a través do acordo do Pleno xa que este “é da súa xestión, o que require da adquisición do terreo contiguo cuxos costes, tal e como recolle o proxecto encargado polo Concello de Cervo, están estimados en 155.188,14 euros, a fin de conseguir un espazo axeitado para acoller toda a riqueza patrimonial, etnográfica e histórica que atesoura este inmoble”.

Tal e como explica o rexedor, Alfonso Villares, “temos o privilexio de ter no noso municipio o museo público máis antigo de Galicia, cuxa xestión recae na Deputación desde que lle fora cedido no ano 2003”, cando pasou a integrarse na rede museolóxica.

“Pero as súas estrutura e dimensións non permite que toda esa ri-



Infografía da ampliación do Museo do Mar

queza ocupe o lugar que merece, e moitas doazóns, documentación gráfica, fondos etnográficos e de fauna marina, cartas náuticas... permanecen almacenados, sen expoñerse, por falta de espazo”, di.

Así, o que se pretende é ampliar as instalacións do Museo do Mar en beneficio público a fin de po-

tenciar un museo adaptado ás novas realidades e necesidades sociais. Para conseguir este obxectivo, o ámbito proposto para a ampliación abrangue, ademais do edificio existente, unha construción antigamente empregada como vivenda, na que se prevé desenvolver a ampliación dos usos dotacionais.

Cervo investirá en actuacións de abastecemento de auga

Nunha aposta por impulsar o saneamento, o Concello investirá nestes meses uns 400.000 euros -397.399,16 euros concretamente- en diferentes actuacións de saneamento e abastecemento de auga que se executarán nas parroquias. As actuacións que se levarán a cabo os vindeiros meses a cargo do Remanente de tesourería son na rede de saneamento e pavimentación de viais nos lugares de Alleira e o Cal, en San Román por un importe de 77.355,45 euros; a renovación de redes de abastecemento de auga potable desde a ponte do Río Xunco ata a estrada do Vilar e dende a Fonte Santa ata o cruce da Ponte do Rego, en Sargade-

los por un importe de 48.169,83 euros, a substitución da rede de saneamento na Ponte de Lheiro, en San Ciprián; por un importe de 47.651,37 euros.

Tamén se mellorarán as redes de abastecemento de auga potable, saneamento, depuración e pavimentación de diferentes vías no lugar de Vilaestrofe, en San Román, por un importe de 127.667,41 euros, a substitución de redes de saneamento e abastecemento de auga na Avenida da Mariña, desde o cruce da Rúa da Cruz ata o cruce da Rúa Bellavista e Rúa da Veiga, por un importe de 48.368,14 euros e o mantemento e mellora do depósito de auga da ETAP de Rúa.

Acometerán melloras na parroquia de Rúa

Está previsto acometer dúas actuacións na parroquia de Rúa antes de que remate este ano. En concreto, as obras vanse executar no depósito de auga potable da ETAP e na vía que vai á caseta dos cazadores. A primeira actuación suporá un investimento de preto de 50.000 euros - 48.187,16 concretamente- todos eles procedentes de fondos municipais, e consistirá na execución dun valado perimetral do depósito de auga, executándose tamén unha cancela para os peóns e outra de grandes dimensións para facilitar o acceso con maquinaria para a realización de traballos de conservación.

Realizarase ademais unha limpeza e saneado xeral e a impermeabilización do depósito que abastece Rúa.

NUEVA GERENCIA

DESAYUNOS MONTADITOS

Happy Cafetería Days

HORARIO 06:30/ 23:00H

CAFETERIA HAPPY DAYS

CALLE ÁLVARO CUNQUEIRO 22, FOZ

Xa está en marcha o novo servizo de Madrugadores

O Concello pon en marcha neste próximo curso un servizo de Madrugadores, permitindo ás familias deixar aos seus fillos e fillas no colexio antes da entrada a clase para facilitar a atención dos menores con proxenitores que teñan un horario laboral que non coincide co escolar. Este novo servizo prestarase no CEIP Celso Currás do Concello de Trabada dende setembro a xuño, con actividades de ocio e ocupación do tempo de lecer baseadas nos principios da educación non formal en horario de 08.00 horas ata o inicio das clases. “Trátase dunha nova iniciativa enmarcada nas liñas de apoio que dende o concello poñemos en marcha para seguir contribuíndo á conciliación da vida laboral e familiar, ademais de seguir traballando con medidas responsables que fomenten

a natalidade e melloren a situación educativa das nenas e nenos”, explica Mayra García Bermúdez, alcaldesa de Trabada.

O acceso aos Madrugadores pretende dar prioridade ás familias numerosas e ás familias nas que os dous proxenitores traballen. A tarifa será de 25 euros ao mes e o servizo está dirixido aos nenos e nenas nados entre o 1 de xaneiro de 2009 e o 31 de decembro de 2018.

A preinscrición será preferiblemente telemática desde mañá, día 5 de agosto, e ata o 20 de agosto. O número máximo será de 10 usuarios e, no caso de haber máis solicitudes que prazas, accederase ao servizo tendo en conta a orde da puntuación acadada na baremación. As bases completas e o modelo de solicitude está na sede electrónica do Concello.

Inaugúrouse o Centro Etnográfico José Rocha nas antigas escolas

Inaugúrouse o novo Centro Etnográfico José Rocha de Trabada, este novo espazo situado no edificio das antigas escolas do municipio mariño conta cunha achega de 18.000 euros da institución provincial a través do Plan Único de Coperación cos Concellos.

Este novo centro etnográfico, público e de carácter municipal, nace coa misión de conservar e difundir o patrimonio material e inmaterial de carácter etnográfico do Concello de Trabada e tamén da comarca da Mariña, enmarcada no Camiño Norte de Santiago.

Tomé Roca, presidente da Deputación, destacou o valor deste centro que continúa vinculado á “difusión do coñecemento e contribuírá de maneira importante a dinamizar a vida social e a vida económica de Trabada”. “Se queremos que a xente se quede a vivir no noso rural, nas nosas aldeas e nos nosos pobos, o que temos que facer as administracións é achegar os servizos públi-



O novo centro busca atraer turistas e fomentar proxectos

cos aos veciños, non recortalos. E debemos, tamén, fomentar novos proxectos que fagan máis atractivos os nosos concellos, e que contribúan a crear emprego”, sinalou o mandatario provincial.

O Centro Etnográfico José Rocha contará seccións destinadas á etnografía e espazos para o arquivo fotográfico e bibliográfica cedidas, na súa maioría polo veciño trabadense, José Rocha. O presidente quixo agra-

decirle a “xenerosidade e polo seu compromiso coa súa terra” ao doar os elementos que agora poderán ser visibilizados por todas as persoas que se acheguen ao concello.

“Coidar de todo este patrimonio material e inmaterial é unha obriga que nos enriquece como sociedade, pero tamén é unha aposta polo futuro, polo desenvolvemento económico”, recordou José Tomé.

ourol

Acaban obras en vías e comezan as de eficiencia enerxética

O Concello de Oourol rematou as obras incluídas dentro do Plan Único da Deputación da anterior anualidade.

“Acabamos fai uns 10 días as obras de reparación de vías de case todas as parroquias, con aglomerado e dobre rego asfáltico e que contaron cun importe de 171.194,79 euros”, informou o alcalde ourolés, José Luis Pajón.

Tamén finalizaron fai unha semana as melloras en camiños de acceso a parcelas agrícolas con fondos de Agader e que contaron cuns 62.000 euros de investimentos.

No tocante á eficiencia enerxética, están rematando a rehabilitación enerxética da envolvente térmica da Casa Consistorial e Centro Social de Oourol e mellora da eficiencia nas instalacións de climatización dos edificios da Casa Consistorial, Centro Social e Edificio Multiusos. “Tamén cambiarase o tellado da antiga camara agraria e fiestras con outra inversión da IDAE”, di Pajón, “E hai destinados uns 20.000 euros para para o cambio de fiestras e portas dos locais sociais de Sixto e Miñotos”.

Por outra banda, este ano teñen adxudicada o cambio de mellora da traída de augas con cargo ao

Fondo de Compensación e que consistirá na reposición e reparación de instrumentos en arquetas e tubaxes nas “que hai bastantes roturas”, estas obras faranse nas parroquias de Xeriz e Bravos.

“Na traída xeral que sae dende a depuradora haberá que reparar as arquetas e reformalas por unhas máis grandes, así como substituír compoñentes como empates, válvulas, manillas, etc, porque son da época da construción inicial da depuradora e xa están bastante deteriorados”, comunicou o rexedor.

OUTUBRO. Dende o Concello esperan que estas obras, que contan cun orzamento de arredor de 90.000 euros, comezan pronto “neste mes de setembro e teñen que estar rematadas a mediados de outubro”.

Outra das obras que lles falta por adxudicar é a dunha canalización eléctrica de preto dun quilómetro para a subministración de enerxía no depósito de auga de Oourol, “pois temos colocadas unhas placas solares pero non son tan efectivas como esperabamos nun principio xa que se atopa nunha zona sombría e o clima tampouco axuda”.



PEREGRINO. Andrea Bianchi, de nacionalidade italiana, converteuse no primeiro peregrino en pernoitar no albergue municipal de San Xiao, ubicado na parroquia de Sante no Concello de Trabada. Pola súa parte, Andrea Bianchi manifestou que é “un namorado de España”.

Operativo o sistema de reserva da pista de pádel

Xa está operativo o sistema de reserva online da pista de pádel a través da páxina web municipal. O sistema é moi sinxelo, xa que tan só é necesario entrar no enlace para reservar a pista de pádel durante 90 minutos.

A reserva da pista e o pago realízanse de forma online. Posteriormente, é necesario recoller a ficha que abre a porta das instalacións no Concello de Trabada.

A alcaldesa de Trabada, Mayra García Bermúdez, amosa a súa satisfacción “por proporcionar

aos veciños e veciñas unha nova instalación deportiva para a práctica dun deporte en auxe como é o pádel”. A pista está ubicada nas instalacións do campo de fútbol municipal, que estaba en desuso porque non cumpría as medidas reglamentarias.

Desde o Concello tamén traballan en impulsar e promover máis proxectos para este emprazamento, co fin de que contribúan a mellorar as dotacións públicas municipais e a fomentar os hábitos de vida saudables.

O Goberno compra material para o polideportivo

O polideportivo municipal contará con novo material deportivo adquirido polo Concello con fondos propios, tras “a reiterada negativa da Xunta de Galicia a conceder ás axudas para tal fin”, explica a alcaldesa. No proxecto presentado á Xunta de Galicia, o goberno local expón as eivas de humidades e problemas de drenaxe nos vestiarios, dando lugar a un mal estado de conservación das instalacións. Asemade, o informe recollido expón as carencias relativas a material do ximnasio.

Por iso, neste proxecto, o Concello de Trabada solicítalle á Xunta de Galicia a renovación da zona de vestiarios, así como a adquisición de novo material (tres bicicletas indoor, dúas cintas de correr, dúas air bike, unha prensa, unha dominadas asistidas, un banco de remo e un banco de estiramientos) a través da citada subvención. Non obstante, o goberno denegoulle ao Concello de Trabada dita subvención nos dous últimos anos, co implícito prexuízo para o benestar da poboación.

Co obxectivo de paliar as eivas producidas por este trato inxusto á veciñanza de Trabada, o goberno local vén de adquirir unha cinta de correr sufragada con fondos propios do concello, cun investimento que supera os 4.000 euros.

Antonio López, reitor da USC, nomeado embaixador da vila

Antonio López, Reitor da Universidade de Santiago de Compostela e natural de San Xulián de Cabarcos, foi nomeado embaixador de Barreiros para a promoción do Camiño de Santiago ao seu paso polo devandito concello. No acto estivo acompañado por Ana Ermida, alcaldesa de Barreiros, e membros da corporación local.

A alcaldesa na súa intervención trasladou o "orgullo de todo o pobo de Barreiros por contar entre os veciños con Antonio López ao fronte dunha das institucións máis importantes deste País" e cualificou o acto "non só como un recoñecemento á súa persoa, unha mostra de afecto do seu pobo que ten o orgullo de contar con el e coa súa valía. É tamén un xeito de recoñecer o seu traballo e a súa dedicación ao ensino público, á posta en valor das universidades públicas deste País que levan centos de anos formando xeracións de galegos e galegas que agardemos que algún día, poidan deixar todo o aprendido neste país."

Ana Ermida trasladoulle o agradece-



Antonio López asinando o libro do Concello

mento "por seguir traballando para que a Universidade de Santiago de Compostela, con máis de 500 anos de historia, siga facendo posible que as fillas de costureiras, de labregos, de obreiras accedamos, se o desexamos a estudos universitarios."

O proxecto O Camiño a Bocados-My way da Asociación AXEL, pretende promocionar os diferentes camiños ao seu paso por Lugo e forma parte do programa O teu Xacobeo, da Xun-

ta de Galicia.

O Camiño a bocados quere poñer en valor a gastronomía e o patrimonio natural e cultural das zonas que percorre a ruta xacobeá a través de accións promocionais difundidas en plataformas como redes sociais ou blogs. A proposta incluíu tamén o nomeamento de persoas como embaixadoras nos concellos de Samos, Castroverde, Trabada, Baleira, Lourenzá e Triacastela.

Adxudicada a mellora na estrada que enlaza os areais



Visita do presidente da Deputación a Barreiros

A Deputación adxudicou as obras de mellora e rehabilitación dun novo tramo do firme da estrada provincial LU-P-0610, no concello, cun investimento de 120.777 euros. Esta vía dá servizo a numerosos veciños mariñáns e visitantes, xa que serve de enlace para as praias de Altar, Reinante e a glorietta das Catedrais, algúns dos areais máis visitados na época estival.

Os traballos, que consistirán na limpeza de cunetas, estendido de aglomerado e, posteriormente, o pintado e a instalación da sinaliza-

ción vertical, acometeranse entre os quilómetros 1,400 e 3,400, cun prazo de execución de 9 meses. A institución provincial xa investiu 91.300 euros nesta vía estratéxica para Barreiros e a comarca da Mariña, para mellorar o tramo que vai do punto quilométrico 3,400 ao 5,400, e o compromiso do presidente é que neste mandato a estrada quede totalmente renovada. Tomé enmarcou esta actuación na rede de estradas na aposta da institución por mellorar a mobilidade e favorecer o reequilibrio territorial.



Imaxe da renovada área do Santo Estevo

Renovada a paraxe do Santo Estevo do Ermo

Acometéronse diversos arranxos nunha das súas iconas turísticas, a paraxe natural do Santo Estevo do Ermo, coñecida pola súa ferverza. Segundo explicou a alcaldesa, Ana Ermida, "mellorouse a seguridade arranxando e colocando novas varandas de protección en varios puntos e instalando malla antiesvaramentos nas pasarelas de madeira. Ademais, procedeuse á retirada de especies invasoras, particularmente na zona da área recreativa."

A última intervención inclúe o arranxo con motoniveladora dos

accesos que se atopaban en mal estado; ao tempo que se pretende establecer un sentido único de circulación para aquelas persoas que desexen achegarse en vehículo. Así, estase procedendo á sinalización direccional mantendo o acceso xa existente para a entrada e habilitando como saída o camiño que se dirixe cara á contorna da autovía.

Outras das actuacións que se desenvolveron foi o incremento da sinalización direccional desde San Cosme e a instalación de paneis de aviso de riscos e de normas de convivencia.

Elaboran un plan para garantir o subministro de auga potable

O Concello de Barreiros vén de adxudicar a redacción do plan de seca municipal por un importe de 11.797,50 euros. Este plan preséntase como un instrumento municipal para anticiparse a posibles episodios de seca e permitirá a identificación, avaliación, seguimento, toma de decisións e posterior adopción das medidas precisas de cara a minimizar os efectos adversos dunha situación de seca.

O goberno local explica que a lei de garantía de abastecemento de auga aprobada polo goberno galego no 2019, impón ás administracións locais a obrigatoriedade de contar con un plan para afrontar estas situacións. Por esta razón, a efectos de cumprir co marcado normativamente e de fornecerse dun instrumento que permita mellorar o abastecemento de auga de consumo, concorreron á convocatoria

de axudas publicada por Augas de Galicia; obtendo 9.438 euros para a elaboración do mesmo. Os restantes 2.359,50 euros serán asumidos polo Concello de Barreiros con cargo a fondos municipais.

A alcaldesa explicou que se trata dun instrumento importante "non só porque deste xeito cumprimos cunha obriga legal, senón porque por primeira vez o concello de Barreiros contará cun estudo e análise da situación previa e unha serie de actuacións valoradas coas que poder responder ante un episodio de seca, minimizando os efectos adversos da mesma."

Esta medida súmase a outras e investimentos que se están a realizar na rede de abastecemento de auga co fin de mellorar o servizo e poder dar unha resposta áxil a posibles problemas, ademais de reducir as perdas de fugas ou avarías na rede.

Presentan novas ferramentas de promoción turística

Barreiros conta con novas ferramentas de promoción turística de cara á tempada baixa. Por unha banda realizouse un vídeo promocional do destino baseado na paisaxe e na tranquilidade e, por outra, elaboráronse unhas postais dixitais descargables para que os viaxeiros se levan un recordo de Barreiros e, ademais, as poidan compartir cos seus achegados divulgando así os principais atractivos turísticos do municipio.

Coa idea de fomentar a chegada de turistas en tempada baixa e incrementar os días de estancia así como de premiar a elección deste destino, o Concello optou por lanzar estas dúas ferramentas de promoción ao rematar o verán. Pois, as suaves temperaturas, a práctica de actividades na natureza, a tranquilidade e o contacto coa cultura propician a chegada de viaxeiras e viaxeiros moito máis alá dos meses de xullo e agosto.

CURSO 2021/2022

Contáctanos hoy para reservar tu plaza para el nuevo curso

...where English is fun!

SCAN ME

982 103 377

605 738 247

www.docklandsacademy.es



Imaxe das ruínas da capela

O Concello xa é o propietario da capela de San Tirso de Portocelo

O Concello de Xove informou que se fixo coa propiedade das ruínas da capela de San Tirso de Portocelo e do terreo no que se atopan. Así, o manifestou o equipo de Goberno trala comunicación da Diocese de Mondoñedo-Ferrol da súa doazón.

Xa fai un tempo que o Concello solicitou formalmente á propietaria e esta consecución significa que a área de San Tirso de Portocelo pasa a ser propiedade

do Concello de Xove na súa totalidade, conferíndolle capacidade ao Municipio para deseñar un proxecto de Restauración e, sobre todo, Conservación e Protección dunhas Ruínas de extraordinario valor histórico.

Así mesmo, poderán encarar unha segunda fase máis completa da Intervención Arqueolóxica na zona de San Tirso de Portocelo iniciada no ano 2020, na que se acadou un rotundo éxito de resultados.

O Concello remodelará o parque infantil da rúa José Baamonde

Estase a remodelar o parque pequeno infantil situado na rúa Doutor José Baamonde de Xove para facelo máis accesible para os nenos.

Actualmente, conta con equipamento de xogos e o que se pretende é revitalizalo e fomentar o seu uso dado que conta con se un enclave moi céntrico na vila.

Esta mellora consistirá na rehabilitación da infraestrutura existente así como na colocación dunha estrutura cuberta para que “os cativos poidan desfrutar durante o inverno e nos días de chuvia”, di o alcalde de Xove, Demetrio Salgueiro.

Para elo crearase unha nova zona de pavimento blando con perímetro de liñas curvas que contrasten cos bordes xeométricos da parcela e contará con novos columpios.

A cuberta é unha estrutura ovalada con vigas e correas metálicas e aá súa vez cubrirase de paneis de policarbonato celular de varias cores.

Esta remodelación ascende a un

importe de 114.671,06 euros con ive engadido e terá que estar rematada o 30 de novembro. Foi adjudicada á empresa Bahía.

“Toda a estrutura será máis accesible e os pequenos poderán xogar máis seguros así como resgardados na tempada de inverno”, engade Salgueiro.



Remata Xove Concilia

Fíxose entrega dos diplomas de asistencia do programa Xove Concilia Verán, no cal participaron 60 menores durante os meses de verán, realizando tarefas lúdicas, saídas culturais e actividades

medioambientais O devantito programa responde ao obxectivo do Concello de Xove de facilitar a conciliación da vida familiar, laboral e persoal das familias do municipio durante o estío.

EN BREVE

FESTAS DO OITO. O Valadouro volverá ter a súa tradicional festas de setembro, as Festas do Oito, unhas patronais que contarán con actuacións e espectáculos para os cativos. Así, o día grande, o 8 de setembro, actuarán Os Satélites, e o 9 El Combo Dominicano. Ambas celebraranse nunha carpa situada na praza de Santa María e que contará con sillas para poder controlar os accesos, o aforo e a distancia de seguridade, xa que tan só poderán estar xuntos os convivintes. Aínda que o programa non está pechado seguramente incluírase algún espectáculo para os pequenos e ademais o día 9, que é festivo local, haberá actos relixiosos.

GATOS. A Asociación Protectora de Animais Valadouro Alfoz colabora por segundo ano co Concello do Valadouro no control e esterilización das colonias felinas da vila. Está prohibido alimentar aos animais vagabundos ou extraviados nas vías públicas sen contar coa autorización municipal, salvo situacións que puidesen comprometer o benestar dos animais. A única entidade autorizada para iso é a Protectora de Animais.

A fibra óptica chegará ás 10 parroquias do Valadouro



Adamo xa está activo en moitas zonas da Mariña lucense

A fibra óptica de Adamo xa está activa no Valadouro. Ata o momento, son preto de 800 vivendas as que contan con sinal. Pero serán aínda máis, xa que a compañía estenderá proximamente a súa rede polas 10 parroquias que conforman este concello lucense. Ademais, non se trata de calquera conexión a Internet, senón da fibra óptica máis rápida que se atopa dispoñible hoxe en día no mercado (1.000 Mbps), que ofrece o operador.

As poboacións con menos habitantes, incluídas Na súa filosofía de non deixar a ninguén atrás, Adamo instalará a infraestrutura tanto nos núcleos máis poboados do Valadouro como os que teñen unicamente un puñado de veciños: Alaje, Budián, Cuadramón, Ferreira, Frejulfe, Moucide, Recaré, Santo Tomei de Recaré, Valle de Ouro e Villacampa. En total, son case 1.000 poboadores os que ten este municipio situado na Mariña.

Amplíase o horario da oficina de Correos



Os alcaldes do Valadouro e Alfoz fronte á oficina de Correos

O presidente de Correos, Juan Manuel Serrano anunciou na súa visita que ía ampliar o horario de atención da oficina de correos do Valadouro. O cambio foi efectivo dende o 1 de setembro e o horario de apertura é agora de 9:00 da mañá ata ás 2:30. Os alcaldes das dúas localidades remarcaron “que con esta novo horario damos resposta a unha vella demanda da veciñanza que reclamaban que a oficina de correos abriera máis horas ao público”. Ademais

lembraron que a oficina “tivo que lidiar cos recortes que impulsou o PP ata deixala na situación na que se atopa actualmente”. Pola súa banda a Secretaria Provincial e Deputada Autonómica, Patricia Otero dixo que mentres “o Goberno do PP pecha colexios, centros de saúde e recorta en profesorado nos centros da nosa provincia, o Goberno de Pedro Sánchez impulsa medidas para mellorar a calidade de vida da nosa veciñanza”, replicou.

Finalmente haberá Festa dos Choferes este mes

O Concello de Alfoz cancelou a edición deste ano da súa cita de verán, a Festa dos Chóferes, que se ía celebrar o 30 e 31 de xullo e 1 de agosto. Así, comunicaron que tralos cambios das restricións celebrárase para os días 3, 4 e 5 de setembro.

A festa dará comezo o venres 3 coa verbena do Grupo Montreal a partir das 22.30 horas, e ao día seguinte será a misa solemne ás 13.30 horas seguida da sesión vermú co Dúo Epo-k. Xa pola noite volverá a verbena ás 21.00 horas coa orquestra La Oca Banda e a discoteca Eventec.

Na xornada do domingo desfrutará da esperada procesión de vehículos polas parroquias do Concello a partir das 11.00 horas, e seguirá coa misa ás 13.30 horas, a bendición dos coches e



a sesión vermú a cargo do Grupo Lume.

Os tres días de festa haberá polbo á feira, churrasco e xamón cocido.

O Concello xa ten todo preparado para o inicio do novo curso

Xa está todo preparado para o inicio dun novo curso, desde o día 9 de setembro no que empezan as clases de infantil e primaria, estarán en funcionamento os distintos servizos que o Concello de Alfoz ofrece de balde para favorecer a conciliación familiar.

Entre eles están o programa de madrugadores que será de 7.45 horas a 9.30 horas, e o OES (Ocio e estudio) e Inglés que constará de 3 horas de actividades tras o remate das clases nas que se combina o tempo de xogo e estudio, así como a merenda. As inscricións para o programa estarán dispoñibles no Concello de Alfoz (Oficina de Rexistro) do 1 ao 7 de setembro e, sempre que haxa prazos dispoñibles se poderán incorporar alumnos durante a duración do curso.

BIBLIOTECA. Por outra banda, no mes de setembro estrenarán o espazo dedicado á igualdade dentro da biblioteca, lembran que ademais teñen un Recuncho Violeta virtual no Blog da Biblioteca. Nel contan con libros para todas idades a través dos que se promove unha igualdade real, a loita contra a violencia, a eliminación de estereotipos, as emocións, etc. Ademais terá unha ampla sección de xogos que se poderán usar tanto na biblioteca como levar en aluguer ou nos distintas actividades dos pro-



Equipo de goberno do Concello de Alfoz

gramas de conciliación e de sensibilización da Delegación de Igualdade. Ademais, as lecturas obrigatorias para estudantes, nos diferentes cursos de ESO e BAC para 2021-22, estarán dispoñibles de novo este curso na Biblioteca Pública de Alfoz en formato papel con varias edicións e, de ser posible, en formato electrónico para dispoñer delas tamén nos e-readers cos que conta a Biblioteca (Tamén para préstamo). Unha iniciativa das Delegacións de Educación e Cultura coa que se pretende axudar ao alumnado nos seus estudos.

BECAS. Desde a Delegación de Atención á veciñanza, ofrécese un ano máis o servizo gratuito ás familias e alumnado que o desexen para solicitar as becas de estudo do Mi-

nisterio de Educación, así como a axuda para tramitar as peticións de tarxetas de bus para estudantes que os rapaces e rapazas utilizan para desprazarse ata os institutos da zona para continuar a súa formación. Recoméndase chamar ao 982 558 001 (ext. 2) para concertar cita previa e comprobar que documentación deben levar para os distintos trámites. Este servizo só está dispoñible para estudantes empadroados no Concello de Alfoz. No mes de outubro, abrírase o prazo para as Becas de transporte para estudantes coas que o Concello subvenciona os gastos orixinados ás familias polos desprazamentos aos institutos da Mariña. A tramitación destas axudas tamén se leva desde a Delegación de Atención á Veciñanza.

A Concellaría de Igualdade reparte as axendas escolares



Axendas coeducativas para este vindeiro curso

Por terceiro ano, a Delegación de Igualdade de Alfoz, deseñou as axendas escolares dirixidas a estudantes do Concello de Alfoz. Os modelos de Educación Infantil e Primaria serán entregados directamente no CEIP Castro de Ouro para todos os nenos e nenas nel matriculados, ao igual que todo o alumnado do IES Alfoz-Valadouro. Os estudantes de BAC e FP empadroados en Alfoz que desexen a súa axenda poden pasar polo Concello a recollela coma nos cursos anteriores.

Este ano, como novidade, hai un modelo máis de axenda coeducativa, pensada para os estudantes da Universidade, que ante a demanda do curso pasado por parte dos rapaces e rapazas que xa a tiveran en BAC e FP deci-

dimos incluír un novo formato axeitado con horarios para os cuatrimestres e cunha duración de setembro a agosto. Poden recoller a súa axenda na Delegación de Igualdade do Concello. Este curso están dedicadas a internet, mantendo os contidos habituais (libros, películas, webs, novas...) e os códigos QR para facilitar o acceso e incluíndo novidades centradas no bo uso da rede, nas posibilidades que ofrece pero tamén no coñecemento e prevención de malos usos. Deseñadas para as diferentes idades e etapas educativas e subvencionadas a través da Secretaría de Igualdade da Xunta de Galicia, do Ministerio de Igualdade, do Pacto de Estado Contra a Violencia e da Unión Europea.

ACTIVIDADES CULTURAIS DO MES

PEDRO RUBAL. O 24 de setembro ás 20.00 horas a casa da cultura de Alfoz acollerá a presentación do libro de Pedro Rubal, fillo predilecto do Concello, e da sección da Biblioteca Pública de Alfoz composta pola doazóns de obras de Rubal. Comenzarase coa presentación do recopilatorio de artigos de prensa recollidos nesta obra de Pedro Rubal, intervirán Jorge Val, alcalde de Alfoz; Marcelino Agís, decano da Facultade de Filosofía da USC; Xulio Xiz e Pedro Rubal. A continuación terá lugar a inauguración da sección de obras donadas por Pedro Rub-

al á Biblioteca Pública de Alfoz, así coma o descubrimento da placa conmemorativa coa que o Concello deixa constancia deste feito así coma o seu agradecemento ao xesto de Pedro Rubal.

TEATRO. O 11 de setembro ás 20.00 horas o salón de actos da casa da cultura de Alfoz acollerá a obra *Cartoons* de Excéntricas e Teatro de Adro dentro do programa Ler conta moito.

KINETIKO. O 16 de setembro no Castelo de Castro de Ouro poderase desfrutar da exposición Kinetico

de Xirapaus. Veranse personaxes que a través de mecanismos crean sons e ritmos, historias e contos que nacen co movemento dunha manivela ou dun pedal.

ESPECTÁCULO. O 18 de setembro ás 20:30 horas o salón de actos da casa da cultura de Alfoz acollerá o espectáculo *Astrolabios* de Tarabela Creativa. Astrolabio é unha palabra que vén do grego e que significa buscador de estrelas. É un aparello que se inventou no século II a. C. Porque a curiosidade polo firmamento comezou na Humanidade nin se sabe cando!



Licitado o novo aparcadoiro para visitantes do Fuciño do Porco

Tralo recente aumento de visitantes ao Fuciño do Porco, o Concello do Vicedo vén de licitar o novo aparcadoiro

“Ao principio estimábase que habería 180 prazas, pero co POL, plan de ordenación do litoral, haberá que baixalas a 140”, di o alcalde Jesús Novo.

“Tivemos que facer unha modificación de crédito para así contar cun presuposto de 295.992 euros”, engade Novo.

A obra deberá executarse en catro meses dende que se formalice o contrato e será duns 5.000 metros cadrados resultantes da compra de 6 parcelas. Ademais de acondicionar o espazo haberá que levantar muros pola pendente e que ten o terreo e ampliarse a estrada de acceso, así como a construción de aseos e unha caseta de información.

Así mesmo, o Concello estreou un novo aparcadoiro provisional para a praia de Xilloi por mor da gran afluencia que está tendo.



Novo aparcadoiro en Xilloi

Dende o ente municipal recomendan “darlle uso dende hoxe mesmo”. Hai que lembrar que a praia de Xilloi conta con casi 1 quilómetro de área e con bandeira azul.

PRAIA SEN FUME. A Rede Galega de Praias sen Fume acada este ano un total de 187 praias, sexan mariñas ou fluviaias, de 77 concellos diferentes das catro provincias galegas. En consecuencia, na actualidade, o 37%

das praias galegas, xa son “praias sen fume”, contribuíndo a promover unha vida sen tabaco, desnormalizar o seu consumo e tamén coidar o medio ambiente.

Neste 2021, o diploma de prata acredita a aqueles concellos que teñen polo menos a metade das súas praias declaradas sen fume. Contan con esta acreditación un total de 11 concellos e na provincia de Lugo están Cervo e O Vicedo.



Antigo acueducto da Forqueta (Riobarba), de Andrea Fernández Vizoso

Xa hai gañadores da IV edición do concurso de Fotografía

Celebrouse a gala de entrega de premios do 4º Concurso de Fotografía O Vicedo, ao cal se presentaron 19 participantes e máis de 50 fotografías.

As fotografías premiadas foron Antigo acueducto da Forqueta (Riobarba) de Andrea Fernández Vizoso, levou o primeiro premio valorado en 300 euros, Estelas na Ermida das Angus-

tias de Paco López, acadou o segundo de 200 euros e Patrimonio privado en Xilloi de Juan Insua conseguiu o terceiro de 100 euros. Na categoría de Sub 30 o premio foi para a fotografía Igrexa de Cabanas de Carlota Baltar Salgueiro.

Os nenos e nenas participantes recibiron un libro de agasallo.

Licitarán nos próximos días obras en camiños municipais

O Concello licita obras de mellora e acondicionamento de camiños municipais por un importe total de 247.165,98 euros. Con cargo ao Plan Marco, mellorarán os camiños de acceso a parcelas agrícolas nos núcleos de Seivane, rúa Travesa e Ferrería por un importe de 74.332,72 euros. O goberno local ten proxectado tamén o acondicionamento de camiños con cargo ao Plan Único. No primeiro proxecto inclúense camiños das parroquias de Masma e Os Remedios que serán licitados por un importe de 48.326,60 euros; mentres que o segundo proxecto recolle o acondicionamento de camiños de Argomoso, O Carme, Lindín, Masma, Oirán, Os Remedios, Santiago de Mondoñedo e San Vicente para os que se dirixen 105.626,79 euros.

As actuacións previstas inclúen o camiño de Fondoso, os acceso a Valiño, un camiño en Tronceda, a pista de acceso á igrexa de Masma, o acceso ao cemiterio municipal, un camiño en Vigo, en A Seara, en Centeás, un tramo en Oirán, dous tramos no Outeiro, un camiño no Burgo, outro no Carme, en Valiñadares, Argomoso (Cova do Rei Cintolo), dous camiños en San Vicente e dous en Lindín.

E as actuación do Plan Único 2020, que supoñen o acondicionamento de camiños nas parroquias de Couboeira, Masma e Argomoso; serán licitadas por importe de 18.879,87 euros. Neste caso, será acondicionado o tramo de estrada A Follente con estrada A Furada, no camiño Souto da Retorta e a estrada desde a vía provincial LU-P-3102 a Pausalido.

Novo Bispo

O 4 de setembro a catedral acollerá a toma de posesión do sacerdote burgalés don Fernando García Cadiñanos que será ordenado bispo da diocese de Mondoñedo-Ferrol.



Novo centro de interpretación adicado á figura de José Barro

O Concello de Mondoñedo e a Asociación de profesores de automoción de Galicia (Apaga) poñen en valor a figura do mindoniense José Barro González, creador das industrias Barro Chavín en 1896. A súa documentación técnica verá a luz grazas a un convenio de colaboración entre a empresa Hidrofersa de Chavín e a asociación Apaga. E será nun espazo que cede o Concello para a creación dun centro de interpretación da súa obra. Así, a través dos centos de traballos técnicos feitos nas instalacións de Barro Chavín, José Barro volve de forma simbólica ao seu lugar de orixe, onde pasaba todas as fins de semana xunto ao seu irmán Antonio que tiña unha fábrica de refrescos no lugar da Casa Blanca, en Viloalle, e onde quería ser soterrado.

Este centro de interpretación nace coa vontade de sumar colaboracións de distintas entidades e persoas que poidan aportar máis documentación ou materiais para ampliar este patrimonio sobre a industrialización de Galicia.



Diferentes pezas e instrumentos do centro de interpretación

A documentación recolle a súa biografía e os seus traballos desde 1896 ata 1943 e o proceso de internacionalización da súa industria.

EMPRENDEMENTO. José Barro era un home de familia humilde, sen recursos, que suplía a falta de formación coa súa intelixencia. Este mindoniense emprendedor creou a súa propia empresa que chegou a alcanzar os 300 empregados, a súa propia escola de aprendices e logrou establecer relacións con

franceses, alemáns e ingleses ata chegar a ter unha delegación para vender os seus coches na Habana. Os promotores deste proxecto afirman que “este mindoniense se converteu nun entusiasta pioneiro do automobilismo.

A súa vida e o seu traballo son dignos de estudo”, subliñan. Así mesmo, destacan que foi “un gran traballador e emprendedor” polo que o poñen como exemplo a seguir tamén na actualidade. Este proxecto desenvolverase en galego.

lourenzá

Lourenzá acollerá diferentes actividades para setembro

A localidade de Lourenzá acolle varias actividades culturais para o mes de setembro cos programas Cultura no Camiño, Ler conta moito e Música nas parroquias. Así, estas actividades darán comezo o 5 de setembro co espectáculo do Mago Antón, *A volta a Galicia en 313 concellos*, que contará con 8 pases distribuídos desde as 12.00 ás 22.00 horas. O domingo 12 de setembro ás 20.00 horas o salón de actos do Concello acollerá a obra de teatro *Tabú*,

a cargo de Tarabela teatro. Dentro do programa Ler conta moito e dirixido a un público infantil, comezará o día 10 con *Robótica educativa* e *Contos da Lúa* será o día 16. Xa o día 21 de setembro será a quenda de *Lendas do Camiño*. O día 24 a sala de exposición municipal acollerá a mostra de Xirapaus Kinética. Xa por último, na Música nas parroquias, a Banda de Música de Lourenzá actuará o 5 de setembro en Santo Adrao.

A Deputación colabora nas melloras da casa da xuventude

A Deputación aprobou ampliar o prazo que ten o Concello de Lourenzá para executar o investimento recollido nun convenio de colaboración co organismo provincial. Trátase dun convenio para a construción dun depósito de incendios e a mellora da Casa da Xuventude, para o que a Deputación aporta 50.000 euros.



Constrúen un depósito de auga na parroquia de Santo Tomé



O novo depósito de auga

O Concello de Lourenzá construíu un depósito de auga na parroquia de Santo Tomé, concretamente no lugar de Cadros, para utilizar en caso de incendio. A alcaldesa, Rocío López, explicou que “esta obra, que consistiu na construción dun depósito de formigón armado de 75 metros cúbicos, foi financiada a través dun convenio coa Deputación por importe de 23.595 euros”. A rexedora comentou que “a finalidade é dotar a zona do val dunha

infraestrutura axeitada que facilite os traballos de carga de auga e que permita actuar dunha maneira máis rápida e efectiva ante incendios. Con esta obra seguimos mellorando infraestruturas e servizos no rural. Trátase dunha intervención prioritaria e moi demandada xa que a situación escollida para a súa construción é de fácil acceso para os medios terrestres, o que permite acoutar os tempos nos labores de carga e descarga”.

Programan xornadas gastronómicas da carne de poldro

O vindeiro 3 e 4 de setembro nos locais de hostelería Laurentinos habrá unhas xornadas de degustación de carne de poldro en Colaboración coa Asociación de Criadores do Cabalo de Pura Raza Galega Puraga.

A carne de poldro galego 100% raza autóctona é un produto baixo en graxa, alto en proteínas e moi rico en ferro. O consumo de carne de poldro recoméndase para toda a poboación e en especial para aquelas persoas que, ben sexa pola súa situación (embarazo, anemia) ou pola súa actividade diaria (deportistas), necesiten dunha alimentación altamente nutritiva.

Todos os poldros co Selo de calidade 100% Raza Autóctona Cabalo de Pura Raza Galega críanse en liberdade nos montes galegos, o que asegura o benestar do animal. Por tanto, a carne é un produto de calidade, sostible e de produción local; que promove a continuidade de razas autóctonas e axuda a conservar o patrimonio gandeiro xeración tras xeración.

mondoñedo



Crearán na Fonte Vella un museo sobre traídas de augas

O Concello de Mondoñedo pon en marcha a creación dun museo sobre as traídas de augas de Mondoñedo dentro do espazo da Fonte Vella, amosando sistemas de canalización dende o século XVIII ao XXI. O centro de interpretación ofrecerá tanto obxectos coma descrições e informacións relacionadas coas traídas de auga a Mondoñedo. Situarase no espazo interior de bóveda de canón onde se localizan as captacións de auga da Fonte Vella. Entre os elementos que se poderán ver neste museo atópase un cano

de pedra de finais do século XVIII que formaba parte da traída de abastecemento de auga do pazo episcopal e continuaba ata a praza do Seminario. Tamén un exemplo de tubo de cerámica usado nos séculos XVIII e XIX para a canalización de augas de uso público e privado dende os mananciais ás fontes da cidade e outros edificios de Mondoñedo; pezas de ferro da traída de auga de Mondoñedo de comezos do século XX e as actuais de PVC actuais que van substituíndo ás vellas de ferro.

Docklands escolle Lourenzá para abrir unha segunda academia de inglés

Michael Barry Wilson fundou Docklands Academy en Foz na anualidade de 2016. Na actualidade, cinco anos despois, abre a súa segunda academia de inglés, pero agora faino en Vilanova de Lourenzá.

Michael, porqué decides abrir unha nova academia nestes momentos?

Creo, e desexo, que a pandemia se está terminando pero fundamentalmente porque aquí en Lourenzá a xente, tanto nenos coma adultos, non teñen a posibilidade de ter clases de inglés.

Cal é a zona que abarcas entón coa Docklands Academy en Lourenzá?

A idea é a de prestar servizo aos veciños do Concello pero tamén aos da zona cos que se vincula como son Mondoñedo, Trabada, Riotorto, Alfoz e Ferreira do Valadouro. A verdade é que nestes primeiros momentos as sensacións cos veciños foron estupendas e xa temos bastantes matriculados.

Cando comezades as clases neste novo centro?

Estamos acabando de acondicionar o local e en outubro comezarán as clases, nestes momentos está aberto o prazo de matrícula e poden inscribirse os alumnos para o centro de Lourenzá de forma gratuíta ata o 18 de setembro. Tamén indicar que as familias que teñan máis dun mem-



bro matriculado teñen un 5% de desconto na totalidade da factura.

Cal é a dirección exacta das instalacións e como poden matricularse os interesados?

Rúa Fernández del Riego 7, local 3, E poden matricularse na nosa web: www.docklandsacademy.es no teléfono 605738247 ou a través do mail infodocklandsacademy.es. O horario de apertura será pola tarde entre as 15:30 e as 21:30 e pola mañá en función da demanda que temos, sobre todo as mañás enfocámolas aos adultos e adaptámonos a cada caso concreto.

Que idade ou nivel alcanzan os vossos cursos?

Temos a mesma oferta que estamos facendo en Foz na actualidade. Nenos e nenas desde os 2/3 anos e

ata persoas maiores. E tódolos niveis, desde o máis básico ata a preparación de probas oficiais coma a de Cambridge. Para adultos tamén temos grupos de conversación e tamén adaptámonos ás necesidades persoais, por exemplo, unha empresa necesita formar empregados por algunha necesidade concreta, pois facemos clases adaptadas as esas necesidades. Tamén clases de apoio a outras clases coma a escola de idiomas ou para mellorar destrezas concretas como listening ou speaking. Hai que dicir que cumprimos co protocolo covid que tan ben nós resultou o curso pasado: entradas espazadas entre alumnos, máscaras, xel e distancias de seguridade.

Porqué recomendas matricular a xente en Docklands Academy?

Temos unha metodoloxía de aprendizaxe propia, non só ensinamos inglés normativo senón que o ensinamos a través de experiencias reais e cremos que así é máis útil para os rapaces. Por exemplo facendo actividades lúdicas como talleres onde se dan situacións reais da vida cotiá e os nenos aprenden divertíndose. Outra vantaxe que ten o noso método é que dispoñemos dunha plataforma online con contidos propios que complementan a formación presencial ofertada.

riotorto

Reanudan en setembro o roteiro de Avelino Díaz

Trala pausa do ano pasado, recu- pérase o Roteiro Avelino Díaz, que chega á súa sétima edición, que terá lugar a fin de semana do 4 e 5 de setembro e que se celebra sempre ao rematar as festas de Meira.

Ademais da ruta, haberá diferen- tes actuacións musicais. Así, as celebracións comezarán o sábado 4 de setembro, ás 20.00 horas na praza do Concello de Meira, coa actuación do grupo tradicional Cántigas e Froes, que será no pavillón se o tempo non acompaña. Esta actuación está encadra- da dentro do programa Mu- siqueando pola provincia de Lugo da Deputación provincial. O roteiro terá lugar o día 5 con saída ás 11.00 horas desde a praza do Con- cello de Meira e chegada ás 14.00 horas á casa natal de poeta na Órrea. O Roteiro Avelino Díaz foi concibido coa idea de recordar o camiño

que Avelino e a súa familia realizaron desde o lugar da Travesa, na Órrea —onde naceu— ata A Pena, en Meira —onde viviu durante a súa ado- lescencia e primeira xuventude—. Este ano non haberá almorzo pero si se repartirá un refrixerio gratuito ao final do percorrido, ademais de faci- litar a volta a Meira a quen o precise. Nun punto do camiño inaugu- rarase un novo chanto dedi- cado a Avelino, obra do escul- tor de Meira Manolo Pardo. Os interesados en inscribirse po- den facelo no whatsapp 636 721 008 antes do 3 de setembro en- viando o seu nome completo. A Asociación Cultural Avelino Díaz persegue que ao autor se lle dedi- que un Día das Letras, precisamen- te porque esa sería a única maneira de poder rescatar os 851 poemas que permanecen inéditos ou sen localizar, ademais da súa obra xor- nalística ou dramática.

Viaxe e concerto en Órrea

A Asociación de Veciños de Santa Comba de Órrea, en Riotorto, ce- lebrará o domingo 12 de setembro un roteiro polos regos e as fontes da localidade. Para participar será ne- cesario inscribirse previamente no whatsapp 618 480 957, preferen- temente antes do 10 de setembro, ás 22.00 horas.

A ruta dará comezo ás 10.30 horas dende o campo da festa e remata-

rá no mesmo lugar ás 13.00 horas. Repartirase entre os asistentes un refrixerio gratuito ao final do per- corrido.

Como complemento, ás 13.30 ho- ras, terá lugar a actuación do grupo tradicional Toleache pola Peneira, de Vilalba, que ofrecerá un con- certo no campo da festa dentro do programa Musiqueando pola pro- vincia de Lugo, da Deputación.

a pontenova

Seguen as obras en 5 quilómetros da LU-741



Momento de comezo das obras

Comezaron as obras da LU-741, na Pontenova, entre os núcleos de Vilaoudriz e Aldeguer e que conecta co núcleo urbano da Pontenova. Estas tarefas estanse a facer nun tramo de 5,1 quilómetros e que contan cun orzamento de 334.500 euros. As obras executaranse no prazo aproximado dun mes e du- rante a primeira quincena será necesario cortar o tráfico para acometer os labores de aglo- merado e posteriormente rea- lizaranse desvíos puntuais, en todos os casos debidamente sinalizados.

Na área urbana e durante os primeiros 500 metros aplica- ranse fresados localizados en rodeiras e reposición con mes- tura bituminosa en quente, cun

espesor de 5 centímetros, nos puntos nos que se constatou a presenza de fisuras localizadas e zonas deformadas. A actuación terá o ancho do carril completo. No resto da vía estenderase unha capa de regularización nos treitos nos que sexa preciso, para realizar a continuación o reforzo do firme cunha capa de rodaxe similar, con mestu- ra bituminosa en quente de 5 centímetros.

A intervención completara- se con outras actuacións de mellora da seguridade viaria, como o repintado da sinaliza- ción horizontal e a limpeza de gabias, que teñen por obxecto mellorar as actuais prestacións da estrada en beneficio dos usuarios.

Convocado un concurso de fotografía para facer un calendario

O Concello pon en marcha un concurso de fotografía “co fin de que se resalten ese espazos da nosa vila que nos parecen os máis fermosos pero que, ao mesmo tempo, son descoñecidos para a gran maioría dos veciños e veciñas deste concello”. O prazo para presentar as imaxes é ata o 15 de outubro, e as gañadoras saíran publicadas no calendario da Pontenova do ano 2022.

Poden concursar todas aquelas persoas que o desexen, estean ou non empadroadas na Pontenova, sempre que sexan os autores das foto- grafías presentadas e as imaxes se axusten á temática. Cada participan- te poderá presentar un máximo de 3 fotografías, que poderán ser en cor ou en branco e negro.

As fotografías deben respectar as seguintes condicións: en formato horizontal, e deberán enviarse nun dos seguintes arquivos dixitais (JPEG, PNG ou TIFF) cunha resolución mínima de 8MB cada imaxe.

O prazo para presentar as fotogra- fías ao concurso abrirase o 1 de setembro e rematará o 15 de outubro, ámbolos dous inclusive. Deberán ser remitidas ao seguinte correo electrónico: turismo@concellodaponteno- va.org especificando no asunto do correo: Concurso Calendario 2022 A Pontenova, e no texto do mail: os datos persoais do autor así como a sinalización dos datos da fotografía. As 24 fotografías seleccionadas expoñeranse públicamente para unha votación popular.

vegadeo

O Concello quiere facerse co complexo do Mazo de Meredo

O Mazo de Meredo, en Vegadeo, atópase en moi mal estado por iso o Concello quiere facerse co complexo etnográfico.

Leva anos pechado tralo remate da concesión de explotación, e o Con- cello quería compralo, pero non hai acordo entre os herdeiro polo que agora terá que activarse o trámite da expropiación.

A intención do Concello é poder le- var a cabo esa expropiación durante este 2021 para así no vindeiro ano outra empresa se faga cargo da súa xestión e poida reabrirse.

O obxectivo é tratar de salvar esta xoia do século XIX que se atopa a 8 quiló- metros de Vegadeo e é un elemento máis dos recursos da comarca.

O Parque Medal acollerá o Mercado Ecolóxico este mes

A fin de semana do 4 e 5 de setembro o Concello de Vega- deo acollerá o Mercado Ecoló- xico no Parque Medal entre as 11.00 e as 20.00 horas. Unha iniciativa na que paticiparán ao aire libre expositores cun- ha gran variedade de produ- tos, destacando alimentación e principalmente produtos da horta, pero tamén pan, queixo, café, mel, cervexa e ostras do Eo certificadas.

Dadas as circunstancias non se puido celebrar ECO21 como nas edicións pasadas, é por iso, que o Concello de Vegadeo co apoio do COPAE optou por rea-



lizar un mercado ao aire libre e respectando as medidas sani- tarias obrigatorias.

Eco das Minas prepara unha nova festa para setembro

A asociación Eco das Minas da Pontenova acolle o 4 de setem- bro o seu particular evento. Será na Praza dos Fornos de A Ponte- nova a partir das 19.00 horas e comezará con pasarrúas a cargo do grupo de música tradicio- nal A Chocolateira, acto seguido será a demostración e obradoi- ro de billarda con Troitas Bravas. Ás 20.30 horas teatro Kamishibai de contos en galego escritos e ilus- trados por Rocío F. Paz, e acto se- guido será o concerto de Coman- do Curuxás.

FEIRA DE ARTEANÍA E ANTIGÜ- DADES. O Concello acollerá desde o 4, 5 e 6 de decembro a celebra- ción da XIV edición da Feira de Ar- tesanía e Antigüidades. A feira terá lugar na praza dos For-



nos onde se instalarán como nou- tras ocasións numerosos postos de artesanía de diferentes zonas xeográficas españolas, onde se expoñen artigos de cestería, car- pintería, complementos en tea, xoiería ou coiro. O evento podería contar tamén coa presenza de ar- tesáns que realizarán talleres en vivo.

DEPORTES

Volve a Carrera Popular laurentina Val das Fabas

Este ano volve a Carrera Popular laurentina Val das Fabas, que terá lugar o próximo 2 de outubro que este ano chega á XI edición. Esta carreira será ás 17.00 horas para menores e a partir das 18.00 horas a absoluta.

A vindeira semana abrirán as inscricións con límite de participación tanto en categorías menores como absoluta.

En anteriores ocasións esta popular carreira contaba con dous desafíos nunha soa proba, así os atletas participantes na categoría absoluta poderían escoller se participaban na Carreira Verdina de 7 quilómetros ou na Carreira Galai-ca de 14.

Ademais, haberá premios con trofeos inéditos, camisetas de agasallo, medallas para todos os nenos participantes, e moitas máis sorpresas que se irán coñecendo a medida que se achegue a data.

Adrián Ben, quinto na final olímpica de 800 metros

O viveirense, Adrián Ben, quedou en quinta posición na final olímpica de 800 metros lisos. Enfrontouse a atletas moi versados nesta modalidade pero aínda así conseguiu ser o primeiro atleta español que chega ata a final en 800 metros.

O podio final destacou nas dúas primeiras posicións polos keniatas Emmanuel Korir (1:45.06) e Ferguson Rotich (1:45.23), e a terceira posición do polaco Patryk Dobek (1:45.39), a cuarta do australiano Peter Bol (1:45.92) e na quinta o viveirense Adrián Ben (1:45.96).

FILLO PREDILECTO. O pleno municipal do Concello de Viveiro aprobou por unanimidade nomear a Adrián Ben Fillo Predilecto de Viveiro. “A unanimidade non só é política, tamén de todos os veciños e veciñas, estamos moi orgullosos de Adrián,



Ben será nomeado fillo predilecto

que sempre lembra as súas orixes”, asegura a alcaldesa, María Loureiro. En palabras da alcaldesa, “tivemos en conta os éxitos deportivos, por suposto, pero sobre todo a súa forma de ser e os valores que transmite, un rapaz humil-

de e traballador que leva o nome de Viveiro por todo o mundo”. O acto no que se nomeará a Adrián Ben Fillo Predilecto celebrárase cando a axenda deportiva de Adrián Ben lle permita pasar uns días en Viveiro.

Nova data para a Viveirobike Xtreme

O presidente da Peña Ciclista Lar de Viveiro, José Manuel Pernas Vázquez, comunicou que trala suspensión da proba o 18 de xullo a nova data de celebración será o domingo 17 de outubro.

“É unha decisión difícil, moi difícil, levamos tempo preparando todo para poder celebrar a Viveiro Bike Xtreme e despois de tanto traballo detrás ter que cancelala. Tivo que ser cancelada por motivos de non ter a tempo os permisos requiridos para a devandita proba”, informou. Esta proba terá dúas modalidades a corta de 35 quilómetros e a larga de 65. A organización n dará máis datos proximamente.


O CD San Ciprián ten aberto o prazo de inscrición

Dende o CD San Ciprián informan que segue aberto o prazo de inscrición para formar parte das categorías inferiores do Club. Os interesados poden enviar un email a cdsciprian@gmail.com ou contactar con calquer directivo do Club.

O pavillón de Marzán acollerá o I Torneo Praias de Foz de baloncesto

O Concello de Foz acolle por primeira vez o I Torneo Praias de Foz de baloncesto, un evento que se celebrará o día 7 de setembro ás 20.00 horas e que enfrontará ao Río Breogán e a Unicaja Banco Oviedo.

Este partido será no pavillón de Marzán e contará con todas as medidas de seguridade e restricións vixentes no momento.



CATRO MEDALLISTAS DE REMO. O Concello de Ribadeo ofreceu unha recepción aos medallistas no pasado Campionato de España de Remo Olímpico 2021, celebrado en Bañolas: Irene García, Antón Balsa, Mateo Monteserin e Conrado Lara.

Viveiro celebrará un torneo de fútbol de rúa

O Celeiro Club del Mar, o conxunto de Terceira Galicia de fútbol, organizará a fin de semana do 18 e 19 de setembro un torneo de fútbol na rúa 4x4, unha iniciativa novedosa para o Concello pero que segue a corrente que se está a extender de volver levar a práctica deportiva ás rúas das vilas e cidades.

Malia que nun principio esta celebración ía ter lugar a pasada fin de semana, tivo que aprazarse con motivo da celebración do Resurrection Fest. Esta primeira edición do torneo de fútbol na rúa vai ser na pista de Lavandeira pero o obxectivo dos organizadores é que esta cita teña continuidade e se desenvolva por outras pistas nas próximas edicións.

Así, as normas indican que haberá entre 4 e 8 xogadores por equipo e que estes terán que ser maiores de 16 anos, podendo combinarse

homes e mulleres e idades como se queira, “porque o obxectivo é fomentar a diversidade”, explica a organización. Adiantan tamén que aínda que este ano, como será unha proba están limitados pola idade, pero que buscarán ampliar o rango de idade para as próximas. A inscrición está xa aberta e ten un custe de 60 euros por equipo. Para poder facela é necesario chamar ao teléfono 648 183 619 antes do 14 de setembro. Poderá chegarse ata un máximo de 16 equipos. O equipo gañador do sorteo recibirá 200 euros, o segundo cen euros e o terceiro 60. Ademais, haberá un trofeo ao mellor xogador, que elixirán entre os capitáns de todos os equipos. Como non podería ser doutro xeito, a competición seguirá o protocolo covid polo que será obrigatorio xogar con máscara e seguir as condicións vixentes nese momento.

O día 18 disputarase a terceira tirada Club de Tiro San Roque

O 18 de setembro disputarase en Viveiro a III tirada Armería Carril García Club de Tiro San Roque. A proba consistirá en tiradas de 100 platos e contará con final olímpica con plato flash para os 6 primeiros. Haberá premios en metálico para os tres primeiros que serán de 500, 300 e 200 euros respectivamente, ademais de chaleco Castellani modelo Río para o primeiro de cada categoría, 17 caixóns de cartuchos repartidos proporcionalmente polas categorías, 20 platos flash e 1 caixón de cartuchos para damas, júnior e veteranos. Para participar na proba haberá que inscribirse a través de WhatsApp ao 616 933 646 e poderase facelo antes do día 16 de setembro ás 19.00 horas.

Seguros Bilbao

Tu tranquilidad es nuestra premisa
¡Te asesoramos a ti y a tu empresa!
Llámanos sin compromiso

Seguros Bilbao

Raquel González - Directora
C/Eduardo Pondal 14 - Foz (Lugo)
rgonzalez@segurosbilbao.com
T: 982 132 441 / M: 683 412 284

Retorno do fútbol post-covid

Tras un ano a medio gas, esta tempada volverá a competición futbolística, con normas para manter a seguridade sanitaria

A irrupción do virus provocou o pasado mes de marzo de 2020 a suspensión da Liga en todas as súas categorías. Aínda que se lle deu unha saída pechando a tempada cos resultados ata a data, xa que en moitos casos faltaban poucas xornadas por disputarse, quedou unha espiña cravada en moitos equipos, con opcións e que quedaron ás portas de ascensos. O pasado ano, tras moitos tiras e afrouxas celebrouse unha competición moi limitada e escueta. O fútbol profesional e as categorías nacionais tiveron unha competición bastante similar á de anos anteriores, aínda que tiveron que reaxustar os calendarios para evitar desprazamentos innecesarios e reducir os contactos. Nas categorías autonómicas e provinciais o seu comezo tivo que aprazarse en varias ocasións a medida que os distintos gromos temporais provocaban un crecemento de casos no territorio. Ao final, houbo que esperar ata febreiro para dar comezo a unha liga que se centrou en poucas xornadas pero que finalmente se solventou cun novo deseño de competición en case todas as categorías, dividindo os grupos habituais en subgrupos.

Aínda así, o fútbol de base fixo unha mini tempada que soubo a pouco aos xogadores pero que deu algo de

normalidade á vida deportiva. Onde houbo algo de polémica foi nas categorías de sénior por debaixo de Preferente, as de fútbol afeccionado. Unha gran parte dos equipos non quixeron xogar debido á situación de risco polo que moitos se plantaron ante a Federación para renunciar á competición, a risco de que iso lles implicase un descenso de categoría. Finalmente, e debido a que moi poucos equipos estaban dispostos a xogar, anuláronse a Primeira, Segunda e Terceira Autonómica (que esta ano levarán o nome de Primeira, Segunda e Terceira Galicia). Os mesmos equipos que se plantaron o ano pasado este están dispostos a competir alegando que as “condicións sanitarias melloraron moito” debido á xeralización da vacinación.

A NOVA TEMPADA. A nova tempada terá modificacións sobre o habitual xa que estar divididos en subgrupos parece a mellor opción para solucionar dúas cuestións fundamentais, reducir os desprazamentos e o contacto entre equipos. Deste modo, hai unha primeira fase en cada subgrupo e despois os campións enfróntanse polo título e o resto por evitar o descenso.

Precisamente o descenso será un dos grandes pesadelos desta tem-

pada. Se nas anteriores quedaron suspendidos ao no poder facer unha competición normal, este ano, volverán estar viventes para volver a equilibrar as competicións. Outra das normas que estarán viventes será que non haberá cobertura de vacantes por non inscricións de equipos. O motivo desta modificación é o elevado número de equipos nas divisións que reciben ascensos debido a que nas últimas tempadas non se produciron descensos.

FÚTBOL BASE. Todo está listo xa para o comezo do fútbol base nas categorías autonómicas. Os equipos, que xa están inscritos, competiron a pasada tempada, malia que só o fixeron durante tres meses. Este ano volverán ter subgrupos e a súa data de comezo oscilará entre a última fin de semana de setembro e a primeira de outubro.

Así en xuvenís participarán este ano, Viveiro, Ribadeo, Polvorín e Residencia no Norte e Calasancio no Sur. O Vilalbés de Liga Galega decidiu non competir este ano nesta categoría e dentro dos coruñeses estará o As Pontes. En cadete tamén estarán Viveiro, Ribadeo e Residencia, ademais de Vilalbés, Lugo B e Milagrosa, sen faltar o Calasancio no Sur. En infantil están inscritos Viveiro, Castro, Lugo e

Residencia.

As ligas galegas, que contarán este ano cunha nutrida participación provincial, complétanse coas de ámbito nacional. O Lugo terá equipo nas Divisións de Honra xuvenil e cadete e en Liga Nacional, nesta última tamén estará o Vilalbés. Estas si comezarán antes. Os primeiros serán os xuvenís, que saíran ao campo a primeira fin de semana de setembro. O resto o farán a mediados de mes.

Tamén volverán as ligas provinciais e de fútbol 8, que se están preparando pero para as que aínda queda organizarse e establecer que sistema de competición levarán a cabo. Non empezarán como mínimo ata mediados de outubro.

FÚTBOL SÉNIOR. A primeira en comezar será a Terceira, que o fará a segunda fin de semana de setembro. Co calendario listo e seguindo a dinámica de todos os anos. Participan este ano Polvorín, Viveiro e Vilalbés. A Preferente, que xa tivo competición o curso pasado, comezará a tempada a mediados de setembro, tamén con dúas fases e divididos en subgrupos. Nesta categoría participarán Foz, Ribadeo, Santaballés, Residencia, Sarriana, Escarín e Lemos no grupo do Norte, xunto ao CD As Pontes. Todos estarán no mesmo

subgrupo inicial. Nesta categoría hai 50 equipos inscritos, cubrindo a totalidade das prazas dispoñibles.

En Primeira Autonómica está todo listo tamén. Participarán este ano, tras a pausa do ano pasado, 100 equipos, un menos que na última edición celebrada e que corresponden á zona de Ourense.

Así, no grupo lugués estarán os 20 que estaban. Pol, Chantada, Monterroso, Riotorto, Outeiro de Rei, Burela, Guntín, Taboada, Xove Lago, Chantad Atlético, Folgueiro, Castro, Pastoricense, San Roque, Friol, Lourenzán, Alfoz, Pontenova, San Lázaro e Portomarín.

Todos eles xa confirmaron a súa participación e deron comezo aos adestramentos en maior ou menor medida. Para estes, a liga arrincará a mediados de outubro. Tamén estarán este ano divididos en subgrupos. O lugués, terá un subgrupo cos da zona norte e outro cos da zona sur, que nunha segunda fase xogarán uns contra os outros.

Así mesmo, haberá competición en Segunda e Terceira pero o prazo de inscrición para as categorías oficiais de Fútbol 11 conclúe o próximo 31 de agosto. De todos os xeitos, os primeiros sondeos avanzan a dispoñibilidade de todos os equipos para competir de novo este ano.



De esquerda a dereita, os xogadores do Viveiro, o Ribadeo e o Foz en senllos momentos desta pretempada

VIVEIRO CF. O próximo 12 de setembro, en Redondela, o Viveiro CF dará inicio a unha nova tempada en Terceira División e farano cun equipo remodelado que xogou xa unha pequena pretempada con sorte desigual. Ante el estará o Choco. Os celestes seguirán un ano máis baixo a dirección de Chusky, responsable da permanencia na categoría.

O equipo perde este ano a Javi Rey, que marcha ao Vilalbés; Roi, que estará no Foz, ou mesmo Uriol e Facu. Ademais, Jacob e Iván seguirán de baixa por lesión. Os que marcharon deixan paso a incorporacións, como a de Muíña, Brais Prieto, Dani Fernández, Marcos González e Marino ou o ascenso de categoría de Diego. Deste modo, baixo paus quedarán Manu Cedrón e Tomy e na liña de atrás Pablo Louzao, Pablo Rey, Agus, Édgar, Nico Madero, Dani Montes e Muíña. No medio ocupan praza Dani Fernández, Jacob, Iván, Xaime, Marcos, Lucky e Tichu e por diante quedan Álex Meitín, Rolle, Asier, Diego Fernández e Arturo.

Comezan os adestramentos sénior

RIBADEO FC. O Ribadeo FC xa disputou parte da súa pretempada e vén de pechar as súas filas con cambios no vestiario e o triunfo no XXXIII Trofeo Amistad en San Pedro, tras impoñerse ao Andes.

Quen no cambia é Dani Moirón, que contará co apoio de Germán Vale, Bruno Rodríguez como preparador físico e Luis Fernández como delegado. Baixo paus estarán Carrera e Diego dos Santos. Os defensas xa coñecidos Coki, Xairo, Diego Hermida, Isma e Cube, contarán coa incorporación de Nacho, procedente do Tapia, e Pablo Rivas, do San Tirso.

No medio campo seguirán David Cube e Santi e incorpóranse Jacob do Viveiro, Diego Núñez da Sarriana, Roi Campos e Castrín do Santaballés e Charli do Tapia.

Finalmente, na parte de adiante estarán Iván

García, que ascende dende o xuvenil; Adrián García, tamén do Tapia e Matelo, do Sporting Pontenova. Así mesmo, seguirá Cris.

CD FOZ. Un equipo remodelado dende o banco dará inicio o 19 de setembro a tempada na que se intenta recuperar a normalidade despois da covid. O conxunto estará este ano ás ordes de Bebo, que foi nombrado adestrador no mes de xuño trala renuncia de Javi Chinchón. Eusebio Moreda, que xa dirixiu o equipo noutras ocasións fixo numerosos cambios.

Mantéñense do ano pasado o porteiro Rubén Castro, o defensa Noceda e os dianteiros Gonzalo, David Ben e Xesús. Ademais, únense nesta edición, o gardameta Alonso; os zagueiros Roi Caballero, Rivera, Iván Croa e Cristian; os medios Dani Chao, Andrés Bustelo, Canaro, Alberto e Raúl; e para o ataque contarán tamén con

Diego Chao, Xenxo e Manupa.

ED LOURENZÁ. Despois de 17 meses, os xogadores do 1º equipo do ED Lourenzán volveron a adestrar no feudo de Santa Cruz.

O equipo renovou ao completo tal e como estaba deseñado para iniciar a liga o ano pasado pola negativa da maioría de clubs de iniciar a competición debido á covid.

Así, Roberto Ramallal e Michael Sante continúan dirixindo ao equipo dende a banda. Baixo paus están situados Bugui e Clemente e defenderán Alex, Álvaro, Diego Rivas (que procede do xuvenil), Diego Juve, Javi Arruñada, José Falcón, Suso Foro e Hermida.

No medio campo estarán situados Montxo, Garrafín, Noé Recalde, Aitor, Jorge, Luís, Manuel, Paulo e Julián (que tamén procede do xuvenil). Rematará por diante Iván Recalde, Iago Cruña e Pichi. Non descartan algunha nova incorporación antes do inicio da Liga.



Presentación da Camovi en Viveiro

Viveiro acolle unha nova edición da Camovi aprazada da primavera

O Concello de Viveiro presentou a edición deste ano da Camovi - Carrera Montes de Viveiro. No acto de presentación estiveron a alcaldesa de Viveiro, María Loureiro, así como membros da organización e representantes das administracións colaboradoras e patrocinadores.

Esta edición cambia a súa data ao vindeiro 5 de setembro, en vez de celebrarse en primavera como é habitual. Ademais, este ano cúmprese 10 anos dende a primeira edición, polo que haberá unha exposición para conme-

morar o décimo aniversario da proba durante o vindeiro fin de semana.

A proba conta con percorridos de 42, 21 e 10 quilómetros en función da categoría. Durante a competición seguiranse os protocolos covid-19 pertinentes, co fin de realizar unha proba segura.

“A Camovi é xa unha institución deportiva en Viveiro, atraendo centos de atletas e contribuíndo ao desenvolvemento económico e turístico do noso municipio”, subliña María Loureiro, alcaldesa de Viveiro.

O día 5 terá lugar a ruta BTT Desafío do Ferro

Os concellos de Riotorto e A Pontenova historicamente están ligados ó ferro por iso organizan a ruta ciclista Desafío do Ferro para o 5 de setembro. Esta proba conta con dúas distancias, a curta de 29 km e a longa de 45.

A proba será circular con saída e chegada en Riotorto e contará con dúas distancias, unha de 29 quilómetros cun desnivel acumulado de 850 e outra de 45 quilómetros cun desnivel de 1400 metros podendo elixir no quilómetro 18 cal das dúas opcións se elixe.

A distancia de 45 quilómetros contará con 3 avituallamentos ademais da meta e a distancia de 29 quilómetros terá 2.

O recorrido estará sinalizado cada poucos metros cun distintivo da carreira, aínda así facilitarase un track os corredores para que o poidan incorporar aos seus dispositivos.

É obrigatorio levar o teléfono móbil durante a proba para que a organización poida poñerse en contacto co corredor se xurdira calquera imprevisto. Importante levar a batería cargada.

A saída, a chegada e no núcleo urbano da Pontenova estará controlado por parte da organi-



zación. A gran parte do recorrido restante transcorre por camiños e sendeiros, aínda así hai algún punto no que se transita por estradas comarcais con escaso tránsito de coches, hai que facelo con precaución, respectando cruces, sinais e as normas de circulación vixentes. A organización non se responsabiliza dos posibles contratemplos acaecidos por non respectar a circulación e as súas normas

Se se decide abandonar a proba nalgún punto da ruta deberase comunicar á organización para poder ter a todos os corredores controlados e situados.

É obrigatorio o breafing de antes da proba xa que nel darase toda a información da competición, consellos e advertencias.

A Milla Urbana e a carreira de relevos de Foz serán en setembro



A carreira Milla Urbana e carreira de relevos de Foz terá lugar o sábado 11 de setembro de 2021, a partir das 11.00 da mañá, sobre un circuíto de 150 metros para Pícaros, 500 Benxamins, 1.000 Alevíns, 1.500 Infantís e Cadetes e 1.609,3 para a competición Absoluta.

A carreira de relevos será pola tarde ás 15.00 horas e ambas terán a súa saída e meta no paseo da praia Rapadoira.

A recollida de dorsais será de 18.00 horas a 20.00 horas preferencialmente o venres na zona de saída e o sábado de 9.00 a 10.30 horas. O prezo de inscrición varía dependendo da data e será de 3 euros para pequenos, de 5 a 7 euros a absoluta e de 12 a 15 euros para os relevos.

TELÉFONOS DE INTERESE

ALFOZ
Concello: 982 55 80 01
Garda Civil: 982 57 40 30
Centro de Saúde: 982 55 86 97

BARREIROS
Concello: 982 12 40 02
Garda Civil: 982 12 41 94
Centro de Saúde (cita previa): 982 12 41 05

BURELA
Concello: 982 58 60 00
Policía Local: 982 58 62 11
Garda Civil: 982 58 57 05
Centro de Saúde (cita previa): 982 58 51 29
Hospital da Costa (centraliña): 982 58 99 00
Capitanía Marítima: 982 57 51 53

CERVO
Concello: 982 55 77 77
Policía Local: 615 52 10 52
Garda Civil: 982 58 57 05
Centro de Saúde (cita previa): 982 55 75 25

FOZ
Concello: 982 14 00 27
Policía Local: 982 13 36 40
Garda Civil: 982 14 04 44
Centro de Saúde (cita previa): 982 13 23 85
Agencia Tributaria: 982 13 35 12

LOURENZÁ
Concello: 982 12 10 06
Garda Civil: 982 52 19 05
Centro de Saúde (cita previa): 982 12 20 29

MONDOÑEDO
Concello: 982 52 40 03
Policía Local: 982 50 70 40
Garda Civil: 982 52 19 05
Centro de Saúde (cita previa): 982 50 74 52

OUIROL
Concello: 982 55 91 09
Garda Civil: 982 56 10 39
Centro de Saúde (cita previa): 982 55 90 62

PONTENOVA, A
Concello: 982 34 22 77
Garda Civil: 982 34 22 22
Centro de Saúde (cita previa): 982 34 24 00

RIBADEO
Concello: 982 12 86 50
Policía Local: 982 12 86 50
Garda Civil: 982 12 80 48
Centro de Saúde (cita previa): 982 13 01 43

RIORTORTO
Concello: 982 34 62 22
Garda Civil: 982 34 22 22
Centro de Saúde (cita previa): 982 34 66 63

TRABADA
Concello: 982 13 50 11
Garda Civil: 982 34 22 22
Centro de Saúde (cita previa): 982 13 53 00

VALADOURO, O
Concello: 982 57 40 00
Garda Civil: 982 57 40 30
Centro de Saúde (cita previa): 982 57 43 12

VICEDO, O
Concello: 982 59 00 02
Garda Civil: 982 59 01 81
Centro de Saúde (cita previa): 982 59 03 51

VIVEIRO
Concello: 982 56 01 28
Policía Local: 982 56 29 22
Policía Nacional: 982 56 17 11
Policía Nacional cita DNI: 060/982 57 06 62
Centro de Saúde (cita previa): 982 56 12 01

XOVE
Concello: 982 59 20 01
Centro de Saúde (cita previa): 982 59 24 24

TELÉFONOS DE INTERESE

Emerxencias: 112 | Incendios Forestais: 085
Urxencias Sanitarias: 061 | Garda Civil: 062

www.amariñaxa.com

COLABORACIONES

Por se acaso

SENTIDIÑO, POUCO PERO QUE DURE



Noelia Castro Yáñez

A costumámonos a ter algo antes de saber sequera que tiñamos ganas del. O meu admirado A., avogado de profesión díxome o seguinte en canto lle falei disto: "A min antes a xente pedíame por favor as cousas de hoxe para mañá, agora esíxennos hoxe, algo para onte." Sen anestesia. Crémonos merecedores dunhs privilexios, que non dereitos, que non nos corresponden. Un dereito é recibir educación, un privilexio é sacar o carnet de conducir con dezaquito

anos e ter un coche agardando no garaxe. E non me confundo se digo que agora vai o carro antes dos bois, e en numerosas ocasións, o coche precede ao exame aprobado. Non versa isto sobre a crítica puntual a este feito, posto que tamén haberá casos de xustificada necesidade de coche a unha idade temperá. Falo do despotismo, non ilustrado, predominante nas xeracións coetáneas. No deplorado que está o concepto do sacrificio e no pouco valor que se lle outorga á constancia.

Un ano máis tarde, coido que nos confundimos priorizando, saír de festa non é un dereito, é un privilexio. E traballar para poder saír de festa debera ser unha necesidade. A modo de aclaración, entendendo por

traballo o froito do esforzo. Se tivese que saltar agora mesmo ao céspede iría co equipo de "desta non saímos máis fortes, nin máis unidos. Saímos máis egoístas e infinitamente máis parvos". Mal que me pese. Pero coma Jabois, eu a verdade tampouco sei moi ben o que está ben e o que está mal, e é parte das miñas non vacacións discernilo. O que me gusta é ver que queda xente agradecida, persoas que non actúan coma se lles debeses algo. Creo firmemente no poder de cambio que ten a vontade de axudar. Nas picaras que agradecen ás familias a oportunidade de vir á Academia, nos seus sorrisos tímidos porque saben que poden contar conmigo. Nos, "sinto molestarte", que preceden a algunha mensaxe

a deshora. Porque ese si é froito do traballo. Porque parte importante de que agora sexa Matemática, son os máis de dez anos que leva llede erguéndose antes co Sol. E todas as comodidades coas que contamos agora, coido de vital importancia ensinarlle a valoralas aos máis pequenos. Porque para chegar á casa e prender a chave da calefacción, costoulle ás avoas milleiras de carozas para acender a lareira.

Non sei por cal dos grupos dalgunha coñecida rede social pasaron unha imaxe que di o seguinte: Os empregados xogan ao fútbol. As xerentes ao tenis. E as xefas, ao golf. Canto máis arriba, máis pequenas son as pelotas. Obviando o contido machista, que xa de por sí viñan todas as

profesións en masculino, pero ides a permitirme a adaptación, para mandar, a unha faille falta xenio e carraxe. E saber de onde vén. Telos pés no chan, e non esquecer o valor do traballo, senón o propio, de todos cantos axudaron a posicionarte nunha escada superior. Énchesenos a boca describindo os éxitos e vánsenos os ollos a esa historia tan idílica de Instagram, sen decatarnos de que para espertar en Ibiza, houbo que erguerse moitas veces en Rábade.

Descoñezo se segue a pintada no polígono de Cuiña que dicía: Se tupen los oídos a medida que se asciende a lo más alto. Por lela todas as mañás antes do instituto, agora acudo anualmente ao otorrino. Non vaia ser.

Maridaxe sonora

CULTURA E MÚSICA



Rebeca Maseda

Setembro, mes de vendima, o verán comeza a despedirse e o outono asoma timidamente coas súas cores máxicas.

Castaño, verde, amarelo, un desfile digno de admirar. Vale a pena to-

marse o tempo de sentar, disfrutar dunha copa de viño que che guste e deleitarse cunha boa vista mentres escoitas música. Ritual, experiencia completa de pracer ao alcance da maioría.

Música e viño forman unha parella perfecta, unha sinerxía chea de elementos compartidos. Oído, olfacto e gusto funcionando xuntos como unha máquina ben engraxada. Ata hai estudos que falan de sinestesia,

de "maridaxe sonora". ¿Quién non acompañou nalgunha ocasión a degustación dun bo viño co seu disco favorito ou sinxelamente, quen non lembra a banda sonora deses momentos especiais acompañados dalgunha que outra copiiña de viño? Todo isto correspóndese coa teoría cognitiva que establece que a música estimula áreas específicas do cerebro. Somos "seres asociadores" e encántanos ligar melodías con instantes máxicos e fusionalos con outras percepcións. Entón, ¿por qué non facelo co viño? O psicólogo e profesor Adrian North da Universidade "Heriot Watt" de Edimburgo lidera un informe no que afirma que existe unha música para cada tipo de viño. Segundo os sons que se escoiten no momento da cata, cambiará dun xeito ou doutro o sabor e a nosa percepción do viño. Unha das investigacións realizadas para o estudo desenvolveuse nos supermercados, demostrando que as persoas son cinco veces máis proclives a comprar viño francés se se utiliza música ambiental de acordeóns. Quén sabe se escoitando o son dunha gaíta o noso cerebro se decantaría máis por unha copa de mencia en vez de rioja...

Chegados a este punto, gustaríame compartir a miña propia "maridaxe musical" e invítovos a que cada un explore nas súas lembranzas sonoras esa canción, esa música que fai que o noso cerebro se active e chore de ledicia. Aquí vai o meu "cadro sonoro vinícola": Un solpor na Praia



de Altar en Barreiros, a Ría de Foz á esquerda e a costa cantábrica cos seus acantilados e praias sen fin á dereita. De fronte o sol vai escapando detrás do Illote deixando unha luz tenue a piques de esmorecer. É o momento perfecto para tomar unha copa de godello acompañada de bossa nova. A voz de Astrud Evangelina Weinert, máis coñecida como Astrud Gilberto, é un bálsamo de paz e beleza. Cando ela canta a "Garota de Ipanema" o tempo discorre máis preguiceiro e maino, ata as gaivotas parecen relaxarse. Claramente debe tratarse dun efecto secundario da bossa nova, xénero musical de orixe brasileira xurdido nos barrios de Río de Xaneiro a mediados do século XX. Nomes como Antonio Carlos Jobim, Vinicius de Moraes ou Toquinho forman parte da historia da bossa xunto á miña queridísima Astrud. Viño e arte sempre camiñaron da

man e, de feito, existen infinidade de obras artísticas que dan boa conta diso e sitúan, dun xeito ou doutro, ao viño no centro. O certo é que a historia do viño remóntase entre 4.000 e 6.000 anos a. C. Segundo testemuños literarios e diversos materiais arqueolóxicos, Mesopotamia podería ser o berce do prezado zume de uva e o seu consumo estaba reservado aos círculos aristocráticos. É en Exipto onde atopamos as primeiras representacións que fan referencia ao viño, concretamente nos frescos das cámaras funerarias de Luxor e Sagqarah, nos que se pode apreciar de primeira man a importancia que os antigos exipcios outorgaban á viticultura.

"Os pobos do Mediterráneo empezaron a emerxer do barbarismo cando aprenderon a cultivar oliveiras e vides". Esta cita do historiador grego Tucídides pon de manifesto a enorme importancia da viticultura no desenvolvemento económico-social de todas as rexións mediterráneas. A mitoloxía clásica narra que foi o deus Dioniso quen regalou aos homes as primeiras vides. Un dos exemplos máis representativos é o de "Hermes co neno Dioniso", unha escultura grega de mármore atribuída ao escultor Praxíteles, do período clásico final.

Tiziano, Caravaggio, Velázquez, Rubens e un longo etcétera de grandes pintores retrataron a Baco, deus romano do viño, outorgándolle un lugar privilexiado no mundo artístico e na historia da humanidade.

ELISARDO BARCALA

Volta ao cole 2021

Imos aló!!!



Web: www.ebarcala.com
Facebook: @ebarcala

DEPUTACIÓN

A Deputación ten executado o 75% do plan Ilumin@

A Deputación rematou a execución de case o 75% do Plan Ilumin@, un programa dotado con 723.000€ co que a institución provincial axuda aos concellos da provincia a aforrar custes enerxéticas. Do total do investimento, o 80% son fondos europeos que a Deputación conseguiu a través do IDAE (Instituto para a Diversificación e o Aforro da Enerxía), un organismo dependente do Ministerio de Transición Ecolóxica. Xa son 28, dos 38 concellos que decidiron adherirse a este programa, os que teñen as actuacións completadas, consistentes na substitución de luminarias públicas por outras máis eficientes.

Os contratos de subministro e instalación de material que inclúe o plan Ilumin@ está dividido en zona norte, centro e sur. O 100% da zona centro está rematada, mentres que na zona norte 11 dos 14 concellos xa se benefician do programa e un, Burela, está rematado, pendente de certificar. Pola súa banda, cinco concellos da zona sur xa teñen o plan Ilumin@ completo e os 7 restantes



Firma do Plan Ilumin@ cos representantes dos concellos

-As Nogais, Carballedo, Monforte de Lemos, O Incio, O Páramo, O Saviñao e Samos- están en execución.

Con este plan, os 38 concellos da provincia que decidiron adherirse cambiarán en total unhas 3.200 luminarias por outras de tecnoloxía LED, o que suporá un aforro conxunto de 62.000€ ao ano, isto é, ata un 63% da facturación eléctrica das instalacións municipais nas que se actuará, fundamentalmente alumea-

dos públicos exteriores. Ademais, a tecnoloxía LED permitirá reducir o consumo nun total de 450.000 quilovatios ao ano, o que minimizará tamén a pegada de carbono.

O plan Ilumin@ forma parte do obxectivo estratéxico da Deputación de cooperar cos municipios para que poidan prestar servizos públicos eficientes á cidadanía aforrando custes, pero tamén preservando o medio ambiente.

Comeza a elaboración de orzamentos

O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, avanzou que a elaboración dos Orzamentos 2022 é unha das prioridades do novo curso político.

“Nos dous anos que levamos gobernando sempre conseguimos sacar adiante os presupostos dentro da anualidade anterior para telos en vigor en xaneiro. Este ano tamén o faremos así e traballaremos para poder aprobalos antes de que remate o ano porque os orzamentos son o documento que fixa as actuacións que seguirá o Goberno no ano seguinte”, recalcou o mandatario provincial.

Tomé Roca dixo que o Goberno seguirá colaborando cos concellos. “É unha das nosas liñas de acción prioritarias como Deputación, e así o demostramos nesta pandemia coas nosas políticas e decisións, adiantándonos en moitas ocasións ás súas necesidades, como foi o feito de facerlles chegar con antelación os fondos económicos dos impostos, por exemplo, e dando

soporte a aquelas necesidades que teñan”, explicou.

O mandatario provincial dixo que na folla de ruta do Goberno tamén está “seguir co Plan de Impulso da Economía da Provincia, desenvolvendo novos programas e iniciativas que axuden aos sectores produtivos máis afectados polas restricións da pandemia, e tamén seguir con outros novos programas que temos en marcha”.

Ademais, o presidente situou os servizos sociais e a atención socio-sanitaria como un dos principais obxectivos nos que continuar traballando no novo curso político. “No que queda de ano teremos dous novos Centros de Atención a Maiores abertos, en setembro o de Meira e a finais de ano o de Navia de Suarna”, anticipou.

A Deputación de Lugo ten en funcionamento a día de hoxe seis centros de atención a maiores, abertos en Trabada, Pol, Ribadeo, A Fonsagrada, Castroverde e Pedrafita do Cebreiro.

Anuncian melloras para a rede de estradas

A Xunta de Goberno aprobou melloras para a rede de estradas da Deputación por un importe de 1,7M€. O órgano de goberno provincial sacou adiante a licitación dos traballos de acondicionamento e rehabilitación do firme en 5 estradas do Páramo e Ribadeo e a adxudicación das obras noutras 5 vías que atravesan os concellos de Guitiriz, Monforte de Lemos, Bóveda, Pastoriza, Castro de Rei e Barreiros.

“Mellorar a mobilidade é unha das prioridades neste mandato e tamén o meu compromiso, porque unhas estradas en boas condicións son necesarias para favorecer a igualdade de oportunidades e o reequilibrio territorial”, apuntou Tomé Roca, que lembrou lembrou que nos orzamentos provinciais deste ano as partidas para o amaño de estradas aumentaron nun 14% ata acadar os 16M€.

No concello de Ribadeo licitouse a rehabilitación do firme da LU-P-5207, que vai a Vilela, nun tramo de algo menos dun quilómetro á altura do inicio da estrada, entre os puntos quilométricos 0,500 e 1,129. Un tramo que tamén se dotará de

beirarrúas no paso sobre as vías do ferrocarril. “Esta é unha actuación moi demandada polos veciños e as veciñas, porque é unha vía que dá acceso ao campo de fútbol municipal Pepe Barrera”, apuntou o Presidente. Estes traballos contarán cun orzamento de 524.000€ e un prazo de execución de 12 meses.

Ademais darase continuidade aos traballos da estrada provincial paralela á costa de Barreiros, a LU-P-0610. Neste caso, a institución provincial xa investiu 91.300€ nesta vía, para mellorar o tramo entre os puntos quilométricos 3,400 e 5,400. Na Xunta de Goberno celebrada este venres saíu adiante a adxudicación do proxecto para a mellora doutro tramo desta estrada estratéxica para Barreiros e a comarca da Mariña. Os novos traballos acometeranse entre os quilómetros 1,400 ao 3,400, cun investimento de 120.777€ e un prazo de execución de 9 meses. “Xa o dixen no seu día, pero manteño o meu compromiso de que neste mandato esta estrada quedará totalmente renovada”, apuntou o presidente.

Repararán a fachada do Pazo de San Marcos



A Deputación licitou, por importe de 120.000 euros, a reparación e acondicionamento da fachada do Pazo de San Marcos, sede da institución provincial. O histórico edificio presenta deterioro nalgúns zonas debido ao paso do tempo. Os traballos consistirán na limpeza da fachada e da súa mampostería, o saneamento de fisuras e gretas, a eliminación de humidades e de filtracións de auga e o pintado das paredes.

O proxecto tamén inclúe a colocación na fachada unhas letras en aceiro pintado co texto Deputación

Provincial de Lugo, que xa existían antes da remodelación da Praza de San Marcos, e que identificarán á institución que alberga o Pazo. Estes traballos completaranse coa reparación da pintura do Salón de Plenos, que presenta zonas afectadas pola antiga presenza de humidades.

Con este proxecto, que ten un prazo de execución de tres meses desde o inicio das obras, continúaase a mellora do edificio, que xa comezou o ano pasado coa renovación da cuberta, que contou cun investimento de case 350.000 euros.

140 solicitudes na primeira edición de Coñece a túa provincia

José Tomé Roca, anunciou a aprobación da listaxe de entidades admitidas no programa Coñece a túa provincia, unha das medidas integradas o Plan de Impulso de Economía da Provincia. A iniciativa, que recibiu 143 solicitudes de participación na súa primeira edición, inclúe viaxes por toda a provincia para entidades sen ánimo de lucro con sede nalgún dos 67 concellos da provincia.

Tomé valorou o éxito do programa e sinalou que “estamos moi contentos e orgullosos do poder de convocatoria desta iniciativa que naceu con vocación de continuidade e que creemos que contribuirá, de maneira moi importante, á recuperación sostible do sector turístico, da hostalería e do comercio local. Os sectores máis castigados pola pandemia grazas ó seu efecto multiplicador”.

O órgano provincial admitiu a 62 entidades como primeiras beneficiarias e 79 foron incluídas na lista de agarda, só dúas asociacións excluíronse por non cumprir con algún dos apartados da convocatoria. As prazas foron adxudicadas por orde de inscrición ata completar as prazas, tal e como sinalan as bases.

MAR

“É unha pena non poder practicar o noso deporte no noso mar”

Alberto Burundarena, presidente da Asociación A Ribeira de Foz

Falamos con Alberto Burundarena, presidente da Asociación A Ribeira de Foz, que defende os intereses dos seus socios e dos usuarios de embarcacións nas zonas portuarias do Concello.

Cando e porque xurdiu a asociación?

A nosa andaina comezou en abril do 2015 para defender os intereses dos usuarios e dos socios de embarcacións que queiran atracar nos peiraos focegos.

Cantos membros ten?

Máis ou menos estamos entre os 120 ou 130 socios. Comezamos poucos pero a xente viu que funcionaba e animouse. Traballamos por e para os socios, tentando conseguir melloras e tamén material para facilitar o mantemento das embarcacións. Sobre todo axudámonos uns aos outros.

Cal é o seu obxectivo?

O principal é fomentar a náutica recreativa na Mariña e máis concretamente en Foz, velar polas instalacións náutico recreativas dos portos focegos e que estén en boas condicións, e tamén nos interesamos e involucramos polo cuidado do medioambiente da nosa ría.

Fan actividades de divulgación?

Si, facemos todos os anos o Open de pesca que ía celebrarse xusto cando decretaron o Estado de Alarma, e este ano polas condicións sanitarias tampouco o faremos. Impartimos charlas e outras actividades de formación relacionadas coa náutica

recreativa. Tamén colaboramos co club de kayak nas regatas de piragüismo nos labores de axuda ás embarcacións, e con outras actividades sempre relacionadas co mar.

Cales son os seus lugares ou espazos de xuntanza?

De momento non contamos con local propio, aínda que estamos á espera dende fai tempo de que nolo faciliten dende o Concello. Xa na anterior Alcaldía cedéronnos un pero estaba moi lonxe do peirao e ao mudar a Alcaldía acordamos deixallo a cambio de recibir outro máis preto, pero aínda estamos esperando. No tocante aos peiraos en Foz temos dous, o do Porto Chico e o do Muelle, e fai cousa de tres anos dragaron e aumentaron o do Muelle en case 50 prazas de atraque e case ao día seguinte xa estaban todas cubertas. Polo que a náutica é un pilar fundamental do pobo e un atractivo turístico.

Entón diminuíron, sábese o motivo?

Diminuíu o número de demandantes porque agora a lista de espera que ten Portos de Galicia para as prazas de atraque renovouse e dixitalizaron todo, polo tanto os demandantes tiñan que volver a apuntarse. E a xente que se atopaba nesa lista dende fai anos vendo que non lle ía tocar nun largo período de tempo e sumado aos infinitos trámites burocráticos que hai que facer, pois decidiu non volver anotarse.

Hai bastante demanda de prazas?

Si, hai moita xente que vén a Foz no

verán e que lle gustaría ter a súa embarcación e atópanse co problema de que non hai prazas. Incluso hai xente de Foz que ten o barco noutra localidade e lle gustaría telo aquí e non pode traelo no verán.

Cal é a problemática do Porto Chico?

O único que necesitamos é optimizar ou arranxar o Porto Chico que ten arredor dunhas 40 prazas. O que lle fai falla é unha modificación estrutural, é dicir, un cambio de ubicación da entrada do peirao porque a actual ubicación fai que o peirao non dea un abrigo que dea seguridade ás embarcacións sitas neste, nin deportivas nin profesionais. E ese é un peirao que estratéxicamente é ideal para as embarcacións deportivas pero fállle falta unha mellor salvagarda, un cambio de ubicación da bocana, dragalo e poñer peiraos para cubrir a demanda histórica en Foz de prazas para embarcacións deportivas que actualmente está en 28.

Que lles dicen os diferentes políticos autonómicos?

É un tema que se debatiu mil veces no Parlamento de Galicia, e aprobouse, pero logo deixan ir a cousa. Fai dous anos todos os partidos aprobaron en maioría absoluta que había que arranxalo con urxencia pola alta demanda e porque é onde se ubican as embarcacións de salvamento de Protección Civil e socorristas que operan en Foz e Barreiros.

Que pasou con esas embarcacións de salvamento?

Aconteceu que había que saír a un



Arriba, parte da asociación A Ribeira, e abaixo, un momento do Open de Pesca

rescate dunha persoa e a embarcación non puido saír pois ao estar en baixamar a zódiac queda varada.

É un deporte para todos os petos?

A náutica recreativa é un deporte bastante caro pois unha embarcación a parte do seu custo hai que mantela, e dende a asociación tentamos facer que este deporte ou afección sexa accesible para todo o mundo. Queremos que non desapareza, que sexa un deporte que perdure no tempo e que non queden os peiraos baleiros.

Porque poderían quedar baleiros?

Pois porque Portos de Galicia os podería deixar abandonar ou porque non sexa asequible para os seus

usuarios. Por iso somos partidarios de que Portos de Galicia os siga xestionando e mantendo, como fixo ata o de agora, xa que dispón de persoal cualificado e sempre disposto a traballar, o único que falla na ecuación para a xestión perfecta son os políticos que debesen facer caso das demandas e dos técnicos dos que dispoñen. Pola contra, as privatizacións destes peiraos feitos cos cartos de todos, ricos e pobres, fan que supoña unha afección inasequible para xente como os xubilados ou xente con menos poder adquisitivo, só quedaría esta afección ao alcance das clases elitistas. É unha tristeza non poder practicar o deporte que che gusta xusto no mar que tes fronte a túa casa.

A USC mellora a produción de semente de moluscos bivalvos en criadeiro

USC e Xunta suman sinerxías para mellorar a produción de semente de moluscos bivalvos en criadeiro coa que repoboar os bancos marisqueiros. O convenio firmado entre ambos céntrase no estudo das posibles dificultades de produción existentes nas instalacións de cultivo que o CIMA ten en Ribadeo e tamén no Instituto Galego de Formación en Acuicultura (Igafo), dependentes da Consellería do Mar, para detectar posibles patóxenos nas especies en

diferentes etapas de cultivo. Os traballos tamén inclúen a análise global dos datos biolóxicos-microbiolóxicos integrados dos criadeiros deses dous centros da Xunta e o estudo de diferentes tipos de cultivo de fitoplancito, a súa incidencia e factores que influen na proliferación de patóxenos. O Centro de Investigacións Mariñas (CIMA) de Ribadeo xunto ao grupo de investigación de Patoloxía na Acuicultura da Facultade de Bioloxía da Universidade de Santiago de

Compostela (USC) buscan optimizar a produción de semente e a repoboación dos bancos marisqueiros. O protocolo acordado entre as partes, que conta cun orzamento de máis de 162.000 euros e vixencia ata finais de 2023, tamén pretende racionalizar o seguimento das actuacións microbiolóxicas nos cultivos de moluscos bivalvos realizado ao abeiro das accións de investigación despregadas nas distintas instalacións de cultivo.



NOVO PANTALÁN EN VIVEIRO. Portos de Galicia vén de instalar un novo pantalán no porto de Viveiro para dar servizo á actividade de pasaxe. Dita instalación entrará en servizo esta mesma tarde e será empregada de xeito inmediato pola empresa concesionaria do transporte de pasaxeiros que opera nesta dársena lucense.

A lonxa burelá conta cun dos sistemas de poxa máis modernos

A lonxa de Armadores de Burela conta cun dos sistemas de venda máis avanzados e modernos do mundo pois é totalmente dixital pero mantén a base tradicional de cantar os prezos a viva voz. Para a adxudicación das distintas especies as cotizacións son cantadas por un ordenador e os compradores mercan pulsando simplemente o botón dun mando que cada un deles ten preasignado.

Así, o constatou a conselleira do Mar, Rosa Quintana, que lembrou a importancia de que o sector aposte de xeito constante pola innovación con actuacións coma esta. Ademais, trátase dunha mellora que permite a adxudicación dos lotes de forma automática cando así o sinalan os compradores, permitindo unha trazabilidade e disposición de datos contables instantáneas.

Este sistema, que se instalou en probas a comezos de xuño, permite dixitalizar totalmente a poxa das capturas que chegan a esta lonxa, a segunda máis importante de Galicia en canto a facturación. Trátase dun avance importante



A lonxa de Burela

tendo en conta tamén que Burela é un dos referentes na comercialización de especies como a pesca do pincho ou o bonito do norte, produtos moi demandados en toda España pola súa calidade ao ser capturados con artes de pesca moi selectivas.

A representante do Executivo galego animou aos representantes da lonxa de Burela (Armadores de Burela SA, ABSA) e do conxunto do sector a seguir apostando por este tipo de melloras que contribúen a

optimizar o labor dos profesionais do mar e a impulsar a competitividade dos portos, que son fonte de emprego e riqueza na súa contorna. Neste sentido, lembrou que a Xunta destina este ano máis de 16 millóns de euros ás iniciativas que presenten os oito GALP existentes en Galicia e que as preto de medio milleiro de accións desenvolvidas na comunidade desde 2016 ao abeiro destas entidades supuxeron a mobilización de máis de 30 millóns de euros de axuda pública.

Piden cambios para a práctica da pesca deportiva en Burela



A concelleira de Mar de Burela, Carmela López, presentou en Portos de Galicia un escrito pedindo cambios para a práctica da pesca deportiva no porto burelés. A edil mantivo unha xuntanza cunha representación dos pescadores recreativos da vila e co presidente da Confraría de Pescadores, Basilio Otero.

No escrito remitido a Portos de Galicia e dentro do apartado das condicións de acceso á zona portuaria fórmulanse alegacións como que os pescadores de Burela estanse atopando con que as compañías aseguradoras non cobren a totalidade das coberturas mínimas esixidas, non conseguindo asegurar a cobertura de seguro de accidentes

propios con asistencia sanitaria mínima de 300.000€.

No apartado do réxime de prohibicións, solicitan que no porto de Burela, se habilite como zona permitida con limitacións a indicada no mapa adxunto, e que comprende dende o espigón ata a Confraría e antiga Fábrica de Xeo. Que se permita a práctica da pesca marítima recreativa entre embarcacións sempre e cando as mesmas non estean realizando ningunha operación e se atopen atracadas.

Neste punto, "tamén queremos incluír o novo dique situado preto das instalacións de ABSA, sempre e cando non exista actividade pesqueira para non interferir coa mesma", di López.

Un trimarán siberiano recalou no porto do Vicedo debido a unha avaría

Unha avaría na embarcación siberiana Russian Ocean Way con camiño á Coruña, fixo que onte recalou no Vicedo e así os seus tripulantes aproveitaron para coñecer o Fuciño do Porco e quedar embelesados coa vila.

Mentras o trimarán seguía atracado no porto á espera de ser reparado os tripulantes rusos Evgeny Kovalevskiy e Stanislav Berezkin foron acompañados e trasladados por Pedro Mouriño, cónsul da Federación de Rusia en Galicia, á cidade herculina. E pola tarde volveron á Mariña para así coñecer o afamado Fuciño da man do alcalde do Vicedo, Jesús Novo, onde "quedaron encantados e incluso intercambiamos uns agasallos", conta Novo.

Esta expedición, que saíu de San Petersburgo o 1 de xullo, prevé dar a volta ao mundo por 40 países en dous anos facendo un total duns 60.000 quilómetros e ademais convertila nun proxecto divulgativo.

Tras reparar o seu navío continuarán a súa aventura cara Vigo e Lisboa, para así cruzar o Atlántico.

a elección de...



Manuel Casal
Adestrador e pai do Club Rugby Asterix de Viveiro

un libro




El Juego de Ender de Orson Scott Cars

un disco




Born to run de Springsteen

unha película



Cartas desde Iwo Jima

un personaxe histórico



Muhammad Ali

un lugar para visitar



Granada

unha afección



A fotografía

unha comida



A tortilla, a boa sen cebolla

unha bebida



Con sede auga e por vicio Coca Cola

Consulta os eventos en:
www.amariñaxa.com

MAESTRO IMAN
VIDENTE AFRICANO
ALTA EXPERIENCIA
Puede resolver todo tipo de problemas. Especialista de vida Amorosa, Recuperación de pareja, Impotencia Sexual, Familiares, Mal de Ojo, Hechizos...
SU TRABAJO ES SERIO 100% Garantizado y Rápido
651 44 11 86

DESCUBRINDO O PATRIMONIO

O Carneiro Alado de Ribadeo



Miriam Fernández

O coñecido como Carneiro Alado de Ribadeo é unha fermosa peza atesourada no Museo Provincial de Lugo, pertencente á colección de ourivería prerromana que a Deputación Provincial de Lugo adquiriu en propiedade entre o 2015 e 2018 ós herdeiros do filántropo Alvaro Gil, quen depositara esta magnífica escolma de pezas no museo Lucense xa nos anos 70 do século pasado. Este tesouro ourive conta cun total de 56 pezas destinadas principalmente ó “atrezo persoal”, tales coma torques, arracadas, brazaletes, diademas, fibelas, enganches de cinto e pequenas xoias (datación posterior), etc. Cronoloxicamente o conxunto sitúase nun marco temporal que abrangue dende o III milenio a.C e o século VI despois de Cristo e foi declarado Ben de Interese Cultural (BIC) en 2015.

En canto ó Carneiro Alado, existen diferentes incógnitas e teorías a cerca da súa orixe e natureza exactas, cuestión que motivarían a diferentes estudosos dende a súa presentación no Coloquio Internacional do Bimilenario de Lugo en 1977. Segundo o Boletín da Comisión de Monumentos de Lugo de 1976, o carneiro chegaría ó Museo de Lugo xunto con outras dúas pezas da colección de Álvaro Gil,



Arriba, o Carneiro Alado e pezas de ourive



descuberto durante as tarefas de dragado da Ría de Ribadeo no 1945 e posteriormente adquirido por Gil nunha poxa en Madrid. A finais dos 70, Felipe Arias rastrexaría estes traballos de dragado co obxectivo de recadar máis datos, pero as autoridades informarían da falta de novas sobre estas actuacións, pondo en dúbida o contexto arqueolóxico da peza (non obstante si que hai referencias fiables da aparición de tres diademas e unha medalla na canle).

O carneiro presenta unhas dimensións de 6,5 x 6,4 x 2 cm e un peso aproximado de uns 50 gr. Non é unha unha peza maciza, pois está formada por láminas de ouro repuxadas e soldadas posteriormente sobre o corpo, cunha cuidada e abundante decoración caracterizada polas filigranas e granulados que

Beca de la Fundación Alvaro Gil
Foto de Arto Arellano, 1992Lente e pólvaro de ouro (Irán - c. XII) del E.A. Memorial
Dest. Ao Museo Arto de Jeronimo. Foto de Homan 1987

o cobre case na súa totalidade. Ademais das escamas de fíos retorcidos que tentan representar o pelo ou la do animal, no peito e na parte superior das patas dianteiras representáanse flores de seis pétalos, nas patas traseiras a imaxe dun cuadrúpede con

cornos e, no abdome, unha ave coas ás estendidas. A cabeza do animal está levemente elevada, con cornos tipo Amón e a boca aberta en posición de berrea, repetindo a decoración de filigrana e granulado transmitida tamén nas esveltas ás. O rabo mostra unha decoración de lámina lisa de ouro con glóbulos sobre roeles.

En canto ó marco histórico-artístico existe unha primeira catalogación que o identifica como unha peza que emprega técnicas “orientalizantes” de orixe fenicio, grego ou tartésico (s. VII VI) que chegaría a Galicia por medio do comercio. Non obstante, posteriores hipóteses moverían o marco cronolóxico do carneiro ós séculos XI- XII e con orixe oriental Selyucida, tal e como mostran outras pezas moi semellante e actualmente

conservadas en Suíza (Íbex, galo e pavo real), Canadá (cabra), Baltimore (paxaro) ou Minneapolis.

As funcións desta peza tampouco son claras, pode ser que se traten dun obxecto decorativo ou votivo, e hai quen apunta que en base á iconografía podería referirse á imaxe mitolóxica do carneiro *Crisomalo*, que se convertería no “vellocino de ouro” de Jasón e os Argonautas, ou á representación en épocas posteriores dun tipo de deidades protectoras aladas da cultura Iraní. Sexa como sexa, o que temos claro e que estamos ante unha obra ourive de altísima calidade que da mostra da habilidade dos artesáns do ouro dende épocas temperás e da transmisión de produtos e coñecementos nun mundo máis conectado do que en principio cremos.



CALIDAD CON TRIPLE PUNTADA

acolchados + telas robustas = ropa hecha para durar

www.establecimientosrey.es